PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

ACADEMIA
GALEGA DO
AUDIOVISUAL

ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

EDITA:
Academia Galega do Audiovisual
Praza Pintor Sotomayor nº 1, 2º
15001 A Coruña
Tel: 981 227 701 / 981 208 393

VOGAIS DE COMUNICACIÓN
Xosé Pereira e Daniel D. García

COORDINACIÓN EDITORIAL
Ana M. López e Marisela Lens

PRODUCIÓN / DIRECCIÓN DE ARTE E MAQUETACIÓN
Rubine Red Co.

ISBN: 84-695-8515-0
Depósito legal: C 1630-2013

Os autores dos artigos desta publicación expresan libremente os seus puntos de vista, que non son necesariamente compartidos polo conxunto da Academia. Esta acolle no seu seo unha pluralidade de opinións.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL



Antonio Mourelos
Presidente da Academia Galega do Audiovisual


Introdución

Máis alá das frases feitas, nesta xunta directiva sabiamos que os tempos eran malos e que, dificilmente, todo ía ser susceptible de mellorar. Aínda así, sentímonos especialmente satisfeitos de todas e cada una das actividades que puidemos realizar ao longo destes últimos anos. Todas elas grazas ao tremendo esforzo, colaboración e axuda de moitas persoas, de moitos organismos. Conseguímolo a forza de insistir, de dialogar, de pelexar unha e outra vez facendo uso dos mellores argumentos que temos. Facendo ver con paixón, pero tamén con datos a importancia do noso sector.

Non estamos cansos pero cada ano, faise máis e máis difícil sacar adiante os nosos premios Mestre Mateo, ou poder organizar a nosa Academia Aberta, incluso encher de bos contidos o noso Anuario tamén leva o seu traballo. Afortunadamente, cada ano, tamén contamos con maior participación e colaboración para que as galas sigan sendo o espectáculo que, con crise ou sen crise, sempre foi. A asistencia e participación nas Masterclass da Academia Aberta indícannos que estamos no bo camiño. Con todo seguimos necesitando, e non sabedes ata que punto, seguir incrementando o número de académicos. Dito isto, tamén é o momento de agradecer, e de maneira moi especial, a todos aqueles compañeiros e compañeiras que, con moito sacrificio, continúan con nós.

Virán tempos mellores, estou convencido, pero de non ser así, o audiovisual galego nunca deixará de existir mentres existan técnicos, actores, actrices, guionistas, músicos, directores, directoras, en definitiva, creadores... e algún que outro produtor ou produtora que ame o seu traballo. Respecto ao audiovisual en Galicia...desgraciadamente, ese é un tema que, cada vez, está menos nas mans dos que o queremos, e queremos facer con criterios de calidade e profesionalidade.

"Seguimos necesitando novos académicos, pero non queremos deixar de agradecer a todos aqueles compañeiros e compañeiras que, con moito sacrificio, continúan con nós"



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

FORO ACADEMIA ABERTA 2012: "A expresión plástica no cine"



De esq. a der. Antonio Mourelos, Curru Garabal e Félix Murcia

A X edición do Foro Academia Aberta continuou coa liña de formación iniciada no 2011, adicándoo nesta ocasión a outra rama do audiovisual: a producción de arte. Así, os días 25 e 26 de outubro invitouse ao director artístico gañador de 5 premios Goya e o Premio Nacional de Cinematografía Félix Murcia, á Aula Magna da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña.

A masterclass, baixo o título "A expresión plástica no cine", estivo coordinado polo membro da xunta directiva da Academia Curru Garabal.

No acto de presentación interviron Antonio Mourelos, presidente da Academia, a vogal Curru Garabal; o decano da Facultade de Ciencias da Comunicación da UDC, José Juan Videla Rodríguez; e o director artístico Félix Murcia.

O FAA 2012 contou coa colaboración da Deputación da Coruña, o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña – Facultade de Ciencias da Comunicación.

O programa que presentou Félix Murcia para o Foro foi abordado en dúas masterclasses de catro horas de duración.

Trala presentación da X edición do Foro Academia Aberta, Félix Murcia comenzou falando do departamento de dirección artística e as relacións con outros departamentos, para continuar explicando os criterios plásticos e o aspecto visual das películas e mergullou aos asistentes no deseño, a construcción e a ambientación dos espazos que percorren os protagonistas nos filmes, onde a realidade e a ficción únense cun só fin: contar unha historia.

Félix Murcia recorreu a numerosos exemplos de filmes para axudarse na súa exposición así como para mostrar aos asistentes cómo todo o que está detrás dun decorado ou unha ambientación nun filme. Murcia falou dende a súa propia experiencia compartindo a súa forma de traballar e abordar os proxectos, así como achegando as súas propias anécdotas e mostrando tanto aspectos teóricos como prácticos. Así, estas dúas sesións con Félix Murcia transcorreron nun ambiente enxeñoso e entretido.





PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

XI PREMIOS MESTRE MATEO





A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

XI PREMIOS MESTRE MATEO



Crónica dos Premios

Presentación

Este 2013 trouxo unha vez máis moitas satisfaccións e un éxito de convocatoria na undécima edición Premios do Audiovisual Galego "Mestre Mateo". Un ano máis celebramos e recoñecemos o traballo de tódolos membros do noso sector. Actores, produtores, guionistas, directores, técnicos... que forman parte desta industria.

Os Mestre Mateo supoñen unha serie de actividades que teñen como evento culminante a gala máis importante do audiovisual galego retransmitida por televisión e en horario de máxima audiencia.

O carácter de punto de encontro está na esencia dos Premios. Neles danse cita, sobre todo, os que fan o audiovisual galego e o seu público, ben a través da gala, ben pola súa repercusión nos medios de comunicación.

Así, unha vez máis as actividades da Academia vinculadas aos Premios Mestre Mateo axudaron a fortalecer e coñecer o audiovisual galego no máis amplo sentido, contribuíndo a que a sociedade, o noso público, coñeza a labor que os nosos profesionais e creadores levan a cabo e que nos últimos anos nos reportaron numerosas satisfaccións.



O proceso de selección

O pasado mes de novembro de 2012 a Academia Galega do Audiovisual inaugurou unha nova edición dos Premios do Audiovisual Galego "Mestre Mateo" abrindo o prazo de recepción de candidaturas, que duraría ata finais do mesmo mes.

Tras o prazo de recepción de obras para participar nos Premios, nesta ocasión a Academia Galega do Audiovisual decidiu que serían tres membros da propia directiva quen revisarían os proxectos presentados en cada categoría co fin de verificar que cumprían os requisitos especificados nas bases dos premios.

O 12 de decembro do 2012 publicáronse as 120 candidaturas aceptadas das 121 produtoras participantes. Un amplo abano de profesionais, un total de 421, e proxectos de excelente calidade que aspiraron a ser seleccionados para competir por unha ou varias estatuíñas nos XI Premios Mestre Mateo.

Tras unha primeira rolda de votacións que finalizou o 30 de xaneiro, o 15 de febreiro no Salón Teatro de Compostela celebrouse a lectura no que se fixeron públicos os finalistas. Antonio Mourelos (Presidente da Academia), Luís Tosar (actor e Vicepresidente 2º da Academia) e Camila Bossa (actriz e socia da Academia), deron a coñecer o veredicto dos académicos nun novidoso acto co que se logrou darlle unha maior relevancia ao feito de conseguir ser finalista nos premios da Academia. Un cuantioso número de académicos e posibles nomeados asistiron ao Salón Teatro co que conseguimos facer un acto máis atractivo.

Neste acto tamén se anunciou que a Gala tería lugar no Palacio da Ópera (A Coruña), o sábado 6 de abril, ás 22:00.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios



De esq a der: Antonio Mourelos, Camila Bossa e Luís Tosar



De esq a der: Luís Tosar e Camila Bossa



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios

NOMINACIÓNS

○ **MELLOR LONGAMETRAXE**
O Apóstolo de Artefacto Producciones, Film Arante, Rosp Coruña e TVG
Invasor de Vaca Films, Morena Films e TVG
Lobos de Arga de Telespan, Vaca Films e TVG
Vilamor de Via Láctea Filmes coa participación de TVG

○ **MELLOR DOCUMENTAL**
100% CEF de Arraianos, A Sombra Producións e TVG
Avión, el pueblo ausente de Filmanova, 14pies Audiovisual e TVE
Fraga y Fidel, sin embargo de Bambú Producciones e TVG
A muller do eternauta de Frida Films coa participación de TVG

○ **MELLOR SERIE**
Os Bolechas de Ediciones Bolanda e TVG
Era Visto! de Producións Zopilote para TVG
Matalobos de Voz Audiovisual e TVG
Padre Casares de Voz Audiovisual e TVG

○ **MELLOR SERIE WEB**
Angélica y Roberta (Vol. II) de Sonia & Sandra e La Panificadora
Entre Pipas de Jorge Cassinello Sansegundo
Joke Business de Israel Nava e Déborah Vukusic
Te quiero, pero de Ángel Seoane, Sabela Pillado, Tati Garcia, Carlos Gulias (Pronettia)

○ **MELLOR CURTAMETRAXE**
Anacos de Xacio Baño
Conversa cunha muller morta de Sonia Méndez
Mr. Smith and Mrs. Wesson de Producciones de fin de semana e Aira Studio
As vacacións do verdugo de Sonia e Miriam Albert Sobrino

○ **MELLOR PROGRAMA DE TELEVISIÓN**
Galegos no Mundo de Portocabo e TVG
Reporteiros de TVG
Tourilandia de CTV e TVG
Zigzag de TVG

○ **MELLOR ANUNCIO PUBLICITARIO**
Galicia no corazón de Congo Producciones
Sairemos como galegos! de Congo Producciones
Spot Mondariz de Lúa Films
O viño que sabe a festa, Festa do Albariño de Juan Galiñanes e Eve Martínez

○ **MELLOR CURTAMETRAXE ANIMACIÓN**
Equilibrium de Algarabía Animación
Morti de Moonbite Games e Continental Producciones
Only You de Universidade das Illas Baleares
O Xigante de Abano Producións e Pilot Design

○ **MELLOR VIDEOCLIP**
Gente Pota videoclip de Caxade de Alonso Caxade
Fendendo hachas videoclip de Talabarte de Control Z
Un Piatto videoclip de Banda Crebinsky de Control Z
Shame on us videoclip de Holywater, de Hachedé Visual e CTV

○ **MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA PROTAGONISTA**
Antonio Durán "Morris" por Padre Casares
Luís Iglesia por Matalobos
Federico Pérez por Era Visto!
Luís Tosar por Operación E

○ **MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA PROTAGONISTA**
Sabela Arán por Vilamor
Celia Freijeiro por Todo é silencio
Isabel Naveira por Matalobos
Blanca Portillo por Concepción Arenal, a visitadora de cárceres

○ **MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA DE REPARTO**
Antonio de la Torre por Invasor
Karra Elejalde por Invasor
Tacho González por Padre Casares
Luís Zahera por Todo é silencio

○ **MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA DE REPARTO**
Inma Cuesta por Invasor
Sonia Méndez por O sexo dos anxos
Mabel Rivera por Concepción Arenal, a visitadora de cárceres
Mara Sánchez por Libro de familia

MELLOR COMUNICADOR/A DE TV
○ **Ana Pérez** por Telexornal Fin de semana
María Solar por Zig-zag
Fernanda Tabarés por Via V
Xosé A. Touriñán por Tourilandia

MELLOR DIRECCIÓN
○ **Daniel Calparsoro** por Invasor
Fernando Cortizo por O Apóstolo
Pela del Álamo por N-VI
Xavier Villaverde por O sexo dos anxos

MELLOR DIRECCIÓN DE ARTE
○ **Juan Pedro de Gaspar** por Invasor
Curru Garabal por Vilamor
María Hernánz por O Apóstolo

Antonio Pereira e Ángel Amaro por Matalobos

○ **MELLOR GUIÓN**
Fernando Cortizo por O Apóstolo
Javier Gullón e Jorge Arenillas por Invasor
Alberto Guntín, Daniel D. García, Benigno López, Cheché Carmona, Roberto G. Méndez e Alba Varela por Matalobos
Manuel Rivas por Todo é silencio

○ **MELLOR MONTAXE**
Fernando Alfonsín por O Apóstolo
Antonio Frutos e David Pinillos por Invasor
Guillermo Represa por Vilamor
Nacho Ruiz Capillas por Lobos de Arga

○ **MELLOR REALIZACIÓN**
Mónica Ares e Toño López por Galegos no mundo
José María Fernández Vilas "Chema" por Tourilandia
Raúl García e Gerardo Rodríguez por Casamos! A historia de amor de...
Xavier Jácome por Lendas Vivas

○ **MELLOR MÚSICA ORIXINAL**
Xavier Font, Arturo Vaquero e Philip Glass por O Apóstolo
Zeltia Montes por Vilamor
Sergio Moure por Todo é silencio
Piti Sanz por Era visto!

○ **MELLOR DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA**
Alberto Díaz "Bertitxi" por Vilamor
Jacobo Martínez por Imperium
David Nardi por O Apóstolo
Xosé Manuel Neira por Matalobos

○ **MELLOR VESTIARIO**
Valentín Duranthon por O Apóstolo
María Fandiño e Mar Fraga por Vilamor
María Gil e Sonia Segura por Concepción Arenal, a visitadora de cárceres
Saturna por Matalobos

○ **MELLOR SON**
Sergio Bürmann, James Muñoz e Nicolás de Poulpiquet por Invasor
Alfonso Couceiro, Santi Jul e Iván Laxe por Matalobos
David Machado, Diego S. Staub e Miguel Barbosa por O Apóstolo
Xavier Souto e Diego S. Staub por Dous Fragmentos / Eva

○ **MELLOR MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA**
Raquel Fidalgo e Fermín Galán por Lobos de Arga
Raquel Fidalgo e Paco Rodríguez por Invasor
Almudena Fonseca por Todo é silencio
Yolanda Piña por Concepción Arenal, a visitadora de cárceres

○ **MELLOR DIRECCIÓN DE PRODUCIÓN**
Carlos Amoedo por O sexo dos anxos
Jordi Berenguer por Invasor
Laura Cuevas e Toni Carrizosa por Concepción Arenal, a visitadora de cárceres
Marta García por O Apóstolo



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios

Acto de nomeados

Neste 2013 por primeira vez dende a Academia quixemos ir un paso máis aló, buscando que tanto os premios en si coma os seus nomeados acadasen unha maior importancia e protagonismo, tamén de cara aos medios de comunicación.

O 15 de marzo, os candidatos a facerse cun Mestre Mateo achegáronse ao Pazo Municipal da Coruña, cidade anfitrioa da gala deste ano, para o encontro destinado a celebrar a súa nomeación nas distintas categorías dos premios do audiovisual galego e realizar unha fotografía de familia con todos os candidatos.

O Presidente da Academia, Antonio Mourelos, xunto co Alcalde da Coruña, Carlos Negreira, e o Presidente da Deputación, Diego Calvo, deron a benvida e saudaron aos nomeados e nomeadas nesta edición dos Mestre Mateo e ofreceron unhas palabras a modo de felicitación aos máis de 70 asistentes.

Así mesmo, tamén nos acompañaron representantes das corporacións que este ano apoiaron e colaboraron cos premios coma Jacobo Sutil, Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC); Mariel Padín, Vicepresidenta 1ª da Deputación de A Coruña; Ana Fernández, Concelleira de Cultura de A Coruña; así como representantes das distintas entidades que este ano colaboraron cos premios: AISGE, SGAE E GADIS.





De esq a der: Isabel Blanco, representante de AISGE en Galicia; Miguel Lorenzo, avogado da Academia; Mariel Padín, Vicepresidenta 2ª da Deputación de A Coruña, Jacobo Sutil, Director da AGADIC; Antonio Mourelos, Presidente da Academia; Carlos Negreira, Alcalde de A Coruña; Diego Calvo, Presidente da Deputación de A Coruña; Ana Fernández, Concelleira de Cultura de A Coruña; e Ana Lago, representante de GADISA

Grabación vídeos Gala XIPMM

Especialistas, tiros e moitas sorpresas... Dende o 2 ao 6 de marzo tivo lugar a gravación das pezas que se emitiron durante a gala dos Premios Mestre Mateo nas que se mesturaron xéneros como a acción, o suspense e mesmo o terror, sen afastarse en ningún momento do prisma da comedia.

Para a rodaxe contouse co esforzo dun grande equipo de profesionais que conseguiron homenaxear o cinema e a televisión do noso país para ofrecer aos invitados da gala un produto de calidade no que se quixo ver a Galicia dende un punto de vista diferente.

Fotografías tomadas durante a rodaxe en Finsa

Imaxes da rodaxe no Centro Comercial As Cancelas (Santiago)









PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios





Rodaxe no barrio de San Lázaro (Santiago)

Fotos da rodaxe no Palacio da Ópera de A Coruña

Imaxes da rodaxe na urbanización Porto Avieira (Sigüeiro)

Foron moitas as paradas realizadas para a gravación da invasión dos zombis: Finsa, o gran serradoiro situado á beira de Santiago; o Centro Comercial As Cancelas; varias rúas da vila de Sigüeiro; o propio Palacio da Ópera; e mesmo unha finca dun veciño do barrio compostelán de San Lázaro.

Nos vídeos tivemos a ocasión de que participasen grandes actores e profesionais da talla de Ricardo de Barreiro, Covadonga Berdiñas, Luís Tosar, Federico Pérez, Marcos Pereiro, Alba Lago, Camila Bossa, Alberto Rolán, Toni Salgado, Rocío González e moitos outros. Así mesmo, asistiron numerosos colaboradores e convidados especiais, algúns deles chegados desde moi lonxe especialmente para a ocasión...





PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios


E chegou o día!
XI Gala dos Premios Mestre Mateo

Tras meses de preparativos e ensaios, ás 22:00 do 6 de abril do 2013 da comezo a XI edición dos Premios Mestre Mateo. Aproximadamente unhas 1.400 persoas asistiron a un espectáculo repleto de premios, humor, números musicais e zombis que se prolongou ata as 00:40.

A Televisión de Galicia retransmitiu a gala a partires das 22:30 horas, conseguindo picos de máis do 10% de cota de pantalla.

Un centenar de caras coñecidas, actores, actrices, produtores, demais profesionais do sector, institucións e empresas déronse cita nun día tan especial para o audiovisual.

A gala, dirixida por Dani de la Torre e guionizada polo propio de la Torre xunto con Aracelli Gonda, case conducida polo actor Ricardo de Barreiro e presentada pola coñecida actriz Cristina Castaño non defraudou. Desde a acción, o suspense e especialmente a comedia, teceron unha gala que deparou sorpresas de principio a fin.





De esq a der:
Marga Pazos e
Alfonso Hermida



De esq a der:
Luís Zahera e
Miryam Gallego



De esq a der:
Lucía Regueiro,
Mara Sánchez e
Mayka Braña

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios



Marta Larralde



De esq a der: Rubén Riós e Antonio Mourelos



De esq a der: María Solar, Xosé A. Touriñán e Ana Pérez



De esq a der: Déborah Vukusic, Isabel Blanco, Yolanda Castaño, Sergio Pazos, Alba Messa e Marta Larralde

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios



De esq a der:
Mara Sánchez e
Nieves Rodríguez



De esq a der:
Pepo Suevos e
Ledicia Sola



Celia Freijeiro



De esq a der: Eva Fernández,
Xosé Lois Bernal "Farruco",
Isabel Risco e Nuncy Valcárcel



De esq a der:
Belén Constenla e
Tacho González

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios



De esq a der: María Solar e Monti Castiñeiras



De esq a der: Fernando González, Goldi, Susana Dans, Tacho González e Iolanda Muíños



De esq a der: Antonio Mourelos, Rosa Castro e unha amiga e Xosé Pereira



De esq a der: Terio Carrera e Ana Pérez

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios



De esq a der: Diego S. Staub. Antonio Mourelos e Miguel Barbosa



De esq a der: Jorge Coira, Antonio Durán "Morris" e Antonio Mourelos



De esq a der: Manolo Rivas e Antonio Mourelos



De esq a der: Jorge Mira, Araceli Gonda, Chelo Loureiro e Jorge Coira



De esq a der: Uxía Blanco e Antonio Mourelos


PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS





Crónica dos Premios



De esq a der: Anxo Lorenzo, Rafa Cabrera, Emma Lustres, Jacobo Sutil, Antonio Mourelos, Rosa Vilas, Xesús Vázquez, Diego Calvo e José Manuel Rey Varela

O ESPECTÁCULO

Co escenario baleiro e iluminado pola pantalla que este ano vestía o escenario, comeza a verse o primeiro vídeo da gala que nos introducirá nesta XI gala dos Mestre Mateo. De súpeto, entra correndo Ricardo de Barreiro que nos conta o que sucede: Galicia está invadida por zombis e só quedan vivos os asistentes á gala, el mesmo foi mordido. Ante este panorama, decide pedir axuda a Cristina Castaño que se atopaba entre o público, á que non lle queda máis remedio que disparar a Ricardo para evitar que contaxie aos asistentes, converténdose na verdadeira mestra de cerimonias da gala da XI Edición dos Premios Mestre Mateo.

Tras este arranque dáse paso á entrega de premios no que puidemos ver numerosos *sketches* tanto en directo como gravados.

Case no ecuador da gala o actor Fede Pérez vólvenos sorprender atrapado no lavabo. Rodeado de zombis e desesperado, chama a Cristina para que vaian na súa procura xa que está nomeado e achégase o momento de coñecer o gañador.

Máis tarde, ante a desesperación de Cristina pola situación que se está a vivir na gala, o actor Xaquín Domínguez sae do seu asento para consolala e comeza o número musical da noite, "Hoxe Non", unha adaptación da canción "One day more" do filme *Os Miserables*. Pero os actores non estarán sós. Do patio de butacas e de detrás do escenario emerxeran ata sete voces solistas así como cincuenta voces de "O Coro da Ra", que unindose a Cristina e a Xaquín ofreceron aos presentes un impresionante número musical cargado de optimismo no que animaron ao sector a seguir adiante e loitar pola nosa profesión.





A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios

A seguinte sorpresa da gala foi a aparición da tola Isabel Risco durante a entrega dun bloque de premios, que mata "accidentalmente" a Eva Fernández e leva ao zombi Monti Castiñeiras para a súa casa "porque váleme morto ata de 15 días".

Todo isto, mesturado cos monólogos de Cristina Castaño, e os 26 premios entregados durante a noite a profesionais do sector, fixeron da gala deste ano todo un espectáculo que fixo esquecer durante algo máis de dúas horas e media os momentos aciagos que está a atravesar o sector.

A entrega de premios transcorreu coa participación de diferentes artistas convidados.





Os actores Nieves Rodríguez e Xosé Lois Bernal "Farruco" entregaron os premios á mellor interpretación feminina de reparto e á mellor maquillaxe e perruquería.



O músico Nani García e a actriz Nuncy Valcárcel concederon os premios á mellor música orixinal e ao mellor anuncio publicitario.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios



Os presentadores Raquel Atanes e Terio Carrera entregaron os Premios Mestre Mateo á mellor realización e ao mellor programa de televisión.



Ledicia Sola e Pepo Suevos foron os encargados da entrega dos premios á mellor dirección de produción é a mellor interpretación masculina de reparto.



A presentadora Marga Pazos e a actriz Marta Larralde entregaron os Mestre Mateo ao mellor vestiario e á mellor serie web.



Os Mestre Mateo á mellor curtametraxe e á mellor curtametraxe de animación foron concedidos por Sonia López e o actor Rubén Riós.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios



A directora Sandra Sánchez e a actriz Lucía Regueiro outorgaron os premios ao mellor documental e ao mellor videoclip.



Os actores Karra Elejalde e Belén Constenla entregaron os Premios Mestre ao mellor son e á mellor serie de televisión.



O Presidente da Academia Galega do Audiovisual, Antonio Mourelos, leu un breve discurso onde reivindicou o apoio para que o sector siga a contribuír á imaxe de país no mundo e á creación de emprego e de riqueza.



Tras as verbas do Presidente, os nenos do audiovisual Santi Romay, Tamara Canosa, Adrián Viador, Axel Fernández, Braulio Veiga, Manuel Lozano, Darío Loureiro, Alejandro Neira, Mariña Sampedro e Ansur López entregáronlle o Premio de Honra "Fernando Rey" ao Xabarín cunhas emotivas palabras.

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios



A parella formada pola guionista Rosa Castro e o presentador Alfonso Hermida fixo entrega dos premios á mellor montaxe e ao mellor guión.



Os actores Monti Castiñeiras e Eva Fernández entregaron as estatuíñas aos gañadores nas categorías de mellor dirección de arte e mellor comunidador/a de televisión.



Miryam Gallego, acompañada polo tamén actor Sergio Pazos, entregaron os galardóns de mellor dirección de fotografía e mellor interpretación masculina protagonista.



A actriz e delegada da Fundación AISGE en Galicia, Isabel Blanco, xunto co presentador Xosé A. Touriñán entregaron os premios á mellor interpretación feminina protagonista e á mellor dirección.

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios



Finalmente, a actriz Mabel Rivera concedeu o derradeiro premio da noite: mellor longametraxe.

O fin da Gala foi unha celebración, enriba do escenario e fóra.

O noso mais profundo agradecemento a tódolos entregadores que nos acompañaron nesta Gala e por suposto a todo equipo técnico e artístico que fixo posible que este espectáculo saíra adiante.

Parabéns a tódolos premiados.



Premio de honra Fernando Rey



Nesta XI edición dos Premios Mestre Mateo, a Xunta Directiva da Academia Galega do Audiovisual decidiu outorgar o Premio de Honra Fernando Rey ao Xabarín Club.

Espazo pioneiro no concepto e que sería posteriormente imitado pola maioría de canles a nivel estatal con diferentes clubes destinados aos cativos. O *Xabarín* conseguiu espallar a lingua galega polos fogares da nosa comunidade a través da televisión dunha forma exponencial e da man dos máis cativos; dando nome a toda unha xeración: *A xeración do Xabarín*. Foi plataforma de base desde o principio para actores, actores de dobraxe e incluso músicos. A banda sonora do Xabarín está composta polos grupos máis relevantes do panorama musical galego das últimas dúas décadas, e en torno a el naceu o son *bravú*. O *Xabarín* chegou a contar máis de cen mil nenos afiliados nos primeiros anos deste século -a cuarta parte dos cativos galegos do momento- e incluso 800 na provincia de León. Hoxe en día segue vixente o modelo orixinal, adaptándose con éxito ás novas canles de comunicación, pero mantendo a súa esencia.

A Academia recoñece o esforzo, a valentía e visión de futuro que caracterizaron o proxecto do *Xabarín* desde un primeiro intre, así como o seu éxito posterior que supuxo, por exemplo, a dobraxe de debuxos animados ao galego, enriquecendo o noso vocabulario con novas expresións e levando aos espectadores a unha conclusión maioritaria: "en galego, soa moito mellor". Por estes e máis motivos a Academia quere premiar o traballo dos profesionais do que xa é un referente da historia audiovisual de Galicia agora que está a piques de cumprir 20 anos de emisión concedendo o premio de Honra deste ano ao *Xabarín Club.*

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Crónica dos Premios

Patrocinadores e Colaboradores

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dani de la Torre

Director e guionista dos XI Premios Mestre Mateo

O zombi que levamos dentro

A idea dos zombis xa me levaba rondando pola cabeza para outros proxectos desde hai tempo.

Cando da Dirección da Academia me propuxeron a dirección da Gala, dinlle moitas voltas e caín en que o xénero zombi foi moi poucas veces abordado polo noso audiovisual.

Entón lembreime daquela marabillosa serie británica "Dead Set" e pensei: "E se os zombis invaden Galicia e so quedaran vivos os asistentes a Gala dos Mestre Mateo? Podería ser moi divertido!".

Tras propoñerllo á Dirección da Academia e ver que non me despedían, senón que lle gustaba moito o concepto, conteillo a Araceli Gonda, a guionista, e lonxe de borrar o meu número de teléfono acompañoume co seu talento nesta emocionante aventura.

O reto estaba en facer unha Gala chea de humor, que fose moi entretida e crear un clima de unión entre os asistentes á Gala e o público da TVG. Esquecernos unhas horas da crise e da situación tan complicada que vivimos e rirnos de paso un pouco de nos mesmos.

Así con grande esforzo por parte da Academia e de moitos colaboradores puidemos facer realidade os nosos propósitos de infestar o audiovisual galego de zombis.

Foron xornadas moi divertidas, tanto de versións de guións coma de rodaxe, traballamos moi duro todos para lograr que os *sketches* estiveran a altura que a festa do audiovisual merecía.

E chegou o día; un directo de tres horas sempre impón, pero cando sabes que dependes do talento de Cristina Castaño, Ricardo de Barreiro, Covadonga Berdiñas e demais colaboradores tanto técnicos coma artísticos de tanto nivel, estás moito máis tranquilo. O espectáculo estaba asegurado.

Foi un pracer para min poder facela, poder traballar con liberdade, con xente que admiro moito.

Sempre é un privilexio traballar para facer un día especial para moitas compañeiras e compañeiros que esa noite recollían o recoñecemento merecido froito de moito traballo.

E quen sabe, o mellor pronto veremos unha serie ou *peli* de zombis galaica...porque en Galicia, se miras ben, zombis hai uns cantos...



A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Araceli Gonda

Guionista dos XI Premios Mestre Mateo

Como encaixar unha canción do musical "Les Misérables" nunha gala de zombis

O primeiro que pensei cando Dani de la Torre me propuxo facer con el o guión da gala dos Mestre Mateo foi: "buah, neno, que marrón tan afagador". Se te paras a pensar un momento en todo o que supón unha oferta coma esa, axiña ves que a sensación de agradecemento unicamente se ve superada pola de pánico. Pero sendo prácticos –e tamén algo egoístas desde o punto de vista profesional– é unha carta en branco para facer todo o que sempre quixeches e nunca te atreviches a propoñer, basicamente por medo a que te mirasen como se aínda levases posta a camisa de forza.

Por iso, non me sorprendeu que Dani dixera que lle gustaría facer unha gala con zombis, aínda que o primeiro que pensei cando o escoitei foi: "buah, neno, non nos van deixar". Pero os camiños do audiovisual galego son inescrutables, así que, cando felizmente vin que si nos deixaban, o primeiro que pensei foi "buah, neno, se nos Mestre Mateo hai zombis... por Victor Hugo que tamén pode haber unha canción dos Miserables!". Cada quen ten as súas manías ou, por dicilo dun xeito máis gráfico, cada quen é *friki* á súa maneira. E eu recoñezo a miña fixación por este musical desde que o descubrín, algo que, debo admitir con certo pesar, tampouco pasou hai tanto. Así que aí estaba eu: decidida a incrustar un anaco dunha obra inspirada na sociedade francesa do século dezanove no medio dun espectáculo baseado nunha hecatombe zombi.

O caso é que a min parecíame un bo plan. Pero se algo nos ensina a experiencia é que a idea que teñas non importa tanto como a capacidade que demostres en facer que ós demais lles pareza tan boa como a ti. E como ía facer eu para colarlle esta aparente loucura a alguén tan sensato como Dani de la Torre? (*Bueno*... tan sensato como para propoñer unha gala de zombis, pero sensato, a fin de contas). Non me deixei levar polo desalento: se os de "The Fast and The Furious" puideron convencer a un produtor (seis veces), por que non ía conseguilo eu co bo de Dani?

O primeiro era buscar un razoamento aceptable. O concepto da gala viña ser que, xusto antes de comezar os Mestre Mateo, un andazo de orixe descoñecida fai que a maioría da poboación galega se volva zombi. Os asistentes ós premios permanecen a salvo de momento, pero o auditorio está rodeado por mortos viventes que ameazan con comelos. Ante a incerteza do futuro máis inmediato para a xente do audiovisual alí pechada, a mellor opción para gañarlle a partida ós seres sen cerebro é permanecer unidos e pelexar todos xuntos. Aí estaba o tema para adaptar a letra.

A elección da canción foi aínda máis sinxela: "One day more". Por que? *Bueno*... porque é a canción que máis se pode identificar coa cultura galega, xa que funciona como unha sorte de encaixe de Camariñas, onde van confluíndo e entrelazándose

"Nos ensaios de "One day more" descubrín un novo concepto de felicidade: a da forza que te incrusta na parede cando un grupo xeitoso de xente lle mete potencia a unha canción a dous metros escasos de ti"

>

de maneira máxica as distintas tramas da obra... que non, ho, que isto é unha *conachada* que acabo de inventar para ver se estades atentos. De feito, se mentres o estabades lendo empezastes a sentir un desacougo crecente, que saibades que vos agradezo de corazón a vosa preocupación pola miña saúde mental. En realidade esta é a canción que máis me *flipa* do musical. E xa.

Así que busquei en *Youtube* a interpretación máis potente que coñezo da canción orixinal e



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Como encaixar unha canción do musical "Les Misérables" nunha gala de zombis

Araceli Gonda

envieille a ligazón a Dani xunto cunha primeira versión da letra adaptada, para dicirlle, máis ou menos: sería isto... pero con esta letra. (Se tedes curiosidade, aquí podedes ver a parte final da peza elixida *http://www.youtube.com/watch?v=M78k8fqnxY4)* Daquela aínda non sabía eu que Dani tiña un corazonciño lírico que latexa a golpe de aria –que volo explique el un día que lle apeteza–, así que, só con aquilo, creo que xa estaba convencido. Como dixo Virxilio, a sorte favorece ós audaces (chámalle sorte, chámalle *chiripa*... chámalles audaces, chámalles insensatos), e o caso é que, ademais, naquel momento estaba a piques de estrearse a adaptación cinematográfica do musical, co que a popularidade da obra e, polo tanto, da canción, levaba trazas de medrar.

Dani votou a favor. A produción executiva da Academia –con algún fan dos Miserables metido polo medio– tamén dixo que si. Así que agora só había que conseguir a colaboración de nove actores/actrices que cantasen coma os anxos, un coro moi potente e un director musical para dominarnos a todos. Como unha viaxe de *hobbits* cara ó monte do destino, pero sen orcos (ehem... *bueno*... si, sen orcos).

Manu Riveiro encargouse da música, e pouco a pouco, fóronse sumando Cristina Castaño –que tamén sería a presentadora da gala–, Xaquín Domínguez, Fernando González, Alba Messa, Mos, Goldi, Iolanda Muíños, Susana Dans e Tacho González. Que ben cantan, os condenados. Completou o equipo o Coro da Rá, con Ramón Bermejo á cabeza, que se encargou tamén da dirección de voces. Que ben cantan, os condenados. Entre todos descubríronme nos ensaios un novo concepto de felicidade: a da forza que te incrusta na parede cando un grupo xeitoso de xente lle mete potencia a unha canción a dous metros escasos de ti. O soño era realidade.

Nese tempo produciuse un feito que ratificou as miñas sospeitas de que a idea era *macanuda*: na gala dos Oscar decidiron facer o mesmo. Así que aí tedes a todo o elenco protagonista da película, encabezado por Hugh Jackman, Anne Hathaway e Russell Crowe, cantando unha adaptación de "One day more" en plena cerimonia. *Copiotas*.

Xa sei que non son imparcial, pero a min gustoume máis o noso. Entre todos fixéronme feliz, que creo que é o mellor que se lle pode dicir a un intérprete, sexa o que sexa que interprete. E a pesar dos problemas de son que houbo, foi tamén un dos momentos máxicos da gala. Bueno, o de papar ó presidente tampouco estivo mal... pero esa é outra historia.

Polo demais, non vos despistedes, que segue habendo zombis sen cerebro coa única intención de comernos. E, sinceramente, creo que a mellor opción para facerlles fronte é que sigamos a dicir todos xuntos: hoxe... hoxe non!



"HOXE NON"

Xaquín: Hoxe non... o noso soño non acaba aquí, se nos rodean hai que resistir... aí tes tendida a miña man, unidos non nos vencerán! Hoxe non...

Fernando: Eu sempre quixen ser actor, meus pais levaron un desgusto...

Xaquín: Hoxe non.

Fernando e Alba: ...cando por fin teño un papel, rendirse non sería xusto.

Cristina: Hoxe non me comerán...

Alba e Fernando: Se non queda que roer.

Cristina: ...teño a Shakespeare do meu bando.

Alba e Fernando: Tamén mola Valle Inclán.

Cristina: ...noutras peores me vin...

Alba e Fernando: Pois entón igual ca min.

Cristina: ...pero vai na profesión!

Mos: Hoxe o audiovisual...

Fernando: Queda moito por contar.

Mos: ...loita nos Mestre Mateo...

Fernando: Sabemos sobrevivir.

Mos: ...o que nos queira papar...

Fernando: Limpa as bágoas e sorrí.

Mos: ...non sabe onde se meteu!

Coro: O SHOW TEN QUE CONTINUAR!

Xaquín: Hoxe non!

Goldi: Hoxe non me dá a gana de que me ñasquen o cu, por todos é ben sabido que o carallo é ter salú.

Xaquín: Hoxe non!

Tacho, Iolanda e Susana: Non mexan por min, é que está chover, non quedan paraugas xa o podedes ver. Zombis por aquí, zombis por alá, veñen para comernos pero tanto dá!

Todos e coro: Hoxe non chegou a hora / Temos forza no interior / Gota a gota faise o mar / Gota a gota faise o mar / Eles non teñen cerebro / E só pensan en comer / Levan todas de perder!

Cristina: Estou con vós...

Todos: ...resistirei!

Xaquín: Hoxe non!

(Todos a un tempo, cada un a súa parte)

Alba e Fernando: Eu sempre quixen ser actor... meus pais levaron un desgusto...

Goldi: Estes zombis do carallo, que sería o que os matou, son como unha negra sombra, van comigo alá onde vou.

Cristina: Hoxe non me comerán.

Tacho, Iolanda e Susana: Non mexan por min, é que está a chover. Zombis por aquí , zombis por alá.

Xaquín: Hoxe non!

Alba e Fernando: Cando por fin teño un papel... rendirse non sería xusto...

Tacho, Iolanda e Susana: Non mexan por min, é que está a chover, non quedan paraugas xa o podedes ver.

Cristina: Noutras peores me vin.

Goldi: Hoxe non me dá a gana de que me ñasquen o cu, por todos é ben sabido...

Xaquín: A miña obra quedará.

Goldi: A maxia non ma quitarán.

Todos e coro: POR MOITO QUE ME COMAN NON RENEGAREI DA PROFESIÓN! HOXE NON... GAÑARÁN... HOXE NON!!!

(Neste enlace tedes a gala emitida pola TVG, co momento "Miserables" sobre o minuto 1.33.20 http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/programa/premios-mestre-mateo)

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



Antonio Mourelos
Presidente da Academia Galega do Audiovisual

Discurso do Presidente da Academia

Boas noites

É un pracer para min estar esta noite aquí con tantos compañeiros e compañeiras de profesión. Grazas a todos por vir. E quero da-las grazas tamén ás entidades patrocinadoras que nos apoiaron un ano máis como a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á AGADIC, Deputación da Coruña e Concello da Coruña; así como á colaboración de todas e cada unha das entidades, empresas e persoas que, coa súa entrega e co seu talento, fixeron que esta Gala sexa posible. Grazas, de corazón.

Hoxe é unha noite na que, se cadra, non hai demasiado que celebrar, pois somos todos conscientes do momento polo que estamos pasando. Non só nós, a xente do audiovisual, senón toda a sociedade galega; unha sociedade coa que nos sentimos profundamente identificados e para a que traballamos moi duro, día a día, desde este sector ó que moitos dos que estamos hoxe aquí estamos orgullosos de pertencer: un colectivo profundamente heteroxéneo, diverso e plural, que aglutina a varios milleiros de persoas e que, cos maiores esforzos e a maior vontade, loita por saír adiante nestes tempos... escuros.

Pero se cadra si temos algo que celebrar hoxe. Cando menos, unha cousa realmente importante. Existimos. Estamos aquí. E queremos seguir estando aquí.

Non sempre foi así, e non fai falla bota-la vista moi atrás para lembrar aqueles tempos nos que o soño de poder conta-las nosas propias historias, non era máis ca iso: un soño.

Desde entón, o noso audiovisual ten demostrado estar plenamente capacitado para xerar valor engadido e para xerar riqueza, malia os problemas e os erros que desde este sector se cometeron, e sabemos que non foron poucos, aínda que ás veces nos custe admitilo. Con todo, os fondos que as administracións destinaron ás políticas audiovisuais nos últimos vinte anos tiveron por parte desta pequena industria uns retornos moi superiores en termos de facturación.

Esta contribución dos sectores culturais á creación de empregos directos e indirectos, xunto cunha profunda convicción da importancia da cultura, son as razóns fundamentais polas que Europa aposta polo audiovisual. Claramente. Sen dúbidas. A ampliación orzamentaria do programa Media e de Europa Creativa é toda unha declaración de intencións. E non podemos permitirnos perder ese tren. Temos que camiñar con eles. Necesitamos que a administración pública do noso país se acompase á europea, cousa que, sen dúbida, non veu ocorrendo nestes últimos anos. Necesitamos eliminar trabas que só existen neste país –como foi a brutal subida do IVE–, e poñe-los medios necesarios para que o sector poida seguir medrando e que o financiamento privado flúa cara ás empresas.

E pola nosa parte, a nós quédanos un enorme traballo de mellora, de aposta pola creatividade como eixo fundamental do tecido industrial e de medrar en competitividade e profesionalidade. Porque é moito o que está en xogo.

Está en xogo unha porcentaxe nada desprezable da riqueza do país pero tamén algo que vai aínda máis aló; está en xogo a nosa propia imaxe. Cómo nos vemos a nós mesmos e cómo nos ven dende fóra. Porque, como vos dicía antes, moitos dos que estamos aquí lembramos aquela Galicia anterior á eclosión do audiovisual. E lembramos o que supuxo empezar a escoita-la nosa lingua na televisión, e as nosas historias, que poden ser grandes ou pequenas, pero que falan de nós, de quen somos e de quen queremos ser. E tamén, por suposto, de como queremos que nos vexan os demais.

E crédeme que, nos últimos anos, estamos loitando por abrirnos ó mundo. As nosas obras viaxan, e con elas os nosos creadores e a nosa cultura. A lista de festivais, de premios internacionais e de territorios onde se venden as nosas producións é cada día maior.

Sabemos que temos moito que mellorar, de verdade que o sabemos, non é unha frase feita, pero en serio, o que está en xogo é demasiado importante como para deixalo morrer.

Necesitamos contarnos e vernos a nós mesmos. Necesitamos contarlle ó noso público –e ó público de tódolos continentes– historias que os movan, que os divirtan ou que os entreteñan, que os manteñan en tensión ou que lles fagan brota-las bágoas, historias en definitiva que emocionen, que falen verdade e que lle digan ó mundo que estamos aquí e que loitaremos por seguir estando aquí.

Boas noites.

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Rosa Vilas
recolledora do Premio "Fernando Rey" ao Xabarín

Premio "Fernando Rey" ao Xabarín

Boas noites a todos e a todas,

Grazas á Academia. Vou ser breve, non quero ser eu a culpable de que baixe a audiencia.

Grazas por este recoñecemento porque é un recoñecemento ao traballo feito pero tamén é un aliciente ó que temos por diante. É todo un reto.

Dicir tamén que é unha honra, unha honra moi especial e un orgullo recoller esta noite este galardón, e o é por partida dobre. Por unha parte como directora que me corresponde nestes momentos da cadea pública, da Televisión de Galicia, pero por outra parte como traballadora da Televisión de Galicia.

O Xabarín é todo un símbolo e unha icona da xeración que temos hoxe aquí representada. Unha xeración pois que, como dicían eles, medraron diante da pantalla vendo a Televisión de Galicia co bocadillo de *nocilla*. Seguimos sendo hoxe en día os únicos que lle ofrecemos aos nosos nenos e ás nosas nenas entretemento en galego. Somos conscientes da importante labor e responsabilidade que como servizo público temos por diante.

Dicirlles tamén que as dificultades non nos van a desanimar, moi ao contrario, o Xabarín é un proxecto de futuro e está máis vivo ca nunca. Unha aposta decidida da Televisión de Galicia, a televisión pública de Galicia para que as xeracións futuras sigan atopando nel, no Xabarín Club, todo un referente. Iso si, somos conscientes tamén de que nos temos que adaptar aos novos tempos e traballamos moito para que o Xabarín sexa un proxecto transmedia, non podía ser doutra maneira nestes momentos, que o Xabarín estea en múltiples plataformas. Para iso, seguimos contando con todos vos.

Non me vou a alongar moito máis. Unicamente repetir as grazas á Academia, grazas en nome da Televisión de Galicia pero sobre todo grazas en nome de cada un dos traballadores que compoñen Televisión de Galicia sen os cales isto hoxe non sería posible.

Grazas e boas noites.

"As dificultades non nos van a desanimar, moi ao contrario, o Xabarín é un proxecto de futuro e está máis vivo ca nunca"



A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

PALMARÉS

Longametraxe

O Apóstolo
de Artefacto Producciones, Film Arante, Rosp Coruña e TVG

Recolle Isabel Rey



NOMEADOS

Invasor
de Vaca Films, Morena Films e TVG

Lobos de Arga
de Telespan, Vaca Films e TVG

Vilamor
de Via Láctea Filmes coa participación de TVG

Documental

100% CEF
de Arraianos, A Sombra Producións e TVG

Recolle Aser Álvarez acompañado polo equipo da obra



NOMEADOS

Avión, el Pueblo Ausente
de Filmanova, 14pies Audiovisual e TVE

Fraga y Fidel, Sin Embargo
de Bambú Producciones e TVG

A Muller do Eternauta
de Frida Films coa participación de TVG

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Serie

Era Visto!
de Producciónss Zopilote para TVG

Recollen Carlos Ares, Andrés Mahía e Xosé Castro acompañados polo equipo da obra



NOMEADOS

Os Bolechas
de Ediciones Bolanda e TVG

Matalobos
de Voz Audiovisual e TVG

Padre Casares
de Voz Audiovisual e TVG

Serie Web

Angélica y Roberta (Vol. II)
de Sonia & Sandra e La Panificadora

Recollen Sonia Méndez e Sandra Lesta



NOMEADOS

Entre Pipas
de Jorge Cassinello Sansegundo

Joke Business
de Israel Nava e Déborah Vukusic

Te quiero, pero de Ángel Seoane, Sabela Pillado, Tati Garcia, Carlos Gulias (Pronettia)

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Curtametraxe de Imaxe Real

Conversa cunha muller morta
de Sonia Méndez

Recolle Sonia Méndez



NOMEADOS

Anacos
de Xacio Baño

Mr. Smith and Mrs. Wesson
de Producciones de Fin de Semana e Aira Studio

As Vacacións do Verdugo
de Sonia e Miriam Albert Sobrino

Programa de televisión

Zigzag
de TVG

Recollen María Solar, Ana Anca, Andrea Villa, Ángel Suanzes, Delia Corujo, José Mejuto e outros membros da obra



NOMEADOS

Galegos no Mundo
de Portocabo e TVG

Reporteiros
de TVG

Tourilandia
de CTV e TVG

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Anuncio Publicitario

Sairemos como Galegos!
de Congo Producciones

Recolle Raquel Martínez



NOMEADOS

Galicia no Corazón
de Congo Producciones

Spot Mondariz
de Lúa Films

O Viño que sabe a festa, Festa do Albariño de Juan Galiñanes e Eve Martínez

Curtametraxe de animación

O Xigante
de Abano Producións e Pilot Design

Recolle Chelo Loureiro



NOMEADOS

Equilibrium
de Algarabía Animación

Morti
de Moonbite Games e Continental Producciones

Only You
de Universidade das Illas Baleares

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Videoclip

Un Piatto (Banda Crebinsky)
de Control Z

Recolle Enrique Otero



NOMEADOS

Gente Pota (Caxade)
de Alonso Barreiro Caxade

Fendendo Hachas (Talabarte)
de Control Z

Shame on Us (Holywater)
de Hachedé Visual e CTV

Interpretación Masculina Protagonista

Luís Tosar
por Operación E

Recolle Jorge Coira



NOMEADOS

Antonio Durán "Morris"
por Padre Casares

Luís Iglesia
por Matalobos

Federico Pérez
por Era Visto!

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Interpretación Feminina Protagonista

Sabela Arán
por Vilamor



NOMEADOS

Celia Freijeiro
por Todo é Silencio

Isabel Naveira
por Matalobos

Blanca Portillo
por Concepción Arenal, a visitadora de cárceres

Interpretación Masculina de Reparto

Luis Zahera
por Todo é Silencio



NOMEADOS

Antonio de la Torre
por Invasor

Karra Elejalde
por Invasor

Tacho González
por Padre Casares

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Interpretación Feminina de Reparto

Mabel Rivera
por Concepción Arenal,
a visitadora de cárceres



NOMEADOS

Inma Cuesta
por Invasor

Sonia Méndez
por O Sexo dos Anxos

Mara Sánchez
por Libro de Familia

Comunicador/a de Televisión

Fernanda Tabarés
por Vía V



NOMEADOS

Ana Pérez
por Telexornal Fin de Semana

María Solar
por Zigzag

Xosé A. Touriñán Rodríguez
por Tourilandia

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Dirección

Fernando Cortizo
por O Apóstolo



NOMEADOS

Daniel Calparsoro
por Invasor

Pela del Álamo
por N-VI

Xavier Villaverde
por O Sexo dos Anxos

Dirección de Arte

María Hernánz
por O Apóstolo



NOMEADOS

Curru Garabal
por Vilamor

Juan Pedro de Gaspar
por Invasor

Antonio Pereira e Ángel Amaro
por Matalobos

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Guión

Alberto Guntín, Daniel D. García, Benigno López, Cheché Carmona, Roberto G. Méndez e Alba Varela por Matalobos



NOMEADOS

Fernando Cortizo
por O Apóstolo

Javier Gullón e Jorge Arenillas por Invasor

Manuel Rivas
por Todo é Silencio

Montaxe

Antonio Frutos e David Pinillos
por Invasor

Recolle Emma Lustres



NOMEADOS

Fernando Alfonsín
por O Apóstolo

Guillermo Represa
por Vilamor

Nacho Ruiz Capillas
por Lobos de Arga

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Realización

Mónica Ares e Toño López por Galegos no Mundo

Recolle Mónica Ares



NOMEADOS

José María Fernández Vilas "Chema" por Tourilandia

Raúl García e Gerardo Rodríguez por Casamos! A historia de amor de...

Xavier Jácome por Lendas Vivas

Música Orixinal

Xavier Font, Arturo Vaquero e Philip Glass por O Apóstolo

Recollen Xavier Font e Arturo Vaquero



NOMEADOS

Zeltia Montes por Vilamor

Sergio Moure por Todo é Silencio

Piti Sanz por Era Visto!

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Dirección de Fotografía

Alberto Díaz "Bertitxi"
por Vilamor



NOMEADOS

Jacobo Martínez
por Imperium

David Nardi
por O Apóstolo

Xosé Manuel Neira
por Matalobos

Vestiario

María Gil e Sonia Segura
por Concepción Arenal,
a visitadora de cárceres

Recolle Zaza Ceballos



NOMEADOS

Valentín Duranthon
por O Apóstolo

María Fandiño e Mar Fraga por Vilamor

Saturna
por Matalobos

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Son

David Machado, Diego S. Staub e Miguel Barbosa
por O Apóstolo



NOMEADOS

Sergio Bürmann, James Muñoz e Nicolás de Poulpiquet por Invasor

Alfonso Couceiro, Santi Jul e Iván Laxe
por Matalobos

Xavier Souto e Diego S. Staub
por Dous Fragmentos / Eva

Maquillaxe e Perruquería

Raquel F. Fidalgo e Fermín Galán
por Lobos de Arga

Recolle Emma Lustres



NOMEADOS

Almudena Fonseca
por Todo é Silencio

Raquel F. Fidalgo e Paco Rodríguez
por Invasor

Yolanda Piña
por Concepción Arenal, a visitadora de cárceres

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Palmarés

Dirección de Produción

Marta García
por O Apóstolo

Recolle Carlos Dávila




NOMEADOS:

Carlos Amoedo
por O Sexo dos Anxos

Jordi Berenguer por Invasor

Laura Cuevas e Toni Carrizosa
por Concepción Arenal,
a visitadora de cárceres




PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

ARTIGOS DOS PREMIADOS





A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Isabel Rey
Mellor Longametraxe
"O Apóstolo"



Grazas

Estimados compañeiros e amigos Académicos, escribo esta breve reseña soamente para darvos as grazas en nome de todo o equipo de 'O APÓSTOLO'. Os premios Mestre Mateo que lle outorgáchedes a película significan moitísimo para nós, é un recoñecemento para toda a xente que se sacrificou e sufriu moito por sacar este proxecto adiante. Foi un gran respaldo nun momento no que inda temos que seguir traballando, pois necesitamos que a película teña a distribución que se merece.


Podería facer un percorrido por toda a historia desde o 2007, falar de tódalas dificultades e problemas que tivemos, e tamén dos que temos agora. Pero confío en que todo vai rematar ben, e quero que o que quede aquí sexa soamente o recordo das cousas boas. Como dixo Peter Jackson, "o sufrimento é temporal, a película é para sempre".

Fixemos unha gran película grazas á creatividade, á arte, e ó alto nivel técnico dun equipo para o que non teño palabras suficientes. Quero agradecer persoalmente a súa axuda nos momentos difíciles e a súa paciencia cos pagos atrasados.

Non quero entrar en detalles de agradecementos pois non tería sitio suficiente, e a verdade é que me teño que poñer de novo a traballar. Soamente gustaríame recordar que nós somos parte do froito da política de Manolo Gonzalez e da Axencia Galega, e que todos os Premios Internacionais e os recoñecementos que está a recoller a película demostran que tiña razón.



"Fixemos unha gran película grazas á creatividade, á arte, e ó alto nivel técnico dun equipo para o que non teño palabras



A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Aser Álvarez
Mellor Documental
"100% CEF"

Carta a CEF



"Pensei en facer un pandeiro sobre un tipo coma ti, que levas o ritmo no sangue e a vitalidade nas veas, e facelo co teu propio pandeiro como fio"

Meu benquerido Celso Emilio, estás máis vivo ca min, que xa é dicir... Cen anos despois do teu nacemento, os teus poemas aínda son *rapeados*, lidos, cantados, esnaquizados, apropiados e deturpados por ananos e xigantes e de toda caste e pelaxe, por enriba de todas as fronteiras, por enriba de muros e valados, se os nosos soños son iguais, coma un irmán che falo... Lembras? Malamente podía imaxinar ninguén daquela, na miña época de estudante punk no instituto de Celanova (posiblemente o centro educativo máis fermoso do país, e que leva o teu nome) que algún día eu acabaría dirixindo un traballo audiovisual sobre ti, e menos aínda que ía gañar o Mestre Mateo ao Mellor Documental. Que saibas que cho dediquei a ti e ao teu clan, e ao meu, e a todos os que nos axudaron a inventar esta biografía túa. E a verdade é que aínda non llo agradecín todo o que debera aos académicos e académicas da *AGA*, xentes que, coma ti ben sabes, destilan sabedoría, oficio e bo criterio, coma alambiques deste audiovisual galego que loita contra todo para sobrevivir e furar polo mundo adiante, máis aló da nosa endémica endogamia de clausura. Que tería sido de nós se o voso amigo Carlos Velo, o curmán de Pepe, tivera montado aquela escola de cine en Galicia?

En fin... Pero quen nolo ía dicir, Celsiño, véndome tan *borroquilla* con aqueles meus pantalóns negros axustados e elásticos, marcando paquete coa chupa de coiro e as militares, cando teimabamos en irche tocar o carallo polas noites e reunirnos no cemiterio de San Breixo de Celanova, deitados enriba da túa tumba e do xacigo veciño da familia do Pepe Velo, ese ser humano extraordinario, facendo o noso particular club dos poetas mortos entre grolo e grolo de licandorio, á luz dunha candea e coa moto trucada do Durán, unha Derbi Copa oficial, agardando na porta para saír pitando en caso de emerxencia, cun fémur do vello osario na man e a escape libre, *pitín pitín*, retumbando contra eses muros que coma ti ben dicías, "se os que están fóra do cemiterio non queren entrar e os que están dentro non poden saír, para que os fan". Bueno, xa sabes que a algún dos nosos, castigárono os falanxistas a ficar soterrado fóra do valado. Case é veciño teu, de Moreiras.

E pasados os anos, as chupas e os tubarros, fixemos algo sobre ti, permíteme que che chame CEF, xa sen pantalóns apertados. Non sei se lembras aquel monográfico da *Revista Arraianos* que argallamos polo teu 95 aniversario e que foi o derradeiro traballo como editor de Carlos Díaz. Un traballo colectivo estupendo e valeunos para irnos achegando á túa inmensidade vital. E agora xa podemos dicir, satisfeitos, que fixemos un pandeiro de Celso Emilio Ferreiro, e *fachendear* de facelo sen caer nese rexistro *cultureta* e académico tan habitual e que tan mal casa coa túa autenticidade. E mira ti por onde que os académicos e as académicas de Galicia van e deciden premiar este traballo cunha fermosa figura do Mestre Mateo á que o meu fillo, o Carliños, lle chama Mateíño e lle da da un agarimoso cachete cando chega a casa do cole.

Mais quero que saibas que o pandeiro do teu amigo Pepe Velo aínda está por facer. Fostes correlixionarios e amigos dende a infancia até a morte, e despois dela tamén o sodes,

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



Carta a CEF

Aser Álvarez Mellor Documental "100% CEF"

pero ficastes separados pola puta guerra. Non podo esquecer a derradeira carta que che mandou dende o leito de morte, un tipo dunha peza rediós, nunca lin nada igual. E ti sabes que un bo documental sempre debe levar a outro documental, cando as cousas se fan a conciencia, de xeito aberto e sen pretensións, pero coa alma, a mente e o corazón nese estado de graza que só se produce cando traballas con paixón nun proxecto imposible, feito a base de vontade, argallado, promovido e producido por un colectivo social de base como *Arraianos,* que precisamente, e mira ti por onde, que xa non me lembraba, tamén nacía no cemiterio celanovés, hai case dez anos, para demostrar que os nosos mortos estades vivos, ou cando menos, que tedes moito que dicir.

Seguindo o consello dalgún sabio de quen non lembro o nome, cando viaxo a un novo lugar sempre visito un mercado, para ver como tratan aos vivos, e un cemiterio, para ver como se portan cos mortos. Se agora puideras revirar a ollada verías que na Celanova de hoxe os mortos estades mellor tratados que os vivos, e posiblemente volverías de volta ao teu xacigo, algo decepcionado, para contarllo a Moraima. E o Pepe Velo seguro que che propuña unha acción directa e contundente, co seu estilo inconfundible. Pero ti, que eres moi indisciplinado, como lembra Alonso Montero ao principio do documental, argallarías un poemazo sobre o teu propio epitafio: "Mais o lume que alampea endexamais o veredes morto" e aproveitarías para ir tomarlle unha *chiquita* á Taberna do Galo, hoxe reconvertida en pub, onde xa non se pode nin comer bacallau, nin cantar de bimba nin facer poemas. Mais non por moito tempo, Celsiño, xa verás que esta vila de *pacorroques* aínda vai encarreirar. Faime caso. Apóstoche unha palometa de purrela e un bacallau ao estilo Galo, servido na mesa de fóra, un xoves.

Aínda menos mal que os mortos nos falades dende e que ás veces, cando estamos concentrados, sabemos escoitarvos e comprendervos. Por iso somos como somos, Celsiño, teimudos e zoupóns coma as mámoas da Chaira de Amoroz. Xa ben sabes ti, que traballaches entre bambalinas durante a intensa rodaxe de *100% CEF*, que o meu propio irmán, o Carliños Alfredo Castromao, morto nun accidente de coche, foi un dos produtores executivos deste proxecto. E tamén sabes que os Arraianos somos búfalos solitarios, en perigo de extinción, que pacemos nas inmensas penechairas da Raia Seca, sempre camiño do Principio do Mundo do Laboreiro, onde mouran Manoel de Oliveira e Marcelo Mastroianni e onde Aki Kaurismaki vai comer de cando en vez o bacalhau á broa, ensilando copos de viño e macieiras antes de coller abaneando para Vico.

Ben sabes, amigo meu, que todo comezou polo principio, por onde todo ten que empezar, coma un soñar esperto, un dicir para dentro que carallo é isto de celebrar o centenario dun poeta coma ti facendo de todo menos o que había que facer. Caralladas, *cuchipandas* de todo tipo, *paripeses* varios, menos algo con xeito, como a ti che tería gustado, rediós, polo menos facer un documental biográfico para ampliar a túa gran familia de lectores por abaixo, polos máis novos. Para probar a nova dimensión da poesía mesturada con outras disciplinas artísticas. E foi entón cando pensei en facer un pandeiro sobre un tipo coma ti, que levas o ritmo no sangue e a vitalidade nas veas, e facelo co teu propio pandeiro como fío condutor. Cando o toquei a primeira vez, na casa do teu fillo, conectamos de novo con ese ritmo ancestral e escoitei de novo os *petardeos* da Derbi Copa por Sampil arriba, camiño do Casa da Neve, retrotraéndome aos tempos dos recitais nocturnos no cemiterio. "Se Celso Emilio nos dixera que non fixeramos un pandeiro del eu diría, este non é Celso, este é un impostor, e nada mellor que facer un pandeiro del que tocando o seu propio pandeiro", arrinca por *bulerías*, con forza telúrica, o teu colega Alonso Montero, que chegou a presidente da RAG, antes de repenicar no teu vello pandeiro, sentado enriba do teu xacigo. Tátara, tátara, ta, tátara, tátara, ta. A ritmo de pandeiro comeza todo este lío delicioso no que me metín pola túa culpa, e veña rap e punk e pedra e vacas, viño, licandorios, tabaco e poesía...

"Celso Emilio no cabe en ningún documental", espetoume, nada máis comezar, o teu amigo Joaquín Marta Sosa. Era a primeira entrevista que facía para o documental, en Castro Urdiales, onde este poeta soberbio e hoxe activista da resistencia contra o chavismo, ten a súa pequena toqueira onde recolle as enerxías do Cantábrico para volver á loita contra o populismo bolivariano no Caribe. Ananos ou xigantes? Foi a casualidade a que fixo que puideramos combinar con Marta Sosa, quen che consegueu o traballo no gabinete do presidente de

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Carta a CEF

Aser Álvarez Mellor Documental "100% CEF"



Venezuela, Rafael Caldera ou fuches ti que andiveches a liala. O mesmo diría de cando apareceu providencialmente en Oviedo o fillo do teu amigo e protector Álvarez-Buylla ou cando Leiro nos dixo que si a gravalo picando a pedra a ritmo de pandeiro...

Eres a hostia. As persoas xenerosas tedes esa capacidade de unir e de facer que os milagres semellen só casualidades. Unhas das cousas que aprendín con toda esta xente que me falou de ti, é que só paga a pena facer traballos audiovisuais con persoeiros potentes, homes e mulleres que non collen en ningún documental, tipos que semella que vivistes máis que intensamente, cheos de contradicións e tamén de verdade, coma a túa poesía. O malo destas cousas, feitas artesanalmente e dende o máis fondo do peito, é que escoitas a tanta xente e din cousas tan interesantes que ao final só puiden meter no documental un 1% de todo o material gravado. Co 99% restante, CEF, aínda estou a agardar que me digas que queres que fagamos. Algunha idea xa teño, non creas, pero contareicha cando vaiamos xuntos a ver que pasa en Caracas.

Vitalismo, excelso, paiaso, auténtico, vividor, intolerante, poeta, esperanza, tolerancia, pedra, amigo, enerxía, rapaciño, forza, SOS, contemporaneidade, belixerante namorado, ferreiro, lealdade... Estas son só algunhas das palabras coas que te definen os moitos expertos, familiares e amigos que aparecen en *100% CEF*. Ben sabes que todos e todas nos abriron a súa alma e o seu corazón con só pronunciar o teu nome. Até o mesmísimo Luís Tosar, que hoxe é un dos mellores actores do mundo, aceptou meterse na túa pel e deixarse dirixir por min, coas miñas propias gafas como única caracterización. E dixo que vía ben. Si, xa lle dixen que fose revisar a vista. E debes saber tamén que ninguén se negou a falar para este traballo e iso que petamos en moitas portas.

Pero a estas alturas da nosa relación, Celsote, e xa postos a desmitificarte e a falar do tabernario e do pandeireiro, do pescador e do cazador, do neno, do pai, do músico, do trapalleiro, coa vontade de reconciliarte como poeta coa xente nova, non imos agochar tampouco que tivemos algunhas escornadas ti e mais eu polo camiño. Enganchámonos varias veces coma bravos cachenos en plena chega de bois, que se desafían e se tantean para ver quen pode con quen. Tolo de min, co arroutado que ti es... Agora teño que confesarche que puideches comigo, porque non hai quen te tumbe, cabrón. Segues enteiro, avante e de pé, vivo e aceso coma ese lume que alampea e que endexamais veremos morto. Por iso quixemos facer este documental cen anos despois do teu nacemento, para reivindicarte, e por iso te rapean o García e o Leo, o Nuno e o Fred e o Ferrimán e tantos outros que te han *rapear* aínda. "Choraría da emoción", di Ferrín no documental, "se escoitara esta nova dimensión que acadou a súa poesía en forma de rap". Rythm and poetry, os rapeiros saben que "temos o dereito e o deber de ser rebeldes", como ben dixo Neira Vilas, ese bo amigo espistolar. Ou como dixemos o outro día en Berlín, entre grolo e grolo de Ribeiro, no Cinema Babylon, durante a presentación de *100% CEF*, que foi todo un éxito, por certo. "We have the right and the duty of being rebels". Este vai ser o título do noso próximo documental, amigo CEF.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Carlos Ares
Xosé Castro
Andrés Mahía
Mellor Serie
"Era visto!"

Era visto: calidade e dignidade en formato low cost

"Gustaríanos que este premio sexa unha reivindicación de todos os profesionais do sector que cremos que en Galicia podemos producir ficcións televisivas rendibles, competitivas e de calidade"



fotografía: Ruth Beltrán

Sabemos desde hai anos que a clave do éxito das series galegas está en ofrecerlle ós espectadores o que só poden atopar na nosa canle pública: historias sobre nós mesmos, na nosa lingua e interpretadas polos actores do país. Era Visto! non é outra cousa que esa mesma receita servida nun formato low cost para estes tempos de crise. Por iso nos gustaría que este Premio Mestre Mateo á Mellor Serie sexa, máis que un recoñecemento ó noso traballo, unha reivindicación de todos os profesionais do sector que cremos que en Galicia podemos producir ficcións televisivas rendibles, competitivas e de calidade, partindo de formatos novidosos e modelos de produción alternativos que nos permitan reducir os custos de produción sen ter que recortar os salarios dos traballadores, nin renunciar á nosa identidade cultural para saír ós mercados exteriores.

Como diría Moncho de Lameiro "pódese dicir máis alto, pero non máis ancho".

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Sonia Méndez
Mellor Serie Web "Angélica y Roberta (Vol. II) e Mellor Curtametraxe "Conversa cunha muller morta"

Oes, qué está a pasar en Galicia?



"Nestes momentos onde o mundo coñecido esborrállase ao noso redor xorden iniciativas culturais ben interesantes dende as bases, no underground"

Escribo este artigo nun tren de regreso a Galicia.

Marchei a Madrid xusto uns días despois de recibir dous premios Mestre Mateo, á mellor curtametraxe de imaxe real e a mellor webserie.

Marchei porque levaba dous anos sen ser chamada para traballar e claro, unha xa non sabe qué dicirlle á familia así que veña, para a capital do reino a probar sorte que polo menos das un paseo, abres a mente e esas movidas que quedan tan chulas de dicir. Pero no fondo marchas para non caer no desánimo aínda que durante estes anos nos que ninguén te chamou para *currar* unha aprendeu a inventarse o traballo. A tirar para diante: dúas curtametraxes, dúas tempadas dunha webserie e a escritura de dúas longas. Non está mal para estar sen curro.

E compañeiros, *molan* os premios, claro que si. Son un subidón e un estímulo para seguir traballando pero teño que recoñecer que despois da festa e da resaca –que foi de proporcións cósmicas– unha fica un pouco confusa mirando para as estatuíñas. Dous anos seguidos recibindo premio á mellor curta, estreamos candidatura webserie e eu facendo a maleta. *Mecachis*.

Perdoádeme a melancolía, viaxar nun tren sempre me toca a fibra nostálxica e se cadra estoume poñendo parva de máis.

Pero este artigo debería falar dos traballos premiados ou da situación do noso sector, da confusión que nos rodea, da desaparición das axudas ao Talento, da epidemia do desánimo, do descrédito ao que está sometida calquera expresión artística neste momento que nos toca vivir.

Si, non?

Ao pensar qué contar sobre a curtametraxe unha ten a impresión de que se repite, mesmo podería facer un corta-pega do que escribín o ano pasado para estes mesmos papeis. CONVERSA foi un traballo que partiu daquelas –desaparecidas? – axudas ao Talento, aínda que a min paréceme máis xusto chamalas axudas ao creador. Sobre a defensa destas axudas esta menda xunto con Ángel Santos e Xacio Baño fixemos un escrito apoiado por unha morea de compañeiros e compañeiras e diferentes asociacións do sector. O escrito ía acompañado por unha lista de tódolos traballos que recibiron esta axuda e o seu percorrido por festivais, mostras e os premios acadados na nosa comunidade e moito moito máis lonxe. A listaxe fala por si mesma. Isto foi fai máis dun ano e así seguimos en modo "non sabe, non contesta" ou en modo "escolle a túa propia historia", que sempre é máis creativo. (http://axudasdetalento.blogaliza.org/).

ANGÉLICA Y ROBERTA é o resultado de tres anos de traballo e ilusión, non só de Sandra Lesta e meu senón de todo un EQUIPAZO que nos acompaña nesta aventura e que confiou en nós dende o principio. Con este proxecto que comezou coma un exercicio de resistencia creativa entramos nun mundo novo; a creación de contidos especificamente para a rede. Cando empezamos había pouca cousa polo noroeste mais agora temos un montón de compañeiros que anímanse na creación de novas webseries. A cousa pinta ben, o camiño está aberto e isto vai ser un non parar máis aínda seguimos sen atopar o xeito de producir este tipo de contidos e obter algún tipo de rédito económico. Pero seguimos, seguimos, seguimos... creando sinerxías entre todos para atopar o xeito de poder financiarnos.

A cousa está chunga, certo, pero nestes momentos onde o mundo coñecido esborrállase ao noso redor xorden iniciativas culturais ben interesantes dende as bases, no underground. Musicalmente Galicia está colocada no máis alto da península e no audiovisual non fan máis que chegar novas de novos recoñecementos acadados por compañeiros. A xente reinvéntase, busca oco. Na capital do reino todo o mundo preguntábame; oes, que está a pasar en Galicia?

OES, QUÉ ESTÁ A
PASAR EN GALICIA?
Pois en Galicia pasa iso.
Tiramos para diante.

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS





José Mejuto

Mellor Programa de TV
"Zigzag"

A cultura como referente

A emoción, o agradecemento e a satisfacción foron o sentimento de todo o equipo de Zig-Zag cando, por segundo ano consecutivo, resultamos gañadores no apartado de mellor programa de televisión. Non é para menos. Todos os que competiron polo mesmo galardón tiñan razóns máis que suficientes para alzarse co Mestre Mateo. Pero o caso do Zig-Zag é ben distinto. É un programa construido e levado a cabo e pensado na Cultura. Efectivamente, na Cultura con maiúscula porque nos tempos que corren resultan inusuais este tipo de programas nas grellas televisivas. Animo a quen o dubide a pescudar nas programacións de tódalas televisións de España.

Por tanto imos debullar os sentimentos que describimos ó inicio. En primeiro lugar: emoción. Sentímonos emocionados porque sacar este programa adiante é un reto diario. Percorremos centos de quilómetros e esforzámonos en que todo o que teña que ver coa nosa cultura non quede fóra da información que lle prorpocionamos ó espectador.

Estamos todos agradecidos tanto á Academia Galega do Audiovisual como á Televisión de Galicia. Ós primeiros por considerarnos merecedores do galardón e á nosa Casa pola forte aposta que fai por este programa, fuxindo das temidas audiencias que todo o menoscaban, ó poñer por riba de todo o criterio de servizo público que debe ter unha televisión pública.

En fin, estamos satisfeitos porque dalgunha maneira está recoñecido non só o traballo dos profesionais que o facemos, que somos moitos, senon tamén o concepto de programa que se defende desde a dirección desta Casa.

Estes tres conceptos, emoción, agradecemento e satisfacción, poden ser moitos máis, sirven para definir as sensacións que temos. Non buscamos premios nin recoñecementos pero si defendemos a cultura do país e poñemos todo o énfase posible en utilizar a ferramenta de servizo público que lles proporciona Televisión de Galicia a todos os galegos.

De novo, grazas a todos e sigamos traballando por este camiño.

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Chelo Loureiro

Mellor Curtametraxe de Animación "O Xigante"

O Xigante



"Co noso Xigante pretendemos narrar a fantástica viaxe que é CRECER"

O XIGANTE é o último traballo da nosa produtora, ABANO PRODUCIÓNS, unha curtametraxe realizada con técnicas de animación 2D e 3D.

Aínda que este formato cinematográfico é moi complicado de financiar –unha curta animada por expertos profesionais, creada por artistas de indubidable talento e con banda sonora orixinal interpretada por músicos 'reais', ten un custe imposible de amortizar desde o punto de vista económico-, mentres poida seguirei a producilas porque as satisfaccións que nos producen sempre superan as expectativas.

As historias das que gustamos son contos dirixidos aos adultos, pero por algunha razón que non chego a entender, sorpréndennos por producir nos nenos unha incrible fascinación. Gustaríame ter coñecementos de psicoloxía para poden entender as razóns destas reaccións, pero o importante de verdade é que nenos e pais nolo transmiten, e nada mellor que estas vivencias para darnos os azos -tras o esgotamento lóxico no que quedamos somerxidas ao final dunha produción de animación- que nos permiten ilusionarnos novamente co seguinte proxecto.

E así, unha vez que botan a andar, estes pequenos formatos transfórmanse en grandes sen a nosa intervención, dun xeito tan fantástico como as propias protagonistas 'fabricadas' nun estudio pero que rematan por amosarnos a súa alma inconfundible...

Coma a do noso Xigante, co que pretendemos narrar a fantástica viaxe que é CRECER.

Co seu corazón aberto ao mundo, repleto de afecto e emoción, o Xigante simboliza o corazón de todos os pais, homes e mulleres que, a través da súa mirada, revelan o mundo aos seus fillos axudándolles a construír o seu universo, a trazar os seus camiños, a corrixir calquera desvío no magnetismo da súa brúxula... e a deixalos marchar cando chega o momento adecuado.



Pre Produción

O primeiro paso neste proxecto, foi preparar un deseño de produción cos nosos coprodutores portugueses que nos permitise colaborar en cada unha das etapas, desde o guión ao estilo visual de personaxes e fondos.

Ao acordar que prescindiriamos de diálogos, centrámonos en construír un story onde as metáforas que, como ferramentas de linguaxe, narrasen a historia con fluidez. Tamén a parte gráfica e musical foi moi elaborada, cun estilo entre clásico e moderno con reminiscencias orientais.

Con todo este material desenvolvido, partimos aos comezos do 2011 na procura dun financiamento que nos permitise levar adiante unha historia cuns protagonistas, o Xigante e a Nena, que xa conseguiran seducirnos a todos.



A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



O Xigante

Chelo Loureiro Mellor Curtametraxe de Animación "O Xigante"

Equipo creativo e realización

Outro factor que dende o noso punto de vista é fundamental é a elección do equipo creativo. Se en ficción son tres as patas creativas –dirección, guión e composición-, en animación son catro ao sumar un deseño gráfico de vital importancia. E todos os egos destes artistas deben traballar en total sincronía nun ambiente de respecto mutuo e mesmo de estimulo, de tal forma que a suma de todos os talentos medren, non tanto en progresión aritmética senón xeométrica. Nelia Cruz, Júlio Vanzeler, Nani García e Luís da Matta son os artífices deste máxico traballo artístico.

Os produtores de ficción desde o primeiro momento imaxinan aos protagonistas das súas historias personificados en determinados actores e actrices. Mesmo se escribe pensando nas súas capacidades artísticas se de antemán xa se conta con algún en concreto, pero isto non existe en animación. Partimos de cero. Por iso non existe para min pracer tan marabilloso como ver crear, da nada, a vida.

As primeiras liñas, esbozos, ás veces un trazo errado, dan cunha personalidade acochada no papel en branco e, aos poucos, comezan os primeiros movementos da man dos animadores... como debe camiñar este xigante? como vai sorrir? Até que chega o momento no que é o propio personaxe creado quen vai impoñer a súa forma de comportarse, e o talento dos profesionais consistirá en descubrilo e permitir ser guiado por esa intuición.

Poder dispor dunha tecnoloxía que nos permite traballar en equipo vivindo en Ferrol, A Coruña, Lisboa e Londres é a gran vantaxe que temos neste mundo. Coordinar desde Galicia e Lisboa a storyborders, asesores técnicos, deseñadores de layout, coloristas, iluminadores, ... é unha inmensa sorte. Cada pequeno detalle da produción foi minuciosamente coidado, desde o story até a grafía dos títulos de crédito de abertura e peche, deseñando unha fonte exclusiva debuxada a man e que se integra perfectamente á estética do XIGANTE.



Referencia imaxe de Ferrol

Gustamos de introducir elementos referenciais. Nesta ocasión e ao tratarse dunha viaxe –metáfora do camiño da vida- mostramos como punto de partida da andadura do Xigante e da Nena a fermosa Ría de Ferrol. O proceso de trasladar unha paisaxe real a un debuxo animado cunha estética moi determinante resulta tan interesante desde o punto de vista artístico como curioso. Así, chegamos ao seguinte resultado:



Imaxe Ferrol en layout

Banda Sonora

Cando unha película carece de diálogos, a música pasa a ser a voz dos protagonistas e, por tanto, adquire unha relevancia maior, de aí a importancia de contar cun experto compositor que poida facelo con brillantez. Nani García, quen acompañou moi de preto o proceso de creación, agasallounos cunha composición musical tan inspirada que as súas partituras semellan pintadas a acuarela... e os corenta e oito músicos da Galiza Filme Orquestra dirixidos por David Ethave foron a valiosísima achega que en escasas ocasións é posible chegar a contar para unha curtametraxe. Pero que sen dúbida supuxeron a guinda a un ano de inmenso e emocionante traballo.



MKG e publicidade

Coa pretensión de presentalo no maior número de festivais nacionais e internacionais, así como vendelo nos diferentes mercados, traballamos coa Distribuidora especializada en curtas MARVIN & WAYNE, e confeccionamos unha serie de elementos promocionais que nos facilitaron este traballo que, desde abril de 2012, ten xa acadado importantes premios internacionais, e seleccionado a competición oficial nos máis prestixiosos, como Clermont-Ferrand, Animac, Brasilia ou KinderFilmFest.



O XIGANTE recibiu a axuda da Xunta de Galicia -AGADIC- e do ICAA, e está patrocinada polo Concello de Ferrol.

A Academia Galega do Audiovisual premiouna co Mestre Mateo, á Mellor Curtametraxe de Animación do 2012.

A Editorial Galaxia vai convirtilo nun CONTO DE CINEMA ao seleccionalo para formar parte desta colección cunha adaptación infantil escrita por Francisco Castro.

Unha vez máis estamos a comprobar como unha pequena historia vai camiño de transformarse nunha gran historia.

¿Tal vez XIGANTE?

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



Sabela Arán

Mellor Interpretación Feminina Protagonista por "Vilamor"

Que nos deixen FACER

O motivo polo que estou escribindo isto é porque na XI Edición dos Premios Mestre Mateo, os académicos e académicas decidiron que fose eu quen recollera a pesada figuriña con motivo do meu traballo como actriz protagonista na película de Ignacio Vilar: "Vilamor". Que curioso... en menos de dous anos traballei na que foi a miña primeira película e recibín un premio por iso. Podo dicir sen lugar a dúbidas que en "Vilamor" comezou todo. Era a primeira vez que me presentaba a unha proba para un filme galego e, confeso que con moi poucas esperanzas. Pero despois de catro horas que para min foron eternas... Ignacio deume o SI. A partir dese momento comezou unha aventura que aínda dura nestes días e que indiscutiblemente marcou a miña curta vida laboral.

Descoñecía a existencia de comunas posfranquistas en Galicia, descoñecía parte dos principios que movían a esas persoas a instalarse en casas abandonadas noutros tempos, descoñecía totalmente a forma de sentir dos seus protagonistas... ata que entrei en contacto con eles. Durante a etapa de ensaios previos á rodaxe, tivemos a posibilidade de coñecer a esa xente e o seu entorno. Este encontro foi fundamental á hora de comprender a historia que Ignacio quería contar e á hora de saber facelo, no meu caso, dende o personaxe de Sonia.

Crear un vínculo entre os actores que despois interpretarían aos integrantes da comuna foi vital e, inconscientemente, xurdiu. Compartir horas de rodaxe e de tempo libre con todos eles creou uns lazos que seguro non desaparecerán: a "comuna paralela" da que falo con frecuencia.

Nunca tivera unha experiencia tan completa nunha rodaxe; descoñecía por completo a qué me ía enfrontar e, nesas nove semanas e media dinme conta do que era o cine. As complexas localizacións, o clima intempestivo, os incontrolables animais, as discusións necesarias e as imprevistas... todo iso vivímolo en "Vilamor". Ignacio conseguiu xuntar a un grupo de profesionais que o deron todo por sacar esta historia adiante e, teño que dicir: qué sorte! Eu era consciente da responsabilidade que tiña cada un e eu mesma e, temía non estar ao nivel dos demáis. TODO o equipo técnico, o resto do reparto, en definitiva, os compañeiros, axudáronme tanto no proceso, que sei que gran parte do resultado do meu traballo, foi gracias a eles.

É ben sabido por todos que a aventura non rematou aquí. A "Caravana Vilamor" que tantos quilómetros percorreu, achegou a historia dos comuneiros a tódolos recunchos de Galicia, e moitos outros do resto do mundo.

De todo isto cada un sacou as súas conclusións. Eu me levo moitísimo además dun Mestre Mateo: lévome unha morea de coñecementos, de experiencias, de xente e lugares que coñecín. Un enriquecemento xa non tanto profesional senón máis personal.

Dende entón non podo ter nin a menor queixa sobre como me están indo as cousas. Podo presumir de que traballei nunha das nosas mellores series, "Matalobos"; contaron conmigo para participar en series web como "El Quid", "Clases de lo social"... O importante é seguir facendo o que nos motiva. Loxicamente sen medios é complicado pero non imposible; exemplo disto son a cantidade de curtas, documentais, longas ou series web que están dando tanto que falar e que continúan deixando o noso audiovisual "on top" a pesar das dificultades.

Eu non vivín outras épocas das que me falan algúns compañeiros nas que as producións e o traballo eran abundantes, non coñecín eses momentos e non os podo comparar ao que estamos/estou vivindo agora. A pesares diso, digo coa boca ben aberta que é motivo de orgullo ter metida aínda que sexa a punta do pé, nun audiovisual que tan ben nos representa tanto dentro como fóra das nosas fronteiras con produtos audiovisuais da mellor calidade; que conta con xente que SABE o que fai e que, o que quere, é FACER. Que aínda que as cousas non están como deberían, a forza e as ganas de todos chegan máis lonxe que as dificultades coas que nos estamos atopando na actualidade.

En definitiva, estou e estarei eternamente agradecida á toda a xente que contou conmigo para contar historias por pequenas que foran, e a toda a xente que valorou o traballo desta rapaza con tan pouca experiencia que, o único que pretende é a difícil tarefa de poder sobrevivir facendo o que máis lle gusta. Como dixen cando subin a recoller o Mestre: "Espero que nos vexamos moito as caras..."

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



Fernando Cortizo

Mellor Dirección por "O Apóstolo"

Cine galego, habelo hailo

Atopábame agora escribindo, coma sempre tarde e correndo, unhas liñas para a revista da Academia Galega do Audiovisual, referente ó meu premio como director na última gala dos premio Mestre Mateo, cando acabo de recibir a noticia da morte dun amigo, dun compañeiro e dun dos máis grandes actores da historia do noso cine, Xosé Manuel Olveira Pico; o meu Don Cesareo (O Apóstolo), Dr Hermes (O ladrón de bonecas) ou Victor (Leo), entre outros.

Neste momento decátome de que todo o meu percorrido como director está intimamente unido a el, por iso gustaríame falar do noso cine, dos nosos directores, dos nosos profesionais e dos nosos actores para que non esquezamos nunca de onde vimos nin perdamos nunca a memoria de todos os que como Pico forman parte indisoluble da nosa cultura.

Cando estaba documentándome para escribir o guión de "O Apóstolo" entrevisteime con varias persoas, a maioría de idade avanzada, que dicían ter visto á Santa Compaña. Todas elas referíanse a procesións de mortos, a luces nocturnas no bosque e incluso a sombras que murmuraban os seus nomes no medio da noite.

A pesar de que eran bastante incrédulas sobre o tema das aparicións, coñecían gran cantidade de historias, lendas ou rumores; pero todas xuraban que a súa experiencia fora real. Ó preguntar a persoas máis novas a cousa cambiaba; moitas ríanse, outras apenas sabían nada e incluso algunhas descoñecían o tema.

A Santa Compaña foi levada ó cine en poucas ocasións ("El bosque animado", 1987 de José Luis Cuerda, "Los muertos van deprisa" 2008 de Ángel de la Cruz, ou "El liguero mágico" 1980 de Mariano Ozores entre outras poucas).

Gran parte do cine español esquece, coma se se tratase da Santa Compaña, de todas as nosas historias, as nosas lendas, os nosos mitos; tratando de imitar as exitosas producións do cine norteamericano, os seus ritmos, a súa narrativa e incluso o seu idioma (como recomenda vergoñosamente o noso ministro de Cultura....cousas veredes). O cine norteamericano, con todas as súas grandes virtudes e calidades, está concibido como unha industria, fabricado para un público global, con historias máis ou menos homoxéneas e poñendo coma exemplo de sociedade a súa. Pero O Cine, coma calquera outra Arte, e en calquera país, debe ser a imaxe da sociedade na que se crea, debe falar do pasado, do presente, das esperanzas ou dos sonos, dando cabida a calquera tipo de xénero (terror, fantasía, cine social, humor, drama), pero para facelo con honestidade sempre falando do propio, do que de verdade coñecemos, de nos mesmos.

Coma aconteceu en Francia coa "Nouvelle vague", co "Neorrealismo en Italia", o "Cinema Novo Brasileiro" ou incluso co actual Cine Arxentino, a personalidade das súas películas non só entreteñen, emocionan, fan rir ou chorar, xeran terror ou incluso aburren, senón que amosan quen son, quen eran ou queren ser, cal é a súa realidade ou como é o seu imaxinario; que lles asusta e que lles fai rir. Só así, seguindo os nosos propios pasos poderemos acadar xerar interese e crear un cine auténtico.

A pesar de todo eu non sei se crer na Santa Compaña, pero podo asegurarvos que como o noso cine. ¡Habelo hailo!

PICO, sempre nos nosos corazóns, sempre na nosa memoria, sempre na nosa historia.

"O Cine, coma calquera outra Arte, e en calquera país, debe ser a imaxe da sociedade na que se crea"

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

>

Alberto Díaz "Bertitxi"

Mellor Dirección de Fotografía por "Vilamor"

Creando a fotografía de Vilamor



"Vilamor" desprendía aromas fotoquímicos con fluxos de traballo tradicionais"

"Vilamor" é unha longametraxe producida por Vía Láctea Filmes, o fundador desta produtora e artífice desta longametraxe é o produtor e director Ignacio Vilar.

As conversas con Ignacio comezaron no ano 2010; faloume dunha comuna que existía dende mediados dos anos setenta do século pasado no Concello de Negreira de Muñíz na Comarca da Fonsagrada (Lugo). Ignacio xa estivera rodando por esas terras o seu documental "A Aldea: O Antigo e o Novo" dez anos atrás e coñecía con moita exactitude a forma de vivir destes comuneiros.

Fixemos varias viaxes a este lugar composto por varias aldeas de comuneiros (Foxo, Vilauxín, Vilar, Cancio e Ernes), aldeas que ficaron illadas polo encoro de Grandas de Salime. Tiven o pracer de coñecer a varios comuneiros pioneiros e de xeracións posteriores cos que aprendín a mergullarme no seu mundo libertario. Falamos, convivimos, fumamos, fixemos pan pero sobre todo tiven que escoitalos para coñecer o seu mundo.

Unha parte da película rodouse pola Serra dos Ancares; facíamos base no Piornedo (unha aldea composta por Pallozas, arquitectura popular e que posteriormente rodaríamos nunha delas) no marabilloso Hotel Pionerdo deseñado por Pedro Del Llano. Manolo, o dono do Hotel Pionerdo, gran coñecedor da montaña e rutas que levan a cumios tan fermosos, como o Cuíña, Mustallar e Penalonga. Manolo púxonos, a Ignacio e a min, a proba coa montaña, para saber se eramos xente digna de roubar imaxes destes espazos, facendo unha destas rutas en pleno inverno e caendo unha nevada impresionante. Foron seis horas de camiñar enterrados na neve ata os xeonllos; foi como fixemos a nosa irmandade coa montaña.

Con Ignacio fixen longas e amenas horas de oficina falando das referencias que tiña na súa cabeza e segundo pasaban os días as referencias que poderían ter importancia para Vilamor. Falamos da fotografía o servizo da historia, os claroscuros e apagados tons da luz natural do húngaro Vilmos Zsigmond na longametraxe "Heaven´s Gate" de Michael Cimino, o control da luz de lume e os candís do mestre Néstor Almendros en "Days of Heaven" de Terence Malick, as paisaxes fotografadas por John Alcott en "Barry Lyndon" de Stanley Kubrick. As pinturas iluminadas con candelas de George De La Tour, as paisaxes de Camile Corot e Claude Manet. O poema de Manoel Antonio, publicado no libro de "Catro a Catro", O Son da Liberdade.

Estes tres previos, cos comuneiros, con Manolo e por suposto co director de Vilamor, Ignacio Vilar, foron determinantes para min para chegar as conclusións estéticas de Vilamor: que tipo de fotografía queríamos, dende o encadre, as texturas e a cor.

Ignacio e eu dubidábamos soamente dende o punto de vista orzamentario, se cinematografía dixital ou 35mm, despois de pedir, chequear distintos orzamentos e valorar moitos fluxos de traballo, decidimos rodar en 35mm sen intermediate dixital, facendo as copias por contacto. "Vilamor" desprendía aromas fotoquímicos con fluxos de traballo tradicionais. Crear dúas texturas para as dúas épocas das que fala esta longametraxe era fundamental xa que os

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Creando a fotografía de Vilamor

Alberto Díaz "Bertitxi" Mellor Dirección de Fotografía por *"Vilamor"*

espazos exteriores non tiñan transformacións significativas, agás os modernos métodos para recoller enerxía eléctrica (placas solares), a forma de vestir máis colorista e nos espazos interiores unha transformación con elementos máis próximos a este decenio. Hai unha parte da longametraxe que é época, transcorre a mediados dos anos setenta do século XX; e outra parte que é actualidade, no arranque do segundo decenio do século XXI.

Neste fluxo de traballo soamente fallounos a relación de aspecto, a Ignacio e a min encantaríanos rodar en 2.35:1; tiña moito sentido, unha película moi coral, con moitos actores por secuencia e unha película con moita paisaxe, relación de aspecto moi agradecida para recrearse nas postas en escena e na paisaxe. Non poder asumir o 2.35:1 xurdiu coma case sempre por problemas orzamentarios.Tiñamos claro que non queríamos sacrificar as texturas do 35mm para gañar unha relación de aspecto. Unha das fórmulas para conseguir o ansiado 2.35:1 era rodar con lentes anamórficas pero non podíamos rodar con estas lentes, demasiado caras. Tíñamos a posibilidade e debíamos rodar con lentes esféricas moi luminosas (en "Vilamor" rodamos con Zeiss Ultraprime T1.9) para expoñer con pouca luz, xa que os accesos as nosas localizacións eran moi complicados, a clave era levar a mínima cantidade de material posible.

Outra forma de chegar a esta relación de aspecto desexada era rodar en 3perf. e traballar con intermediate dixital, o orzamento tampouco permitía este fluxo de traballo, encarecía en exceso. Por último vimos unha pequena luz ao final do túnel que era rodar en 2perf. con lentes esféricas con fluxo de traballo por print e aforrando o 50% do consumo de negativo, un formato recuperado do pasado, chamado Thechniscope cunha relación de aspecto por defecto de 2.39:1, utilizado nos spaghetti-western de Sergio leone nos anos 60 do século XX, películas de baixo orzamento e o Thechniscope aforraba moitos costes. Pero esta luz apagouse xa que no estado español non tiñamos cámaras preparadas para 2perf., nin telecines. Tivemos que rodar ca relación de aspecto máis panorámica con lentes estéricas e fluxo de traballo por contacto, o 1.85:1 que o espremembos ao máximo.

Despois de ter pechado o fluxo de traballo e a relación de aspecto, tivemos que atopar unha cámara de 35mm rápida para poder movela por esas montañas con eses accesos tan complicados, tamén unha cámara que puideramos configurar rapidamente para cámara en man e para trípode. Atopamos a solución na rapidísima Arricam LT mesturada cos Lite Steadycam Magazine, chasis para cargar 122m. de negativo e moi lixeiros; esta era a nosa configuración para cámara en man. Ignacio e máis eu decidimos facer na parte de época unha cámara máis ceivada, que non estivera ancorada a cabeza dun trípode, unha maneira de operar a cámara máis acorde cos tempos libertarios que corrían a mediados dos anos setenta do século XX por estas latitudes, en contraposición co presente que operouse como unha cámara estática, ancorada ao trípode.

En Vilamor utilizamos tres negativos distintos de Kodak para crear tres texturas diferentes. Para os exteriores de inverno con neve, filmamos co Vision 3 5219 pola súa xenerosa latitude nas altas luces. Na parte da película que transcorre a mediados dos anos setenta, o negativo 5230 recén saído a o mercado, no 2011, foi unha recomendación de Alejandro Paino (Responsable de Kodak na Península Ibérica), despois de facer probas con este negativo, dinme conta que estaba moi próximo no gran creado pola gama Vision 2 5218, este motivo fixo que quixera rodar co 5230. A parte da película que transcorre no presente queríamos un negativo máis definido e case sen gran; optei polo Vision 3 2507. Tamén cos filtros de cámara axudei a crear outra textura a maiores, sumada a textura creada pola personalidade de cada negativo. Na parte de época utilizamos filtros da serie 81 para quentar con difusores de todo tipo para romper a definición das ópticas Zeiss Ultraprime T1.9, ao contrario que na parte da película que transcorre no presente utilicei filtros da serie 82 para arrefriar e eliminei os difusores para deixar libre a dureza das ópticas Ultraprime T1.9.

A dificultade maior foi recrear a luz dos candís e do lume que tíñamos nos interior da casa comunal e os exteriores de noite, xa que nesa época nestas aldeas comunais non tiñan luz eléctrica. En cadro tíñamos moitos farolillos con chama e moitos outros os falseábamos con lámpadas de incandescencia de 100w que alimentábanse de baterías que escondíamos nos propios farolillos que levaban os actores e filtrados con Pale Yellow e distintas densidades de CTS.O lume en cadro era real e o que estaba fora de cadro para iluminar as peles dos actores o facíamos con queimadores de gas regulados segundo conviñera.

Por todo isto considero que "Vilamor" ten unha fotografía que parte do realismo pola meu estudo-observación dos espazos e intentei reproducir a realidade o máis fielmente posible, con obxectividade, pero coa suficiente manipulación como para convertela nunha longametraxe cunha fotografia Naturalista.

Por último, teño que recoñecer o inmenso esforzo e marabilloso traballo que levaron a cabo o meu equipo de cámara, Berto Palacios, Dierdre Canle, Yago Rego, Ángel Santos e Xurxo Lobato. O equipo de eléctricos capitaneados por Roberto Quinteiro. O maquinista M.A. O equipo de produción capitaneado por Dani Froiz e Alberto Tomé que fixeron que chegáramos a todos os recunchos da Fonsagrada e dos Ancares. O traballo de dirección de arte que foi sobresaínte capitaneado por Curru Garrabal. O meu etalonador Alberto Solís, fixo un traballo excepcional, traducindo as miñas sensacións a densidades e cor no Color Master. Neste proceso de traballo, na etalonaxe, estaban pechando Fotofilm Deluxe para converterse na actual Deluxe Spain, "Vilamor" foi a última película etalonada en Color Master na sede de Pilar de Zaragoza!!!!

Grazas a toda este marabilloso equipo, "Vilamor" ten dous recoñecementos na fotografía (Best Cinematography no New York City International Film Festival 2012 e nos XI Premios Mestre Mateo a Mellor Dirección de Fotografía). Tiven o pracer de deseñala e gozala co director desta longametraxe, Ignacio Vilar. Grazas por confiar no meu traballo.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



María Hernánz

Mellor Dirección de Arte por "O Apóstolo"

A arte no cine

Aínda que xa traballara anteriormente noutras curtas de animación en stopmotion con Fernando Cortizo, facer a longametraxe "O Apóstolo" supuxo todo un reto a nivel profesional. O proxecto cativoume dende un principio tanto, que collín a maleta e a miña familia, e deixamos o mar de Portonovo para ir a Santiago.

A medida que coñecía mais información sobre o filme (guión, storyboard, os personaxes, a ambientación, etc.) a miña ilusión ía en aumento. A boa conexión con Fernando, o director, e a mesma visión de como tiñan que ser os acabados, facilitoume o traballo de investigación e documentación fotográfica.

O máis importante para min era rodearme dun bo equipo, e o conseguín. Tiven o mellor grupo de compañeiros co que alguén pode traballar e compartir tantas e tantas horas. Cada un achegou o mellor de si, e o resultado final foi incríble: máis de cincuenta decorados onde se pode apreciar ata o mais mínimo detalle. Dende a biblioteca de Don Cesareo chea e chea de libros antigos por todos os recunchos, un tétrico cemiterio, unha enxebre taberna ou a mesmísima catedral de Santiago.... ata os bosques de carballos que rodean o pobo de Xanaz.

O traballo artístico foi marabilloso e moi creativo. Cada un dos decorados propoñía dificultades diferentes, máis aínda tendo en conta que nos sets de rodaxe todo tiña que estar firmemente suxeito, ata unha corda "en movemento", tiña que ter a máxima rixidez para evitar o mais mínimo e inapreciable desprazamento durante a animación e, á vez, parecer flexible. Estudamos detidamente cada obxecto e cada lugar co que o moneco interactuaba. Recordo un campo cheo de millo no que Ramón, o protagonista, asomábase sixilosamente apartando coas súas mans as plantas coas mazarocas. Como facer o millo para que "se mova", pareza real e non teña retorno?...

Había que discorrer moito e buscar solucións a cada momento.

Empregamos moitas e diferentes técnicas e materiais segundo as necesidades de cada un dos decorados (talla en madeira, porexpan ou metacrilato, modelado con plastilina, reproducións en escaiola, acabados con texturas...). Para chegar o resultado final desexado, a derradeira fase foi a pintura. Escollemos as tonalidades adecuadas xogando coas texturas para imitar as humidades tan galegas nas pedras e a madeira, os envellecidos, os óxidos nos metais, etc. e recrear así un ambiente de abandono propicio para a historia, onde parece que se para o tempo.

Cada un dos diferentes departamentos fixo unha grande labor. O Apóstolo non sería posible sen o grandísimo esforzo e o talento dos máis de cen profesionais que traballaron a reo neste proxecto. Por iso, penso que facer unha película de animación coa técnica do stopmotion é pura artesanía, unha xoia nestes tempos dominados pola tecnoloxía. Teño que nomear tamén e dar as grazas a tanta e tanta xente que, sen traballar nel, apostou e implicouse persoalmente neste proxecto.

Aínda que agora "O Apóstolo" está tendo un gran recoñecemento xa a nivel internacional, participando e gañando grandes festivais e recibindo moi boa crítica, quero dicir que é posible grazas a ese esforzo titánico de moita xente e o duro percorrido e a esgotadora loita que aínda libran especialmente Isabel Rey e Fernando Cortizo. De non ser así, este traballo, como pasa con tantos outros, quedaría no esquecemento. Resulta desalentador pensar que un bo cine feito con calidade non reciba o apoio dos gobernos e as institucións pertinentes, e que as carteleiras estean cheas de filmes comerciais feitos polos "grandes". Dende aquí, apoiemos o bo cine feito en Galicia, e o bo cine en xeral.

Xa por último, aproveito para dar as grazas os académicos que apoiaron "O Apóstolo" nos premios Mestre Mateo 2013. E só teño que engadir que persoalmente, o feito de realizar este traballo, xa foi todo un premio a pesar da carga e sacrificio persoal que me implicou.

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Mónica Ares

Mellor Realización por "Galegos no mundo"

"O Mestre Mateo foi o colofón dun premio en si mesmo"



"Dirixir e realizar cada capítulo é un reto. Non son actores, son xente anónima que nunca antes se puxera diante dunha cámara, e moito menos fixera de 'reporteiro'"

Empecei a traballar en Galegos no Mundo en 2010. A miña memoria encheuse de experiencias inesquecibles. Lugares e xente que non podería coñecer en toda unha vida se non fose este marabilloso traballo. Fóra deste privilexio, que non teño ningún reparo en recoñecer, a rutina profesional en si tamén é moi satisfactoria porque un día non se parece a outro, nin o sitio, nin as persoas que pasan polo programa, polo tanto, é de todo menos rutineiro.

Levamos máis de 60 gravacións por todo o mundo, cunha media de 5 ou 6 galegos protagonistas por capítulo. Dirixir e realizar cada un deles é un reto. Non son actores, son xente anónima que nunca antes se puxera diante dunha cámara, e moito menos fixera de "reporteiro". Eles condúcennos polos seus lugares favoritos e cóntannos o que saben da cidade ou vila onde residen, sen ser guías turísticos nin presentadores. Para conseguir que se sintan cómodos temos que crear, en moi pouco tempo, un clima de confianza que os faga sentirse seguros para que o conten sen que se sintan incómodos.

Cada persoa é un mundo e temos que ter moita psicoloxía para lograr un clima de gravación favorable. Aí comeza o labor de dirección e realización. Esta váinola dando a localización, as accións que van aparecendo in situ, os encontros coa xente, etc. Non temos nada predeterminado salvo os lugares previstos para amosarlle ó espectador e o timing. Loxicamente, o que pasa ó noso arredor é imponderable. E iso é o bonito da gravación.

Unha vez rematado o día, temos un sistema que nos permite o envío de material compactado para a edición, mentres nós continuamos a xira por outros países.

O labor remata coa revisión, canda o editor, unha vez que regresamos dos destinos.

A miña experiencia como directora e realizadora en Galegos no Mundo é moi satisfactoria e se, por riba, os profesionais do sector che recoñecen o traballo cun Mestre Mateo, que máis se pode pedir?

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Xavi Font

Mellor Música Orixinal por "O Apóstolo"

Compoñendo "O Apóstolo"



"Na preestrea quíxose proseguir con este concepto artesán e facer visible o que na nosa cultura audiovisual semella invisible: a música"

Notas sobre a banda sonora

Cando empecei a escribir este proxecto, incluso antes de rematar o primeiro guión, xa tiven algunhas reunións co que máis tarde sería un dos compositores da banda sonora, Xavi Font.

Sabía que a música era un dos elementos clave neste proxecto, e quería traballar con tempo xa que tratábamos de facer algo diferente e que non só acompañara á imaxe, que tamén aportara información sobre a historia e as personaxes.

Cando Philip Glass se uniu ó grupo, un soño feito realidade para min, o traballo e a música fluíron dun xeito sorprendente; traballando sobre unha mesma idea, Arturo Vaquero, Xavi Font e Philip Glass, integraron á perfección as súas ideas e dotaron á película dunha persoalidade musical única, asentada sobre referencias de música galega medieval e con potentes elementos de corda e percusión.

Creo, e dígoo como espectador, que estamos diante dunha grandísima banda sonora, e para min coma director foi un verdadeiro pracer traballar con estes tres xenios.

Grazas, ós tres.

Fernando Cortizo
Director de 'O Apóstolo'

O Inicio

Empezamos a preparar o proxecto con Isabel e Fernando no inicio do ano 2008, e non dubidei en propoñer a Arturo Vaquero para que me acompañara nesta aventura, coa cal reamataban tantos anos de excelente traballo conxunto, xa que dende ese intre seguíamos a nosa andadura individualmente, colaborando de forma máis eventual.

Unha das primeiras cousas foi poñer a mochila nas costas e facer o camiño de Santiago dende O Cebreiro. Era un bo comenzo para ir pensando na música da película e facer fotos cunha cámara que me prestou Artefacto para captar algunhas imaxes, de pobos e carballeiras, que puideran servir a María Hernanz para o seu traballo coa dirección artística.

No camiño dinme conta da cantidade de ritmos que nacían da propia respiración, xunto co son do pao de peregrino e máis os pasos no chan. Entre os tres elementos formábase unha variedade rítmica na que se cociñaron os cimentos de varias pezas para a película: a Santa Compaña, os créditos finais e algunha máis.

Por certo, saibades os músicos que as subidas eran cun interesante 5/4 e as baixadas nun 6/8 :)

>

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



Compoñendo "O Apóstolo"

Xavi Font Mellor Música Orixinal por "O Apóstolo"

Philip Glass

Sabendo o atractivo do proxecto e tendo en mente iso de que 'as barreiras, mellor que as poñan os demais', pensamos en engadir valor á película tentando a unha sinatura trascendente na banda sonora e xurdiu a posibilidade de contar con Philip. Obviamente foi un revulsivo enorme para todos poder traballar cun compositor coma el, sen o cal non poderíamos entender a música do século XX.

Unha das anécdotas foi no primeiro encontro que tivemos en Xixón, en Marzo de 2009. Houbo un momento moi simpático: Isabel Rey empezou a contarlle a síntese do guión a Philip, pero el interrumpeuna para dicir que xa o tiña lido e resumiu catro conclusións rápidas que deixaron patente a súa capacidade de traballo e de análise. Á vez que cintura á hora de convencer a Fernando de que non abusara da música, para que o seu papel estrutural e dramático non se vira rebaixado a un murmurio constante, que so se bota de menos cando desaparece. Que grande.

El pretendía facer os temas cunha formación de cámara da súa man, pero comentámoslle que tiñamos á Real FIlharmonia de Galicia máis o Orfeón Terra A Nosa, polo que ó final acabou compoñendo catro pezas (en lugar de unha que tiña por contrato, iso da idea da súa xenerosidade e implicación) para orquesta sinfónica e coro.

"O Apóstolo" en directo no Auditorio de Galicia

Unha das innumerables virtudes que ten 'O Apóstolo', sen dúbida, é o concepto artesán que a envolve. Dende a elaboración minuciosa dos decorados, bonecos, etc.. ata a súa manipulación na animación sendo movidos de doce a 24 veces por segundo. Esta 'artesanalidade' se contrapón a un direccionamento global cara o tecnolóxico no Cine (e en xeral) que motiva, por contraste, que aínda aumente máis o valor de esta producción no contexto actual.

Na preestrea quíxose proseguir con este concepto artesan e facer visible o que na nosa cultura audiovisual semella invisible: a música. De tal xeito que cando o público escoitara calquera dos 55 minutos de música en forma de efecto orquestral, colchón de voces ou golpe de percusión, puidera baixar a vista un momento e asistir á execución ao vivo alí mesmo.

Éste parecía o mellor xeito de responder a todo o esforzo e traballo invertido por todo o equipo, coa fin de facelo chegar ó público co mellor envoltorio musical posible, en consonancia co concepto artesá do filme.


Para chegar a facer todo isto posible foi indispensable cada un dos colaboradores que tivemos ademais do propio equipo da película: a Real Filharmonía de Galicia con toda a súa plantilla artística e técnica, o Orfeón Terra A Nosa e seu director Miro Moreira, Auditorio de Galicia, o director musical David Hernando, os orquestradores Antonio Peña e Julián Rodriguez, Anxo Pintos como zanfona solista, a voz de Carlos Childe na canción da maldición, estudios Mans e Rosalía Mera, o equipo de Sinergia, Queti Pazos e irmáns Juan e Jose VInader.

Chegada os cines e PMM'13

Como todo non podía ser de fábula, chegou a picada nos cines. principalmente por mor da distribución. Foi realmente frustrante ver que o traballo de tantos anos non podía chegar ó público, a pesares do éxito en tantos festivais internacionais.

Por ese motivo, a nomeación nos Premios Mestre Mateo xunto con grandes músicos e compañeiros, e posteriormente o premio en tantas categorías, incluíndo mellor película e mellor director, foi realmente un novo impulso dende 'a nosa casa' para que 'O Apóstolo' poida chegar finalmente ós espectadores de todo o mundo grazas ó voso soporte e ó traballo persistente que aínda seguen a facer Isabel Rey e Fernando Cortizo.

MOITÍSIMAS GRAZAS!!!



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



Arturo Vaquero

Mellor Música Orixinal por "O Apóstolo"

Non só é música

Como compositor sempre considero excitante e un novo reto afrontar unha nova banda sonora sexa do tipo que sexa, e no caso de O Apóstolo foi toda unha experiencia poder traballar nun filme desa calidade, animación stop motion no seu estado puro, a realización foi do máis artesanal e artística na cal a música tiña que estar á altura das circunstancias e en concordancia co resto de departamentos.

Compartir banda sonora con outros compositores non é doado xa que o principal problema que xurde é que temos que intentar entre todos crear unha homoxeneidade estilística para que non se perciban grandes variacións entre cada bloque musical, chegar a un estilo común sen perder a túa propia esencia e darlle lixeiros matices galegos sen caer no obvio foron a principal meta, unha banda sonora narrativa e dramática onde aos propios fans de Philip Glass lles fora moi difícil distinguir que bloques musicais son do afamado compositor e cales non.

Traballar co propio Philip Glass (El show de Truman, El ilusionista ...) e tamén con Xavi Font foi toda unha experiencia case irrepetible, de moitas horas de estudio e duro traballo, persoalmente nunca compoño de igual maneira nin incluso do mesmo estilo xa que sempre traballo polo ben da película e o seu resultado final por riba de todos os egos musicais que poida ter como compositor; desta maneira, o resultado sempre é o mellor para a correcta narración da historia. Unha banda sonora non debería de separarse da súa irmá imaxe xa que temos que pensar que foi composta para a mesma e moitas veces escoitada en solitario pode perder o sentido narrativo coa que foi composta nun principio, pero, por outro lado, a música ten o poder de ser independente e escoitala en solitario pode evocar novas historias e paisaxes que pode axudar ao oínte que coñecía de antes a banda sonora ir a ver a película.

A dirección de Fernando Cortizo e as súas directrices de como desexaba que fora a música de O Apóstolo resultou primordial para o resultado final, unha banda sonora que vai crecendo e complicándose a medida que a historia medra e se volve máis dramática; Fernando, como bo director, deunos moita liberdade musical para espremer a nosa creatividade e sacar o mellor de cada un de nós, unha boa estratexia que mellorou con creces o resultado final. Compuxéronse moitos minutos de música para quedarnos finalmente cos indispensables e non saturar moito a película deixando que os ambientes sonoros tivesen os seus momentos e narrasen por si mesmos.

En canto á gravación da banda sonora foi espectacular e como se previa bastante complicada xa que son partituras con conceptos de composición máis





contemporáneos e de difícil interpretación desde o punto de vista dunha orquestra clásica, pero finalmente a Real Filharmonía de Galicia estivo á altura dando o mellor de si mesma; valorar tamén o esforzo realizado por todos os seus integrantes, así como do director de orquestra elixido para a gravación, David Hernando, co que xa traballaramos anteriormente na banda sonora de Agallas, coa Bratislava Symphonic Orchestra. Tamén foi un pracer traballar con moitos artistas afincados en Galicia, como o Orfeón Terra Nosa, Anxo Pintos, Carlos Childe e moitos máis. Un punto importante a destacar é o feito de ter gravado en estudios galegos como Mans, Cinemar ou Abrigueiro Estudios, que demostraron a súa profesionalidade no ámbito do son sobradamente, creando un resultado de moi alta calidade, de todo un gran equipo cuxa esencia era crear una banda sonora feita maioritariamente en Galicia pero que estivera á altura das súas competidoras estranxeiras.

A edición da mesma realizouse baixo o propio selo discográfico de Philip Glass "Orange Mountain" e está dispoñible en plataformas como iTunes.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



Marta García
Mellor Dirección de Produción por "O Apóstolo"

O Apóstolo: seis anos de loita animada para non acabar un caixón

En primeiro lugar quero volver a dar as grazas a aquelas persoas que consideraron o traballo de produción de O Apóstolo, así como a quenes o fixeron coas demais áreas da película que tamén foron premiadas. Realmente foi un proceso no que se sumaron moitos esforzos para que a película saíra adiante.

Case tres anos despois resúltame difícil facer un resumo do que foi a miña experiencia traballando en O Apóstolo. A verdade é que foi un camiño duro, non falto de obstáculo se retos. Por un lado, a nivel interno, era complicado manter en movemento unha máquina dunhas 100 persoas que falaban dez idiomas diferente se viñan doutros tantos contextos culturais e laborais. O multiculturalismo enriqueceu enormemente e en tódalas súas fases a película, pero como en todo acto de intercambio e desenvolvemento, os procesos foron complexos.

Por outro lado, tamén a nivel externo intentáronse poñer paus na roda. Case cada semana chegaban voces que contaban como diferentes axentes do sector aseguraban en despacho se encontros que a película non se acabaría nunca ou emitían xuízos de valor negativo se gratuítos. De novo, gustaríame dar as grazas a estas persoas, pois as súas críticas tamén servían de alento.

Fai dúas semanas tiven a oportunidade de presentar O Apóstolo no Festival FANTASPOA de Porto Alegre, en Brasil. O público asistente, despois de ver a película, dábanos as grazas polo traballo, pois realmente lle "mereceu a pena" ir á sala. Precisamente esa pregunta me perseguiu dende o principio. En numerosas ocasións durante a rodaxe cuestionábame se realmente compensaba o que estaba facendo. A resposta sempre foi afirmativa, aínda que por momentos fora difícil encontrar os motivos.

De novo a resposta é afirmativa cando o público che di que lle mereceu a pena recorrerse uns cantos kilómetros para vela, pero ¿que pasa se non existe ese público? ¿Que pasa se hai un público que quere vela e non pode porque as salas non teñen oco para ela? Entón, de novo pregúntome se realmente mereceu a pena adicar 2 anos da miña vida afacer unha película que a penas tivo público porque non tivo salas na que vela, ou porque nas que estaba programada fíxose en horarios intempestivos. Unha película que se está a proxecta ren grandes Festivais de todo o mundo (na datan a que escribo isto comeza Annecy, o Festival de Animación máis imporante do mundo no que O Apóstolo compite en Sección Oficial), que ten unha moi boa crítica e que obtivo o recoñecemento no sector en forma de seis Premios Mestre Mateo.

Neste senso, é interesante coñecer que en 2011 exhibíronse nas salas de cine un 38% de películas norteamericanas fronte a un 23% estatais e un 35% europeas. Un 69% de público foi as salas de cine para ver películas de EEUU, mentres que un 15% optou polas nacionais e un 14% polas europeas. Estes datos, baixo a mirada das políticas neoliberais, son suficientes para afirmar que o público quere películas norteamericanas e por tanto eso haberá que ofrecerlle. Sen embargo, debemos facer a mesma análise das diferencias en inversión para a promoción e preguntarnos sobre a propiedade das salas.

>

Alternativas de exhibición

Por sorte, encontrámonos nun momento no que hai máis fiestras de exhibición que as salas de cine, e polo momento estas non están controladas polas grandes corporacións norteamericanas que si monopolizan as salas. É interesante a estratexia de exhibición que se levou a cabo coa película "Carmina o Revienta", a cal se estreou simultaneamente a través de Filmin e salas comerciais. Varios meses despois, a longametraxe recadara 664.000 euros e tivera 279.000 espectadores – 60.000 descargas en Filmin, 70.000 compras de DVD e 17.000 espectadores nas 20 salas de

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O Apóstolo: seis anos de loita animada para non acabar un caixón

Marta García Mellor Dirección de Produción por "O Apóstolo"

cine. Segundo un estudo realizado polo xerente do portal de descargas, Juan Carlos Tous, se a estrea se fixera de forma tradicional, a película obtivera maior recadación pero menos público (138.000 espectadores). Sen embargo, a obra non encontrou distribuidora para a estrea tradicional inicialmente e finalmente só Yelmo accedeu, pois as demais entidades consideraban que a estrea online era competencia desleal. Entre elas, destaca Alta Films, a distribuidora propiedade de Enrique González Macho que acaba de botar o peche. González Macho, actual presidente da Academia de Cine, referíase a internet como o futuro durante a Gala dos Premios Goya de 2012. Engadía que "aínda é unha alternativa ou substituto, nin sequera un complemento" para a industria do cine. As palabras de González Macho reflexan o anacronismo dunha das Institucións españolas do Cine máis importantes que forma parte da Comisión mixta que está desenvolvendo a nova lei do cine.

Atopámonos nun momento no que o desenvolvemento non o controlan as grandes corporacións norteamericanas, quenes precisan de axudas externas –regulacións estatais confeccionadas a súa media- para situarse nunha posición favorable respecto aos demais operadores: tratan de re-monopolizar unha industria cuxas barreiras de entrada debilitáronse e novos axentes aparecen no sector replantexando o *status quo*. Ademais, Internet ofrécelles a oportunidade de saltarse os sistemas de protección do cine nacional que existen nos diversos Estados, como son as cotas de pantalla e distribución.

Dende a creación do GATT (*General Agreement on Tariffs and Trade*) en 1947 e a Ronda de Uruguay 1986 – 1994, centrada en flexibilizar o comercio de mercancías, Estados Unidos tratou de que o audiovisual se inclúa no acordo e se eliminen aranceis, cotas e acordos preferenciais. Dende 2009, a MPAA (Motion Pictures Association of America) fai un informe anual sobre as barreiras de exportación dos seus produtos e no caso do Estado Español chaman a atención sobre a cota de pantalla como unha medida que "ignora a demanda de películas de Estados Unidos e outros países non europeos e reprime o desenvolvemento de mercado das salas". O seu obxectivo, como noutros sectores de libre-cambio, é controlar o mercado.

Medidas de protección

Coas novas medidas do actual Goberno nacional, obcecado en privatizar o Estado, a MPAA débese estar frotando as mans. Eliminánronse diferentes axudas a través dos recortes presupuestarios nun 35%: 14,35 millóns de euros para axudar ao desenvolvemento do sector cinematográfico nacional. Ademais, inclúense as televisións autonómicas públicas nos procesos de privatización. É dicir, elimínanse as axudas e mecanismos necesarios para que exista unha industria audiovisual, pois é necesario acabar, en palabras do actual Ministro de Educación e Cultura, "coa cultura da subvención". Dito organismo traballou para que a opinión pública repita que a cultura –e neste caso, o audiovisual- recibe subvencións sen necesidade –cando as axudas públicas destinadas a este sector non son máis que as que reciben a banca, a construcción, as aeroliñas ou o fútbol, entre outros sectores. Ademais, o concepto de cultura como desenvolvemento foi perdendo forza fronte á noción de cultura como entretemento, o que facilita que a cidadanía deixe de defendela como servicio público básico e tampouco se escandalice cando se establece o valor do IVE nun 21%. Non obstante, a tan promocionada lei de mecenazgo –que finalmente manterase no 18%- realmente non supón un esforzo para os acredores privados, senón que o Estado achega unha porcentaxe sobre o invertido: o que cambia é o poder de decisión, que neste caso apostará unicamente por contidos rentables. Nesta lóxica, só as grandes empresas con garantías teñen capacidade de producir.

Sen embargo, o sistema de axudas anterior non presentaba un panorama moi distinto, pois as grandes corporacións recibían gran parte das axudas públicas xa que se presupoñía que serían máis capaces de realizar produtos rentables. Segundo o segundo informe de Axudas Públicas da Comisicón Nacional de Competencia doa no 2010, algúns criterios do MCU na concesión de axudas poderían afectar negativamente á competencia no sector ao favorecer de forma inxustificada a algúns operadores. As grandes compañías teñen réditos suficientes como para obter financiamento privado a través de créditos ou



a propia lei de mecenazgo, polo que as necesarias axudas públicas deberían reservarse para novos/as realizadores/aso u pequenas produtoras que non teñen as mesmas garantías ou posibilidades, a veces nin sequera produtos rentables economicamente pero cunha grande rentabilidade pedagóxica, social, patrimonial ou cultural. Grazas a unha política desenvolvida nesta liña naceu O Apóstolo en 2007, e durante seis anos ven loitando incesantemente para tratar de ser inicialmente máis que un proxecto e finalmente máis que unha película que se queda nun caixón.

O antropólogo Bolfy Cottom resumía así o caso de México, que ben pode ser aplicado ao Estado español: "O Estado voltou moi pragmático, interésalle a cultura na medida das ganancias que lle saca, só lle interesa como unha mercancía. Non veo vontade política, a xente nin sequera ten noción do que é cultura, así que comézase a traballar no tema a base de mitos e ocorrencias". Así é: o (os) Estado (s) deixaron de servir á cidadanía para servir aos mercados, e a cultura, que deixou de ser cultura para ser entretemento, é un gran mercado que axuda a mover non só a economía, senón tamén a identidade do mundo.

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- ENCONTROS XI PREMIOS MESTRE MATEO
- COLABORACIÓN COA ACADÈMIA DEL CINÈMA CATALÀ
- PROXECCIÓN EN MADRID DOS GAÑADORES DOS MESTRE MATEO



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



De esq a der: Xavier Jácome (Lendas Vivas) Marta Piñeiro (Matalobos / Padre Casares) moderadora da mesa, Ruperto García (Os Bolechas)

ENCONTROS XI PREMIOS MESTRE MATEO

Un ano máis, con motivo da XI edición dos Premios Mestre Mateo, leváronse a cabo os encontros entre os nomeados e as distintas escolas de Imaxe e Son de Galicia.

Como tódolos anos, poderíamos dicir que os Encontros Mestre Mateo contan con dúas fases. A primeira, é unha fase de visionado das obras que formarán a mesa, e a segunda o coloquio de ditos nomeados nas propias escolas.

A segunda parte, poderíase dicir que é a mais importante, xa que futuros traballadores da industria audiovisual poderán resolver todas as súas dúbidas con profesionais deste sector.

Este ano tiveron lugar dende o 12 o 18 de marzo, comezando polo IES Virxe do Mar de Noia, cunha mesa sobre o departamento de **Fotografía**. Esta mesa estivo composta por Lucía Catoira, directora de fotografía da curtametraxe "Anacos", Isabel Rega, auxiliar de cámara da longametraxe "Invasor", 2º auxiliar de cámara da longametraxe "Lobos de Arga", e foquista do spot "Sairemos como galegos" e Alfonso Vázquez, director de fotografía do documental "100% CEF".



De esq a der: Lucía Catoira (Anacos) Alfonso Vázquez (100% CEF) e Isabel Rega (Invasor/ Lobos de Arga/Sairemos como Galegos)

O mércores 13 de marzo estivemos na escola de Imaxe e Son de Coruña cunha mesa dedicada á **Realización**. Neste caso, estivo composta por: Xavier Jácome, nomeado a mellor realizador por "Lendas vivas", Marta Piñeiro, directora de "Padre Casares" e "Matalobos," nomeadas a mellor serie, e Ruperto García por "Os Bolechas" nomeada a mellor serie.

O xoves 14 de marzo tivemos dúas mesas simultáneas en Vigo. Unha no IES Audiovisual de Vigo, e outra na Escuela de Imagen y Sonido de Vigo e Escuela Superior de Artes Cinematográficas de Galicia.

No IES Audiovisual de Vigo, formouse unha mesa sobre **Produción**, composta por Helena Ocampo, produtora do documental nomeado "100%CEF", Tomás Conde, produtor da curtametraxe de animación finalista "Equilibrium" e Juan Galiñanes, realizador e produtor do nomeado anuncio publicitario "O viño que sabe a festa, Festa do Albariño".

E por outro lado a mesa de **Curtametraxes e Videoclips** na Escuela de Imagen y Sonido de Vigo e Escuela Superior de Artes Cinematográficas de Galicia, formada por Xacio Baño, director de "Anacos" , nomeado á mellor curtametraxe; Sonia Méndez, directora de "Conversa cunha muller morta", nomeada á mellor curtametraxe; Jorge Saavedra director de "Mr. Smith and Mrs. Wesson", nomeada á mellor curtametraxe; Enrique Otero, produtor dos videoclips "Fendendo Hachas de Talabarte", "Un Piatto de Banda Crebinsky", nomeado ao mellor videoclip; e Xacome Alcántara e Sergio Rotea polo videoclip "Shame on us" de Holywater, nomeado ao mellor videoclip.

>



De esq a der: Helena Ocampo (100% CEF), Tomás Conde (Equilibrium), moderador da mesa, Juan Galiñanes (O viño que sabe a festa, Festa do Albariño)

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO
CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Encontros XI Premios Mestre Mateo



De esq a der: moderadora da mesa, Xacio Baño (Anacos), Sonia Méndez (Conversa cunha muller morta), Jorge Saavedra (Mr. Smith and Mrs. Wesson), Enrique Otero (Fendendo Hachas e Un Piatto de Banda Crebinsky), e Xácome Alcántara e Sergio Rotea (Shame on us, de Holywater)



De esq a der: Adrián Reza (Galegos no mundo) e Sergio Frade (A muller do eternauta).

O venres 15 de marzo fomos ata Ourense o CIFP A Farixa, cunha mesa dedicada á **Produción**. Esta mesa estivo composta por Adrián Reza, director de produción de "Galegos no mundo", nomeado a mellor programa de televisión e Sergio Frade, produtor do documental "A muller do eternauta", nomeado ao mellor documental.



De esq a der: Adrián Reza (Galegos no mundo) Alberto Tomé (Invasor) Alberto Guntín (Matalobos)

E finalmente, rematamos esta edición 2013 dos Encontros con outra mesa dedicada á **Produción**, sendo nesta ocasión na Fundación TIC o luns 18 de marzo. Neste caso repetiu o poñente da mesa anterior Adrián Reza con "Galegos no mundo" pero uníronse Alberto Tomé , xefe de produción de "Invasor" con varias nominacións e Alberto Guntín, produtor executivo de "Matalobos" serie que tamén opta a varias candidaturas.

COLABORACIÓN COA ACADÈMIA DEL CINÈMA CATALÀ

Dende o 2010 a Academia Galega do Audiovisual ven colaborando coa Academia do Cine Catalán dentro do proxecto "Intercambio" mediante o cal ambas academias intercambian os seus traballos nominados e gañadores nos seus respectivos premios co fin de atopar un achegamento cultural e audiovisual.

As longas gañadoras nos Mestre Mateo 11 en Barcelona

O martes 16 de outubro púidose ver nos Cines Maldà de Barcelona as gañadoras dos premios galegos Mestre Mateo 2011, outorgados o 28 de abril do 2012: a mellor longametraxe, Doentes, de Gustavo Balza, filme crepuscular que narra a historia de dous perdedores na Compostela dos anos 50 e que chegou a acumular ata cinco premios; o mellor documental, As silenciadas, de Pablo Ces, que entrelaza testemuñas históricas do movemento feminino e guerrilleiro antifranquista para acabar consolidándoo como alicerce crave da resistencia; e a mellor obra experimental, De amor e cantería, de Mikel Fuentes, unha curtametraxe de 13 minutos que recrea algunhas das pezas líricas do poeta galego Manuel María.







>

As curtametraxes nomeadas, no Filmets

A Academia rematou as actividades relacionadas cos décimos Premios Mestre Mateo coa proxección no Festival Filmets de Badalona das curtametraxes nomeadas na pasada edición de 2012.

O sábado 17 de novembro puidéronse ver no Teatro Zorrilla de Badalona as curtametraxes nomeadas e as gañadoras na pasada edición dos premios galegos Mestre Mateo: a mellor curtametraxe de ficción, "As damas negras", de Sonia Méndez, curta na que catro actrices ensaian unha obra sobre un asasinato nun teatro preto de onde un vagabundo aparece morto; a mellor curta de animación, "El club del bromista", de Luís Usón, que conta a historia de Víctor Alonso, un vendedor de artigos de broma a domicilio; e as nomeadas "Adivina quien viene a comer mañana", dirixida por Pepe Jordana; "Estereoscopía", de Xacio Rodríguez Baño; "La increíble historia de Macareno y la puta milagrosa", de Iria Ares; "3Kg" da produtora Ilusión Media; e "A banda (The Band)" de José Luís González González Barceló, estas dúas últimas nomeadas na categoría de animación. Previamente á proxección, as producións foron presentadas pola Secretaria da Academia Galega do Audiovisual, Sara Horta.



Colaboración coa Acadèmia del Cinèma Català

Proxección das longametraxes gañadoras nos V Premis Gaudí en Galicia

Proseguindo con intercambio "audiovisual" do 28 de maio ao 1 de xuño de 2013, proxectáronse no CGAI da Coruña algunhas das producións gañadoras dos V Premis Gaudí.

Así, o martes 28 de maio proxectouse "Blancanieves" de Pablo Berger, gañadora nas categorías de mellor Película en Lingua Catalana, mellor Dirección Artística (Alain Bainée), mellor Música Orixinal (Alfonso de Vilallonga) e mellor Vestiario (Paco Delgado). Previamente a esta exhibición, a secretaria da Academia, Sara Horta, fixo a presentación do ciclo.

O mércores 29 de maio foi a quenda da longametraxe nomeada na categoría de Película en Lingua Non Catalana "El bosc", de Óscar Aibar, gañadora na categoría de mellor Protagonista Feminina (María Molins).

"Una pistola en cada mano", de Cesc Gay, gañadora á mellor Película en Lingua Non Catalana, mellor Guión (Toàs Aragay e Cesc Gay), mellor Actriz Secundaria (Candela Peña) e mellor Actor Secundario (Eduard Fernández), proxectouse o xoves día 30 de maio.







Os Mestre Mateo en Barcelona

O último día do mes de maio proxectouse "Lo Imposible", de Juan Antonio Bayona, gañadora nas categorías de mellor Película Europea, Dirección (Juan Antonio Bayona), Montaxe (Elena Ruiz e Bernat Vilaplana), Fotografía (Óscar Faura), Son (Oriol Tarragó e Marc Orts) e Maquillaxe e Perruquería (David Martí e Montse Ribé).

Para rematar o ciclo de proxeccións, o sábado día 1 de xuño foi a quenda de "Tadeo Jones" de Enrique Gato, que gañou á mellor Película de Animación e os mellores Efectos Especiais / Dixitais (José María Aragonés).

Xa para rematar este intercambio as curtas nominadas aos X Mestre Mateo así como as longametraxes gañadoras viaxarán despois verán a Barcelona para seren proxectadas e que o público catalán poida gozar dun anaquiño do noso audiovisual.





PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

CRÓNICA DOS PREMIOS
ARACELI GONDA E DANI DE LA TORRE FALAN SOBRE A GALA
DISCURSO DO PRESIDENTE DA ACADEMIA *ANTONIO MOURELOS*
DISCURSO DE ROSA VILAS, RECOLLEDORA DO PREMIO "FERNANDO REY" AO XABARÍN
PALMARÉS
ARTIGOS DOS PREMIADOS
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

PROXECCIÓN EN MADRID DOS GAÑADORES DOS MESTRE MATEO

Proxección en Madrid dos gañadores dos Mestre Mateo

Este acto encádrase dentro do acordo de colaboración que ambas entidades firmaron no ano 2012, polo cal as academias cinematográficas española e galega poderán dar a coñecer as obras audiovisuais que se producen no ámbito do cine nacional.

Froito desta colaboración, de novo en 2013 as obras audiovisuais gañadoras na XI edición dos Premios Mestre Mateo chegaron un ano máis a Madrid para ser exhibidos na sede da Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas de España.

Os pases das diferentes obras tiveron lugar o xoves 9 e o venres 10 de maio. Comezouse coa exhibición o día 9 de "O xigante", gañadora na categoría de curta de animación e continuou co documental gañador "100%CEF". Para rematar, o día 10 pasouse a curta de imaxe real gañadora "Conversa cunha muller morta" e a longametraxe triunfadora desta edición dos Premios Mestre Mateo "O Apóstolo".









Coloquio co Goya de Honra

A cambio, despois do verán recibiremos en Galicia á Goya de Honor deste ano, a actriz Concha Velasco, colaborando deste xeito da homenaxe que lle rendeu o cine español.

Espazos sonoros
músicas en espazos de interese cultural <<<<

Do 8 de setembro ao 27 de outubro de 2013

espazossonoros.org
cultura.xunta.es

XUNTA DE GALICIA

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO


COLOQUIO CON LUÍS ÁNGEL CALDEVILLA SOBRE TIMELAPSE
EXPOSICIÓN JOSEP M. QUERALTÓ "BARCELONA, A FACHADA DO CINEMA"
PROXECCIÓNS NO CGAI

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

COLOQUIO CON LUÍS ÁNGEL CALDEVILLA SOBRE TIMELAPSE

EXPOSICIÓN JOSEP M. QUERALTÓ "BARCELONA, A FACHADA DO CINEMA"

PROXECCIÓNS NO CGAI



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

COLOQUIO CON LUÍS ÁNGEL CALDEVILLA SOBRE TIMELAPSE
EXPOSICIÓN JOSEP M. QUERALTÓ "BARCELONA, A FACHADA DO CINEMA"
PROXECCIÓNS NO CGAI



Luís Caldevilla

Conferencia "Timelapse. A arte de capturar o tempo"

A Academia Galega do Audiovisual continuando coa súa vontade de responder á demanda didáctica por parte dos profesionais do sector audiovisual e propón unha nova conferencia para complementar á formación.

Seguindo coa liña comezada no pasado 2011 co Foro Academia Aberta, a Academia decidiu apostar por unha nova actividade formativa, desta volta achegándonos á técnica do *timelapse* da man dun pioneiro en España, Luís Caldevilla, o pasado 15 de decembro no Centro Cultural Ágora de A Coruña.





Virginia Curiá e Tomás Conde, socios promotores desta actividade, presentaron a conferencia xunto con María Liaño uns instantes antes do comezo da mesma.

Trala presentación da conferencia, Luís Caldevilla comezou a xornada de dúas horas de duración; contounos en que consiste esta técnica de composición de vídeos mediante a captura de imaxes a determinados intervalos de tempo.

Ao longo da presentación ensinou aos asistentes a capturar secuencias para crear "vídeos acelerados" e mostrou os trucos que adoita empregar á hora de realizar os seus traballos.

Así, podemos concluír que esta conferencia con Luís Caldevilla resultou ser todo un éxito tanto para os asistentes como a nivel convocatoria, onde profesionais e estudantes do sector audiovisual puideron coñecer máis de preto esta técnica da man dun dos seus pioneiros.

Baseándose nas diferentes experiencias profesionais e mostrando tanto aspectos teóricos como prácticos, esta sesión con Luís Caldevilla transcorreu nun ambiente enxeñoso e entretido.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

COLOQUIO CON LUÍS ÁNGEL CALDEVILLA SOBRE TIMELAPSE
EXPOSICIÓN JOSEP M. QUERALTÓ "BARCELONA, A FACHADA DO CINEMA"
PROXECCIÓNS NO CGAI

"Barcelona, a fachada do cinema"

Neste ano 2013 a Academia Galega do Audiovisual participou, por primeira vez, na organización dunha exposición relacionada co cine. Xunto coa colaboración da Academia de Cine Catalana e da Universidade de Santiago de Compostela, e da man da Fundación Aula de Cine Josep M. Queraltó, chegou a Galicia unha das coleccións de material cinematográfico máis importantes a nivel europeo; a colección de Josep M. Queraltó.

Exposición Josep M. Queraltó







>

A Exposición

A parte da colección que viaxou a Galicia é a que compón a exposición "Barcelona, a fachada do cinema" que se puido ver dende o 23 de maio ata o 30 de xuño no Pazo de Fonseca, en Santiago de Compostela. Esta exposición está formada por 30 acuarelas do artista Josep Marfá que se enmarcan dentro do impresionismo catalán e retratan as fachadas dos cines de Barcelona dende finais do século XVIII, co Teatro Principal Palacio, ata o Imax Port Vell construído en 1995.


Esta exposición complétase con varias pezas da colección Queraltó, como a cámara Prevost Francesa que empregou Buster Keaton coa película "The Cameraman"; o autómata de cinematógrafo Lumière, proxector de 35mm kinetoscopio de Edison de 1897, a cámara de Ricardo Baños, dúas lanternas máxicas, varias sombras francesas e da illa de Java, o primeiro cadro que se fixo en España en

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

COLOQUIO CON LUÍS ÁNGEL CALDEVILLA SOBRE TIMELAPSE
EXPOSICIÓN JOSEP M. QUERALTÓ "BARCELONA, A FACHADA DO CINEMA"
PROXECCIÓNS NO CGAI



Exposición Josep M. Queraltó "Barcelona, a fachada do cinema"

3D realizado polo artista plástico hispano–brasileiro Otto Calvalcanti, o cartel do Teatro Óptico de proxección de C. Émile Reynaud (1889), entre outros.




A inauguración

A inauguración tivo lugar o día 23 de maio, ás 20.00 horas, no Salón de Arte Soado do Pazo de Fonseca e participou o Secretario Xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; o reitor da Universidade de Santiago, Juan Casares Long; o vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua, Francisco Ramón Durán Villa; Josep M. Queraltó, propietario da colección; Jordi Bonet, vicepresidente da Fundación Aula de Cine e Antonio Mourelos, presidente da Academia. Todos eles resaltaron o labor de Josep M. Queraltó e a importancia de conservar a historia cinematográfica para as xeracións futuras.

Así mesmo, o propio Queraltó atendeu as consultas dos alí presentes contado a orixe de cada unha das pezas da exposición.

A inauguración rematou cunha sorpresa; a aparición inesperada de Groucho Marx. O actor Poli Losada caracterizado como o inesquecible actor e humorista dos irmáns Marx, amenizou a presentación cos seus chistes e comentarios, dando así por inaugurada esta exposición.



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

COLOQUIO CON LUÍS ÁNGEL CALDEVILLA SOBRE TIMELAPSE
EXPOSICIÓN JOSEP M. QUERALTÓ "BARCELONA, A FACHADA DO CINEMA"
PROXECCIÓNS NO CGAI

Proxección dos gañadores dos Premios Mestre Mateo no CGAI

A Academia Galega do Audiovisual continuou coa liña de colaboración co Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) coa proxección dos gañadores dos XI Premios Mestre Mateo do 14 ao 16 de maio, coincidindo coa festividade das Letras Galegas.

"O Apóstolo", de Fernando Cortizo, estreou o ciclo o martes 14 de maio. O filme fíxose cos galardóns á mellor Longametraxe, mellor Dirección, mellor Dirección de Arte, mellor Música Orixinal, mellor Son e mellor Dirección de Produción.

A seguinte cinta chegou o mércores, día 15 de maio, coa exhibición de "Lobos de Arga", cinta gañadora na XI edición dos Premios Mestre Mateo na categoría de Maquillaxe e Perruquería e nomeada á mellor Longametraxe.

O xoves 16 de maio foi a quenda ás das curtas de animación: "O Xigante" de Abano Producións e Pilot Design, gañadora á mellor Curtametraxe de Animación; e as nomeadas "Equilibrium" de Algarabía Animación; "Morti" de Moonbite Games e "Only You" de Belén Sousa. O propio xoves ás 20.30h proxectáronse as curtas de imaxe real: "Conversa cunha muller morta", por Sonia Méndez, premiada nesta categoría; "Anacos" de Xacio Rodríguez Baño; "Mr Smith and Mrs Wesson" de Jorge Saavedra e "As vacacións do verdugo" de Sonia e Miriam Albert Sobrino, nomeadas estas tres á mellor curtametraxe.










A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

INTRODUCCIÓN
ANTÍA LÓPEZ GÓMEZ
PEPE COIRA
MARCOS NINE

TEMA CENTRAL ANUARIO



O audiovisual e a política

José Pereira

As industrias culturais caracterízanse polo valor simbólico, social e e estratéxico para unha comunidade. Quizais sexa este o valor intrínseco do audiovisual, que xerando o mesmo volume de negocio e empregabilidade que outros moitos sectores industriais, precisa dun especial compromiso de toda a cidadanía e das súas institucións.

As políticas do audiovisual nacen coa propia aparición do cine e víronse revolucionadas coa chegada da televisión, momento clave na historia dos medios de comunicación e do entretemento no fogar. Xorden así os debates da regulamentación, do control de contidos e, sobre todo, de estratexia de difusión de valores asociados a unha determinada cultura ou comunidade.

Conceptos que hoxe volven estar en auxe, coma o de marca-país, xa foron recollidos na primeiras políticas públicas do audiovisual. Gobernos, coma os norteamericanos, xa intuíron o poder do audiovisual como elemento transportador dos valores propios, o que sen dúbida esixiu unha serie de estratexias orientadas cara a creación de valor simbólico e internacionalización.

Nun recente libro elaborado polo profesor Robert G. Picard, un dos maiores estudosos da economía dos medios de comunicación, afírmase que estamos nun momento no que os cidadáns se senten incapaces de xestionar a enormidade de información que se precisa para participar do xeito máis eficaz na sociedade. Ante este reto, o autor alerta do nacemento de políticas máis orientadas a satisfacer os intereses partidistas e individuais que a atender as demandas sociais.

Este é o novo reto das políticas públicas na actualidade. Compre establecer os marcos de reflexión necesarios para comprender a dimensión dos problemas aos que nos estamos xa enfrontando, como a regulación de contidos, os procesos de consumo, as transformación do sector industrial máis puro e, sobre todo, os sistemas de valorización social e económica.

O audiovisual, debido fundamentalmente ao seu valor fundamental para a cultura, estivo sempre axudado polas institucións. En Galicia, por exemplo, é un dos poucos sectores que foi declarado estratéxico por unha lei, no ano 1999, e sempre foi tido en consideración nas políticas de subvención e axuda financeira de todos os gobernos da democracia.

Sen embargo, compre agora dar un paso máis cara adiante e establecer as novas estratexias que permitan a modernización e a adaptación do tecido do audiovisual ás novas demandas sociais. Falamos das novas pautas de consumo, cada vez máis lonxe das pantallas colectivas e máis próximas ás pantallas individuais. Falamos da creación de valor a partir da exportación, tanto de produtos como de ideas e conceptos. Falamos, en definitiva, da creación dos raís que deben guiar a locomotora audiovisual galega nos vindeiros anos.

A Academia non é responsable de deseñar políticas, pero si de alertar das obrigas que deben ter as institucións, as empresas, os profesionais e a sociedade. É xustamente esta razón a que nos leva a tratar o tema con maior profundidade neste anuario.

Antía López Gómez
Profesora da Facultade de CC. da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Membro do Grupo de Estudos Audiovisuais da USC

Unha breve reflexión sobre a actual política audiovisual comunitaria

A última proposta na que está a traballar a Unión Europea, destinada en parte a reestruturar o sector audiovisual, é a chamada "Axenda Dixital. Plan Europa Creativa 2014 – 2020", e a ela imos referirnos, de modo especial, ao longo do presente texto. Ao mesmo tempo trátase do punto de partida institucional, isto é, o marco de referencia político que o Grupo de Estudos Audiovisuais[1], pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, que dirixe a profesora Margarita Ledo Andión, está a tomar en consideración para abordalo dende a perspectiva dun entorno cinematográfico con sinais de identidade propias, como é o galego, si ben periférico con respecto aos núcleos de decisión comunitarios[2]. E é esa dobre condición de cinema nacional-identitario e periférico a que nos obriga a interrogar á última acción política comunitaria nos seguintes termos: si constitúe unha ferramenta destinada, polo menos en parte, á consolidación dos cinemas nacionais en V.O., cinemas xenuinamente europeos, como cabería deducir do interese que desde 2003 a Comisión Europea veu amosando polo desenvolvemento do multilingüismo a través deste eido. Un interese que se traduciu en medidas destinadas a promover a aprendizaxe de idiomas, a diversidade lingüística e mesmo unha economía multilingüe, así como a mellora do acceso dos cidadáns á lexislación, aos procedementos e á información sobre a UE na súa propia lingua –cuestión que, de antemán pode dicirse que non se ten conseguido, xa que inglés, francés e alemán, seguen sendo as linguas dominantes, case únicas, na administración comunitaria. En todo caso, estas serían as frontes que desde 2003 tería abertas a Comisión de cara a combater o monolingüísmo, a homoxeneidade lingüística e a economía monolingüe.

Neste orde de cousas, en setembro de 2008, a Comisión fai pública unha comunicación cuxo título resulta explícito: *Le multilinguisme: un atou pour l'Europe et un engagement commun*, onde o multilingüismo proponse como unha vantaxe, un triunfo tamén (l'atou) nun ámbito, o europeo, que se recoñece así na diversidade lingüística. A Comisión pondera os beneficios que o investimento en formación lingüística é susceptible de aportar á sociedade europea no seu conxunto, outorgando un papel moi relevante ás industrias culturais nesa tentativa de contribuír á aprendizaxe informal de idiomas; sen embargo, este propósito pedagóxico sería revelador tanto do emprazamento funcional que a Comisión fai do multilingüismo, como do papel instrumental das industrias culturais neste sentido. Desde a óptica do GEA, esta comunicación resulta superficial e moi limitada nos

1 En diante GEA

2 Proxecto de Investigación financiado polo Plan Nacional de I+D+i: Ref. CSO2012-35784. Título: "Hacia el espacio digital europeo: el papel de las cinematografías pequeñas en verión original".



Unha breve reflexión sobre a actual política audiovisual comunitaria

Antía López Gómez

seus propósitos, pois o multilingüismo debería emprazarse como maquinaria –ou polo menos engrenaxe– de produción e vehículo de transmisión de feitos diferenciais, xa que a lingua permite inscribir a singularidade dos individuos, e das colectividades que estes integran, de aí a operatividade de manexar outras linguas, modo por excelencia de internarse no territorio dese *outro*, diferente a min. Doutro xeito o multilingüismo ten a mesma consideración que o monolingüismo, a diferenza radica no número de linguas que se manexan para garantir a comunicación en múltiples direccións. Sen embargo, dende a nosa perspectiva, a lingua é por enriba disto un vehículo de estrañamento, primeiro, e de coñecemento, despois, sustentado no desexo de *saber do outro*.

Como consecuencia desta comunicación, e respondendo aos mesmos propósitos e ao mesmo emprazamento do feito lingüístico diverso, dende maio de 2010 e durante un ano desenvolveuse un estudio que abarcaba os 27 países membros da UE á sazón, 3 países do Espazo Económico Europeo (Islandia, Noruega e Liechtenstein), ademais de Suíza, Croacia e Turquía, así pois, un total de 33 países. En xuño de 2011 publicaríase o informe titulado: *Étude sur l'utilisation du sous-titrage. Le potentiel du sous-titrage pour encourager l'apprentissage et améliorer la maîtrise des langues. EACEA/2009/01*[3], que levaba a rúbrica da Comisión Europea, concretamente da Dirección Xeral "Educación e Cultura", sendo responsable do seu desenvolvemento a Agence Exécutive "Éducation, Audiovisuel et Culture" (EACEA), que ten por cometido xestionar parcialmente programas promovidos pola Unión Europea nos ámbitos da educación, a cultura e o audiovisual. O Informe contén unha cartografía bastante precisa da implantación da V.O. e máis do subtitulado nos 33 países obxecto do estudo, así como unha serie de conclusións relativas na súa meirande parte á vinculación directa ou indirecta entre o consumo audiovisual en V.O., como hábito, e a predisposición ao coñecemento doutras linguas, ademais da propia.

Tras isto, e en contra do que cabería agardar, faise público o proxecto "Europa creativa", formando parte desa macroacción política chamada "Axenda dixital", onde xa non se aprecia a vontade política de continuar abordando a cuestión audiovisual –o seu estatuto sociocultural– no sentido que vimos de esbozar. Considérese, pois, que estamos diante dun cambio substancial na política comunitaria, en tanto que renuncia, no espazo dixital europeo, a facer visibles e accesibles as pequenas cinematografías, os cinemas nacionais, portadoras de feitos lingüísticos diferenciais, en tanto promotoras en primeira instancia da produción e exhibición en V.O. Renuncia ou cambio de rumbo significativo da Comisión europea que é, precisamente, obxecto de pescuda neste momento por parte do Grupo de Estudos Audiovisuais, pois só na medida en que se aborda, se recoñece e se denuncia unha determinada actitude política, ao cabo esta pode ser modificada.

Cal é, entón, o modo en que a recente política comunitaria está a emprazar ás cinematografías de pequenas dimensións no novo territorio tecnolóxico dixital, tal como se deriva da exploración feita por GEA da "Digital Agenda For Europe. A Europe 2020 Initiative"[4]. Pois ben, trátase dunha proposta moi ampla na que se inclúe –entre outras– unha sección titulada *Creativity and Media*, dividida à súa vez en dúas liñas de interese e actuación destinadas a ámbitos que, deste xeito, aparecen diferenciados tanto no seu tratamento político como no seu funcionamento empresarial, como finalmente na súa condición cultural; falamos de 1) Media Policies, e 2) Cultural Heritages: o primeiro ámbito de actuación dedícase à televisión e a Internet, mentres que a segunda dedícase ao cinema, en concreto, ao patrimonio cinematográfico xerado en Europa, á súa conservación e á súa difusión.

En termos xerais, *Creativity and Media*, asume que a revolución tecnolóxica das TIC atópase no feito de modificar as condicións de desenvolvemento e a distribución relativa aos medios de comunicación e, máis amplamente, da cultura, permitindo crear e comercializar –cuestións que, deste modo, quedan vinculadas como principio e fin da mercadoría mediática– nas mellores condicións os contidos europeos. Neste panorama de revolución tecnolóxica sinálase, particularmente, un feito: o afondamento na converxencia entre Internet e fontes tradicionais de información e contidos culturais, que terá variado á súa vez os hábitos de consumo do público, quen consume mentres se relaciona, ao mesmo nivel, con todo tipo de provedores de contidos ademais de con outros individuos. Dadas as circunstancias, a tarefa da Comisión Europea consistirá en posicionar ás industrias creativas europeas no século XXI, tarefa que se concretará no desenvolvemento de *Media Policies* que abarcarán desde as sinerxías posibles entre formas tradicionais de televisión e Internet, ata a liberdade de prensa e o pluralismo; e é precisamente nesta redución da diversidade cultural a un problema de pluralismo, ou de cotas de presenza de opinións varias, onde se percibe a visión reducionista da Comisión con respecto á cuestión identitaria. En consecuencia, consideramos que, diante deste panorama, só a vontade de supervivencia das pequenas cinematografías, dos cinemas con identidade nacional, avalados e regulados polas pequenas administracións, e o recoñecemento da súa entidade como obxecto de estudo polo labor investigador de grupos como GEA, poderá neste momento salvar a situación de

3 http://eacea.ec.europa.eu/llp/studies/documents/study_on_the_use_of_subtitling/rapport_final-fr.pdf

4 http://ec.europa.eu/digital-agenda/en/scoreboard



Unha breve reflexión sobre a actual política audiovisual comunitaria

Antía López Gómez

desasistencia no nivel supranacional, isto é, comunitario.

Pero vexamos polo miúdo en qué se traduce dita desasistencia. A intervención comunitaria en materia audiovisual redúcese, *de facto*, a catro liñas de acción:

1.1. A aplicación dun cadro regulamentario, en particular a "Directiva de servizos de medios audiovisuais, destinada a crear un mercado europeo único para todo tipo de medios; as recomendacións europeas sobre a protección da infancia e a menores[5]; e as recomendacións sobre o patrimonio cinematográfico[6].

1.2. O desenvolvemento de programas de financiamento complementarios aos sistemas de financiamento nacionais.

1.3. A posta en marcha de medidas destinadas a promover a distribución de contidos en liña e o pluralismo mediático respectivamente.

1.4. A incentivación de medidas destinadas ao exterior de cara a defender os intereses culturais de Europa.

A modo de breve percorrido pola panoplia de accións que agocha cada unha das liñas de actuación que vimos de citar, e prescindindo da revisar a aplicación do abano legal, comezaremos polos programas de financiamento, onde se destaca MEDIA e con respecto ao cal se pondera a súa condición de ferramenta de produción e distribución de obras europeas tanto a través de servizos lineais como non lineais; un programa destinado a incrementar a difusión e o público das obras audiovisuais europeas na UE e máis alá das súas fronteiras; e por último, un programa confeccionado como resposta á fragmentación dos mercados culturais europeos, en tanto mecanismo de apoio á dispoñibilidade multiterritorial dos filmes europeos e das nacentes plataformas de vídeo á carta –como evidencia disto, indícase que sobre os 16 proxectos sostidos polo programa en 2010, só 4 tiñan unha cobertura estritamente nacional, e os 12 restantes tiñan un alcance internacional, non necesariamente limitado ás fronteiras da UE.


En relación á terceira liña, a modo de antecedente, en xullo de 2011 a Comisión Europea publica o "Libro Verde sobre a distribución en liña de obras audiovisuais na Unión europea – Cara un mercado único do numérico: posibilidades e obstáculos", unha iniciativa do Comisario do mercado interior, M. Michel Barnier, a Vicepresidenta responsable da estratexia numérica, Neelie Kroes, e a Comisaria de educación, cultura, multilingüismo e xuventude, Androulla Vassilliou. O libro verde pretende servir de base ao debate sobre a necesidade ou non –e sobre o modo– de adaptar o cadro regulamentario europeo para permitir ás empresas do sector elaborar novos modelos de actividade, aos creadores encontrar novas canles de distribución e aos consumidores beneficiarse dun mellor acceso aos contidos en toda Europa. Todas as partes interesadas son invitadas a dar a súa opinión sobre diversos aspectos da distribución en liña de obras audiovisuais: filmes, documentais, ficcións televisivas, debuxos animados, etc. Sen embargo, o libro verde acaba centrándose no mercado europeo da televisión, ámbito que protagoniza o negocio audiovisual, do cal se pondera que constitúe o segundo mercado más importante do mundo tralo estadounidense –a parte europea deste mercado mundial correspondera, en 2010, ao 29% aproximadamente[7]. A UE acaba apostando, como un dos obxectivos do establecemento dun mercado único dixital, por contribuír á emerxencia de actores europeos de gran envergadura, isto é, actores expansivos con intereses no mercado mundial. Así pois, o mercado único debería servir de trampolín ás grandes empresas en particular, para acometer un mercado mundial –cuestión reveladora desde a nosa condición de pequena cinematografía, ou de pequena industria audiovisual.

Complementario ao anterior, propóñense toda unha serie de accións concretas destinadas a garantir as condicións de transparencia, liberdade e diversidade no panorama mediático europeo. Entre estas accións destaca a constitución e conseguinte labor do *High Level Group on Media Freedom and Pluralism*, autor do informe: "A Free and Pluralistic Media to Sustain European Democracy", o cal, como o seu título indica aborda o papel dos medios de comunicación de cara a soster a Democracia Europea, e isto na medida en que a liberdade de expresión e o pluralismo estean garantidos. O informe inclúe un epígrafe titulado *Diversity*, no cal se recoñece, primeiramente, a diversidade da paisaxe mediática europea, así como a variedade de políticas de intervención sobre os medios de comunicación nos países membros, todo o cal constitúe unha boa evidencia da acepción de diversidade manexada polos textos comunitarios máis recentes. E así tamén, o papel que se atribúe a Comisión é o de velar por unha diversidade que se concrete na pluralidade de opinións e na

5 http://eur-lex.europa.eu/es/dossier/dossier_30.htm

6 http://europa.eu/legislation_summaries/culture/l29018_es.htm

7 No epígrafe 2.4. titulado "Produción e distribución cinematográficas en Europa", se indica que a UE tense convertido, en efecto, nun dos principais produtores cinematográficos do mundo, en concreto, foron 1.168 longametraxes as producidos en 2009, fronte aos 677 en EE.UU. Sen embargo, estímase, así mesmo, que os filmes europeos representan o 25% das ventas de entradas en sala na UE, mentres que os filmes americanos representan o 68%; pola contra, no mercado americano en 2009, os filmes americanos representaron o 93% mentres que os filmes europeos só o 7%. Sinálase, así mesmo, unha cuestión curiosa: non existen datos oficiais sobre a parte que corresponde ao mercado en liña, algo particularmente curioso nunha iniciativa, Axenda Dixital, comunitaria a prol do desenvolvemento dun mercado descoñecido, polo tanto só estimado nas súas potencialidades.



Unha breve reflexión sobre a actual política audiovisual comunitaria

Antía López Gómez

súa representación ou reflexo no ámbito mediático, así como na necesidade de que os mecanismos reguladores de cada país desenvolvan garantías a propósito da visibilidade das diferentes "culturas políticas". É precisamente no marco destas consideracións onde se aborda a problemática europea da concentración mediática.

Noutro documento de traballo, destinado tamén a promover o pluralismo mediático nos Estados membros, que leva por título *Staff Working Paper on Media Pluralismo*, acométese no epígrafe "Internal and external pluralismo", ademais do pluralismo externo, isto é, as regras de propiedade dos medios de comunicación, o pluralismo interno, ponderado como esencial para os mercados máis pequenos, un pluralismo regulado de mercado, de modo que a diversidade nos contidos sexa estimulada e supervisada impoñendo requisitos aos propios programas, apoiados nas leis reguladoras, no outorgamento de licencias, ou impoñendo obrigas estruturais tales como a constitución de corpos de dirección ou corpos responsables da selección de programas.

Para rematar, en relación ao cuarto grupo de medidas, as destinadas a desenvolver a *International Dimension of Audiovisual Policy*, a Comisión propón todo o relativo a Europe Créative8, que se define nos termos dun Programa de apoio aos sectores creativos e culturais europeos proposto pola Comisión Europea para o período 2014-2020. En termos xerais, na xustificación da súa posta en marcha sinálase a necesidade europea de investir máis en cultura e creación, posto que isto contribuirá de forma significativa ao crecemento económico, ao emprego, á innovación e á cohesión social –son estas as cuestións coas que ambas, cultura e creación, se relacionan no discurso político comunitario. Partindo desta declaración, seguidamente se indica que o programa está destinado a preservar (conservar) e defender (protexer) a diversidade cultural e lingüística, reforzando a competitividade dos sectores da cultura e a creación, e isto nas seguintes condicións: sacando partido das vantaxes propias da era numérica, a era da dixitalización, e da mundialización –da globalización económica, en cuxo seno, Europe Créative, velaí os eu cometido principal, debe posicionar ás industrias europeas da cultura. Trátase, entón, 1) de permitir aos sectores explotar todo o seu potencial –isto é, nas condicións da dixitalización e da mundialización– e contribuír, así, aos obxectivos xerais da estratexia Europe 2020: crecemento sostido, emprego e cohesión social; 2) abrir o camiño cara novas perspectivas, novos mercados e novos públicos no nivel internacional; 3) apoiarse no éxito dos programas precedentes, MEDIA e Culture, logo enúnciase deste xeito a súa vocación continuista con respecto ao combate da fragmentación, isto é, da organización en microcinematografías que posúen as súas propias condicións de desenvolvemento. Agora ben, en qué radica o novidoso de Europe Créative?: no feito de que sendo en esencia un programa de axuda financeira aumentada, destínase por enriba de todo a que a) artistas e profesionais da cultura desenvolvan as súas competencias e traballen fóra das súas fronteiras nacionais, b) ás actividades culturais transnacionais organizadas entre Estados membros e terceiros países, c) a atender ás necesidades específicas dos sectores audiovisual e da cultura na UE, as cales aparecen localizadas xustamente no exterior da UE, d) a dar facilidades de acceso a capitais privados, grazas ás garantías de xerar máis de 1 billón de euros en préstamos, e) ao tempo que a tratar de fortalecer a peritaxe bancaria nos sectores da cultura e a creación.

Estímase que grazas a Europe Créative, 300.000 artistas e profesionais da cultura e as súas obras recibirán axudas financeiras para acceder a novos públicos fóra dos seus países respectivos. Máis de 1000 filmes europeos poderanse beneficiar dun apoio con vistas á súa difusión en toda Europa e fóra dela, nos circuítos clásicos de distribución e nas redes dixitais. E finalmente, unhas 2.500 salas cinematográficas en Europa recibirán axuda para garantir a difusión de polo menos un 50% de filmes europeos nas súas salas. En suma, con Europe Créative semella que o carácter subsidiado do audiovisual europeo continuará a condición de que a incorporación de modelos económicos de transnacionalización empresarial sexa un feito nas súas dinámicas de produción e distribución ou difusión.

8 http://ec.europa.eu/culture/creative-europe/index_en.htm

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

INTRODUCCIÓN
ANTÍA LÓPEZ GÓMEZ
PEPE COIRA
MARCOS NINE





Pepe Coira

Primeiro director do CGAI. Na actualidade traballa como guionista e produtor executivo

Complicidades

Hai colgada, en Youtube, unha memorable charla de Sergio Cabrera. O director colombiano lembra unha conversa dun grupo de cineastas latinos con Jack Valenti, o que fora máximo representante da industria hollywoodense. Conta Cabrera como, ao preguntarlle en ton distendido se non lles parecía dabondo ás *majors* con controlar o 80 ou 90% do mercado, deixando as migallas á producción doméstica e de terceiros países, Valenti respondera, amablemente, que non, que non lles era dabondo, que o querían todo. O 100%.

Veume á cabeza esta historia cando desde a Academia me falaron de escribir algo sobre política audiovisual e as súas estratexias. O que conta Cabrera non agocha nada novo: a hexemonía da industria norteamericana, a súa voracidade, a vocación de ocupalo todo e non deixar aire que respirar a outras cinematografías é unha vella historia, a piques de cumprir os cen anos (a expansión empezou coa Primeira guerra mundial). É unha historia tan vella, e tantas veces relatada, que cansa escoitala. Soa a tópico, a salouco monótono, a escusa de mal pagador (por qué non probas a facer cine coma eles; a ninguén lle poñen unha pistola no peito para que entre a ver a película *made in* Hollywood e non a túa...). Si, soa a cantilena. E, con todo, que ben a conta Cabrera.

Creo que a clave está no detalle do aire distendido. Jack Valenti –xa finado– tiña bastante de *dandy*. E Sergio Cabrera, doutro xeito, tamén. Contada cun sorriso, sen laios, a historia soa mellor. Non evita pensar no que teña de buscar o inimigo exterior no canto de amañar os defectos propios, pero facilita centrarse no substancial: o certa que é a vella historia. Tan certa que, en poucas palabras, creo que calquera política audiovisual se debera centrar no combate fronte á hexemonía norteamericana.

Sei que soaría mellor formulalo en positivo, pero me parece que a esencia está aí. Non vexo nada máis importante que o que poida ocorrer na nova negociación do Gatt, na prolongación ou abandono do principio de excepción cultural. Pero non só iso. A excepción cultural ten máis de resistencia ca de combate. E benvida sexa. Con todo, conviña pensar en combinala con liñas de acción máis ofensivas (descúlpese a linguaxe bélica, non atopo outra máis axeitada dadas as prácticas do outro bando, que fai no mercado exterior o que a lei lle impide no propio, dito sexa sen acritude). Dígoo, sobre todo, porque é obvio que non abonda, porque levamos décadas perdendo. Sendo así, habíamos de mirar qué fan que nós non facemos. E aí vexo un par de detalles.

Un refírese á política audiovisual e é que, onde nós (profesionais e administración) esgrimimos o principio da excepción cultural, eles (profesionais e administración) levan cen anos aplicando outro principio, que rima: a intelixencia comercial. Cóntao moi ben Rubén Arcos no seu libro *La lógica de la excepción cultural*, onde descobres, por exemplo, que o código Hays, máis que un código de censura, era un repertorio de medidas para facilitar a explotación comercial dos films de Hollywood.

O segundo detalle está directamente emparentado co primeiro. Ten que ver co xeito global de entender todo este asunto. En liñas xerais, nós adoitamos concibir isto do audiovisual poñendo no centro das cousas a produción. Enténdase por «produción» o conxunto dos traballos que permiten *facer* películas e programas; neste sentido, falamos do traballo de directores, guionistas, actores, montadores... e produtores, naturalmente. Os nosos esforzos, as nosas ansias, diríxense a dar feito. Somos aqueles que Hitchcock definía coma "os que buscan diñeiro para facer películas". En Hollywood, sen embargo, a produción nunca foi o centro das cousas. O centro estivo e está na comercialización, no control dos mecanismos de distribución e exhibición. Son, en palabras de Hitchcock, "os que buscan películas para facer diñeiro". Historicamente, semella pouco discutible que a súa prosaica perspectiva resultou máis eficaz en termos de dominio do mercado cá nosa.

Iso non quere dicir que, simplemente, debamos mudar a perspectiva ata o punto de non protexer a produción. Particularmente en lugares como Galicia, que tanto tardou en acadar certa capacidade para producir, e que debera preservar se quere seguir contando algo. Pero aínda máis prioritario é decatarse do suicida que resulta desatender o traballo de contacto co público. Tan preciso coma o aire que respiramos é contar con distribuidores e exhibidores cómplices de quen produce ao seu redor, con produtores cómplices de quen ten o acceso ao(s) público(s).

Hai algo máis de trinta anos a gran industria norteamericana meteulle unha nova marcha á súa estratexia de comercialización, de xeito que sacase aínda máis proveito da súa formidable maquinaria. Fixo máis curtos e intensos os ciclos de explotación, xogou a facer dalgunhas películas un fenómeno, ateigando a totalidade do mercado simultaneamente para así optimizar as campañas de marketing. Saíulles demasiado ben: case acaban con nós, pero, ademais, homoxeneizaron tanto o mercado que este se volveu máis vulnerable, coma o provedor cun único cliente,

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

INTRODUCCIÓN
ANTÍA LÓPEZ GÓMEZ
PEPE COIRA
MARCOS NINE

Complicidades

Pepe Coira

coma quen basea a súa dieta toda nun único alimento.

En paralelo, experimentamos unha revolución tecnolóxica que alterou para sempre a relación entre o espectador e a obra audiovisual. Cámaras e pantallas, antes maquinaria privilexiada, volvéronse recursos comúns.

E nesa coincidencia de forzas tan antagónicas, por non falar da crise, vivimos. Os máis grandes resisten, de grandes que son. E no máis baixo da pirámide, nas marxes e fendas do sistema, obsérvanse extraordinarios signos de vitalidade. Por poñer un exemplo, quedan dúas clases de salas de cine, as dos centros comerciais e as dos centros culturais máis ou menos alternativos. As malas noticias están nos treitos intermedios, en serio risco de desertificación.

Apoiar os signos de vitalidade que asoman e repoboar o páramo que nos separa das *majors* semella un bo obxectivo para unha política audiovisual á que non lle dea igual o que pase. Un obxectivo así de cobizoso había requirir moita cooperación internacional. Non só porque sexa imposible actuar en solitario; imaxinen, por falar de algo concreto, qué pasaría se as teles europeas –as públicas e as que funcionan con licenza administrativa– dedicasen a produción allea europea o que dedican a produción allea norteamericana... Vale, imaxinen algo máis modesto, que dedicasen o 50%, ou o 25%.

Trazar complicidades con outros territorios é tan decisivo, ou case, coma trazalas con nós mesmos. En Galicia a política audiovisual experimenta un declive que non parece atribuíble en exclusiva á crise económica. Non é só unha cuestión de diñeiro. Tanto tempo dando paus de cego, facendo leis que non parecen importar, asignando recursos non por méritos senón por criterios espurios e adiando decisións seguramente por carecer dun plan é, seguramente, máis nocivo e amañable cá crise de financiamento.

En aberta contradición con todo o falado ata aquí, non me sinto autorizado a guiar ou dar consellos en materia de política audiovisual. O mellor que sei nesa liña é algo que lle escoitei vinte anos atrás a Roberto Vidal Bolaño. Coincidimos nunha cea institucional, cando eu traballaba na Xunta, e entretivémonos falando do enmarañado asunto da política cultural. Hai que favorecer aos grandes ou aos pequenos? Aos que teñen/se dirixen a un público minoritario ou aos que non? Hai que actuar no inicio ou no final dos procesos de financiamento?... Bolaño tiña unha resposta que me resultou convincente: a prioridade son os cidadáns. Traballemos para eles, non para os profesionais, os políticos ou as institucións. Para os cidadáns. Pasado o tempo, séguenme parecendo unha perspectiva limpa desde a que mirar.




PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

INTRODUCCIÓN
ANTÍA LÓPEZ GÓMEZ
PEPE COIRA
MARCOS NINE



"O que está a acontecer co audiovisual non se diferenza demasiado do que acontece con outros sectores produtivos (...). É a lóxica do mercado, igualar tódolos 'produtos' para que o 'consumidor' opte sempre, non polo mellor, senón polo máis coñecido"

Marcos Nine
Director

O Erro Sistemático

Vivimos nun país desmemoriado, tanto é así que ás veces perdemos a noción de porqué nos atopamos no punto no que nos atopamos no momento no que nos atopamos. É por isto que resulta imprescindible facer un exercicio de contextualización de momentos e das posturas que defendemos (sexan individuais ou colectivas) con respecto ó sector audiovisual non vaia ser que a marea da desmemoria nos volva igualar a tódolos profesionais no mesmo punto como se nunca existisen condutas radicalmente distintas no modo de entender e de proceder dentro deste sector.

Digo isto porque estando actualmente nun estado no cal o sector audiovisual languidece mentres se enfronta á maior crise que coñecemos (cando menos en Galicia, onde desde o nacemento desta pequena industria só existiu o crecemento ata chegar ó ano 2008) comezan a existir distintas voces que apelan á unidade do sector como forma de enfrontarse ó panorama desolador que nos agarda.

Sexamos claros, todos temos algún grado de responsabilidade na situación que padecemos. Eu cando menos pretendo escribir este artigo asumindo a miña parte de culpa na situación do sector ó que pertenzo independentemente de non ter nunca nin a máis mínima capacidade de decisión sobre o mesmo máis alá dos meus propios actos. Aínda así creo positivo esa chamada á "unión" lanzada desde distintos colectivos, institucións, estamentos, etc.

Sen embargo, e antes de comezar unha pequena viaxe pola nosa historia recente, son bastante escéptico ante esa hipotética "unión", porque despois de escoitar distintos discursos nos foros pertinentes, despois de asistir ó frustrado nacemento da Coordinadora de Traballadores do Audiovisual, e despois de atender á mensaxe predominante de "persoeiros" relevantes deste sector non creo que o que se estea a buscar sexa a "unión" do sector senón que o que se está a buscar é o apoio ou aval de tódolos profesionais do audiovisual para seguir a defender o modelo produtivo existente e que derivou na situación actual. E eu a ese carro non me vou subir.

Fagamos memoria: no ano 2001 apróbase unha resolución da Comisión Europea pola cal se establece o marco lexislativo para as axudas ó cine nos distintos territorios da Unión. Así foi trasladado á normativa española na Lei 15/2001 do 9 de xullo que di textualmente nas súas disposicións xerais: "El cine presenta en la sociedad actual una dimensión cultural de primera magnitud; no sólo como patrimonio, también como proyección de nuestro país en el exterior; como expresión de su personalidad, de sus historias, formando parte de la identidad viva de un país. Esta nueva forma creativa, que ha representado el cine en el siglo

O Erro Sistemático

Marcos Nine

XX, y que todavía lo hará con más intensidad en el siglo XXI, debe ser reconocida como sustento imprescindible de nuestra expresión cultural, es asimismo una de las manifestaciones artísticas y sociales con más capacidad de atracción."

O marco europeo incluía ademais dous conceptos interesantes, non só falaba de filmes de "interese cultural" senón que ademais sinalaba a idea de "filmes de difícil rendibilidade" autorizando ós estados membros da Unión a financiar ata nun 80% a filmes por interese cultural ou artístico e polo seu carácter innovador ou experimental puidesen considerarse de "difícil rendibilidade". Noutras palabras, a existencia de axudas ó cine viña dada pola necesidade dunha produción cinematográfica de carácter cultural e artístico que servise para difundir a cultura dun país determinado sen necesidade de entrar en competencia directa co mercado. Ningún outro sector produtivo conta cunha normativa similar xa que esto vulneraría claramente as leis da competencia. A posibilidade de que existan axudas ó cine desta magnitude está xustificada nun único punto: A EXCEPCIÓN CULTURAL.

Selecciono algúns extractos interesantes da Lei 15/2001:

"Como forma reconocida de expresión informativa, documental y creativa, es obligación de los poderes públicos velar por la conservación de las obras cinematográficas y audiovisuales y crear cauces e incentivos para que su desarrollo sea posible, teniendo además en cuenta la excepcional singularidad actual de los recursos económicos y el entramado complejo de distribución que precisan estas obras".

"Las actividades de fomento y promoción de la cinematografía y el sector audiovisual que desarrolla la presente Ley y la reglamentación que de ella se derive se basará en los principios de libertad de expresión, pluralismo, protección de los autores y sus obras, promoción de la diversidad cultural y lingüística, protección de los menores y de la dignidad humana y protección de los consumidores".

Foi grazas a este marco, e en particular grazas ó punto que fai referencia á "promoción de la diversidad cultural y lingüistica" polo cal foi posible a creación das "Axudas á produción cinematográfica en lingua galega" compatible tanto coa normativa europea como coas axudas dependentes do Ministerio de Cultura e un dos principais motores da industria cinematográfica en Galicia, aínda que como todos sabemos o de "en lingua galega" foi retirado posteriormente do epígrafe da orde.

Curiosamente o outro gran motor da produción cinematográfica galega a CRTVG creado a partir da Lei 9/1984 do 11 de xullo recolle igualmente que: "Atribúeselle á Compañía de Radio-Televisión de Galicia a misión de servizo público consistente na promoción, difusión e impulso da lingua galega, así como a atención á máis ampla audiencia, ofrecendo calidade e a máxima continuidade e cobertura xeográfica, social e cultural, propiciando o acceso aos distintos xéneros de programacións e aos eventos institucionais, sociais, culturais e deportivos, dirixíndose a todos os segmentos de público, idades e grupos sociais, e favorecendo activamente a difusión cultural, intelectual e artística e dos coñecementos cívicos (...)".

Unha vez máis é a EXCEPCIÓN CULTURAL, xa sexa como "impulso da lingua" ou como "difusión da cultura" a que permitiu a creación e desenvolvemento dunha Industria Audiovisual en Galicia. Pódese dicir con toda rotundidade que o 100% das producións galegas que contan con diñeiro público están "amparadas" na EXCEPCIÓN CULTURAL. Significa iso que tódalas producións con financiamento público son producións de interese cultural, artístico, social ou lingüistico? Non. O único que significa isto é que en España e por extensión en Galicia se financiaron proxectos audiovisuais (algúns, non todos) de distinta índole que xustificaban a inversión pública nos mesmos a partires da EXCEPCIÓN CULTURAL pero que, nalgúns casos, tiñan como única finalidade a de competir no mercado cinematográfico con independencia de que a produción en cuestión tivese ou non algún tipo de interese cultural ou artístico.

O problema é a imposibilidade de "xerar" algún tipo de criterio obxectivo polo cal se estableza que filmes son de "interese cultural" e que filmes son de interese puramente "comercial" polo cal as únicas producións que non teñen cabida nas ordes de axudas son as cualificadas como "X".

Sumado a isto hai que contar que o marco legal incluía a chamada (e imprescindible) "Cuota de Pantalla" ou o que é o mesmo, as salas de cine estaban obrigadas a que a proporción de filmes dos estados da UE con respecto a terceiros países fose de 1 a 3 durante tódolos días do ano (Isto, en España, non se cumpre).

¿Cal foi a tradución deste marco lexislativo á realidade? Pois basicamente a de dous modelos de produción totalmente enfrontados. Un modelo directamente vinculado á EXCEPCIÓN CULTURAL para o cal un filme debe ser un "ben" en si mesmo polo seu carácter artístico/cultural e outro modelo dirixido directamente ó mercado e que ten como aspiración a explotación comercial dos filmes (NOTA: Isto non significa que o primeiro dos modelos non poida considerarse igualmente "comercial", a diferenza é que non é un modelo de cine suxeito ás "demandas" dun hipotético mercado). Ambos modelos nunca se levaron ben pero conviviron xuntos (e seguen a convivir) en parte

"A EXCEPCIÓN CULTURAL e a súa defensa é o único argumento de 'unión' posible. O demais, os postos de traballo, as cifras de facturación, etc., son datos inherentes a calquera sector produtivo"

>



O Erro Sistemático

Marcos Nine

porque a postura máis "mercantilista" en relación ó cine sempre foi a predominante, a que tivo o poder, a que contou con máis medios económicos e a encargada de exercer de interlocutora entre o sector e as administracións públicas, e a outra parte asumiu o seu rol minoritario (mal).

E foi esta última parte, a de interlocución coas administracións públicas a que derivou en moitos dos problemas que existen actualmente. En primeiro lugar a EXCEPCIÓN CULTURAL foi totalmente desprestixiada. O discurso sobre a necesidade cultural de producir filmes (lembremos: "El cine presenta en la sociedad actual una dimensión cultural de primera magnitud") foi substituído por outro que falaba do músculo empresarial, os postos de traballo, o produto interior bruto, as cifras de facturación, etc. Todos eses datos eran certos pero no medio deles perdeuse a razón da existencia das axudas ó cine e en definitiva a propia idea de porqué era necesaria unha produción cinematográfica que contase con investimentos públicos.

E neste sentido todos temos responsabilidade, uns por "cargarse" as razóns polas cales o Estado debía investir en produción cinematográfica, e outros por non adoptar unha postura máis belixerante cando iso estaba a pasar.

A caixa dos tronos abriuse finalmente en 2008 cando se viu realmente o verdadeiro rostro de moita da xente que integra este sector. Previamente, en 2007 os países membros da UE estaban obrigados a revisar a normativa sobre axudas o cine nos seus respectivos territorios e a súa compatibilidade co marco legal europeo. Foi aí cando estando de Ministra de Cultura Carmen Calvo apareceu o borrador da nova Lei do Cine que se ben era máis que mellorable acadou un alto grado de consenso, de feito incluso desde CREA (Asociación de Directores e Realizadores de Galicia) houbo unha petición de sinaturas para apoiar a Lei. Sen embargo coa nova lei tramitándose apareceu unha personaxe singular que a bo seguro non será esquecida facilmente por unha boa parte do sector, o flamante novo director do ICAA (Instituto de Cinematografía y Artes Audiovisuales), Ignasi Guardans. Aquel home que ata o momento parecía o "tertuliano sensato" de La Ventana da Cadena SER, aparecía no seu novo cargo cun "novedoso" discurso que nos deixou a moitos "ollipláticos": "En España se producen demasiadas películas".

Eu non o pillo. Se o cine é unha actividade que representa "patrimonio", "cultura", "proxección do noso país no exterior", que significa o discurso de Guardans? Temos demasiado "patrimonio"? Non podemos ter tanta "cultura"? Estámonos proxectando demasiado no exterior? Pois así, cun par, chegou este home que ben pode ser célebre porque foi o que provocou a primeira e única gran acción colectiva de protesta contra o novo marco legal do cine en España: "Cineastas contra la Orden".

E é que segundo a "Orde Guardans" os filmes pasaban a ser segregados por orzamentos, é dicir os filmes pasaban a clasificarse en distintas categorías en función de se alcanzaban ou non un orzamento medio que se colocaba nos 2 millóns de euros. Os criterios de calidade, valor artístico ou cultural pasaban a un segundo plano e o criterio principal para acceder ó investimento público pasaba a ser o "investimento do produtor". Noutras palabras, Guardans eliminaba na súa "Orde" todo rastro da EXCEPCIÓN CULTURAL que paradoxicamente era a que permitía que el puidese sacar unha orde de axudas ó cine.

E non sexamos ilusos, semellante "Orde" saída dun organismo ministerial non foi unha ocorrencia desta histórica "personaxe" e remítome a palabras de Pedro Pérez, Presidente de FAPAE, patronal dos produtores en España e por extensión do cine (e ademais desto: primeiro presidente da defunta Vía Digital, Director Xeral de Telefónica unha vez privatizada por Aznar, Conselleiro do Instituto Español de Comercio Exterior e Vicepresidente da construtora San José, ademais de compartir conta corrente en Suiza no HSBC con Francisco Correa e o ex alcalde de Boadilla Arturo González Panero, implicados na trama Gürtel. Datos publicados no diario El Mundo en Xuño de 2013): "Llevamos cinco años con el tema. Las 18 asociaciones que componen FAPAE dieron el visto bueno a un texto que no es perfecto pero que recoge gran parte de nuestras pretensiones. Cineastas contra la Orden son tremendamente respetables, pero la representación democrática de lo que antes llamábamos gremios no está precisamente

>

O Erro Sistemático

Marcos Nine

en sus manos." (Declaracións realizadas no Diario Sur en decembro de 2009).

No momento no que se realizan estas declaracións, a Comisión Europea tiña paralizadas as axudas ó cine en España a raíz dun texto informativo enviado pola plataforma Cineastas contra la Orden. Paradoxicamente unha grande parte da industria cinematográfica española non culpa desta paralización á "Orde Guardans" senón á propia plataforma, léase por exemplo a opinión doutro "gran produtor" como Gerardo Herrero: "Esta decisión de Bruselas ha sido producida por la idiotez de algunos de los Cineastas contra la Orden que no tienen ni idea de lo que hacen y tiran piedras contra su propio tejado. Muchos de esos firmantes lo único que saben es chupar del bote y hacer películas que no interesan a nadie. Por supuesto que los rodajes se pueden ver afectados y también nuestra credibilidad, pero según mis abogados, a los que he consultado esta mañana, la decisión de la Comisión Europea no anula la orden ministerial, que sigue estando en vigor. Ahora depende de la presión que ejerza el Gobierno de España para que el trámite sea lo más rápido posible". (Diario El País novembro de 2009).

Lamentablemente, non era Cineastas contra la Orden os que estaban tirando pedras contra o seu propio tellado, o que pasa é que fixo falta a maior crise económica da historia para que algunha xente se dera conta deso agora que podemos contar por ducias as produtoras en quebra e por miles os traballadores deste sector en paro.

En Galicia, o discurso dalgúns produtores ía tamén na mesma liña e sirva de exemplo esta intervención no Foro Academia Aberta baixo o título "Dous cines en conflito?" feita por (segundo recollen os papeis da Academia 2009-2010) "Membro do público (Anónimo pero produtor)": "Todo o que vou dicir dígoo dentro dun foro de profesionais, nunca o diría en público. A xente que quere seguir a facer películas para que non as vaia ver ninguén non ten cabida na industria do cine." Curiosamente nese momento o orzamento medio dun filme español situábase nos 2 millóns de euros e a recadación media roldaba os 400 mil, así que salvo algunha excepción que, quen sabe, igual se trataba dalgún dos filmes producidos por "Membro do público (Anónimo pero produtor)", o cine español, ó igual que o galego era un cine deficitario "economicamente" e dado que a EXCEPCIÓN CULTURAL era un tema que non contaba para "ninguén" e que non se podía considerar que un filme era un "valor" en si mesmo, que non contribuía ó "patrimonio" que non constituía ningún exemplo de "cultura" nin servía para a "proxección do noso país no exterior", pois loxicamente, para que investir en produtos que só producen perdas?.

Algo máis sensata foi a derradeira intervención da mesa do produtor Antón Reixa (exdirector da SGAE): "Nunca na historia da humanidade se consumiron tantos produtos audiovisuais por tantos usuarios, pero nunca estivo tan desorientado o modelo de negocio, e ese é o problema".

Esa era a realidade, desterrouse a idea de ben cultural e comezouse a facer de xeito masivo produtos de consumo que non chegaron a introducirse no mercado e que por tanto non se sabía como debían ser explotados comercialmente. Se a finalidade fose a creación cultural en lugar da explotación comercial non existiría "desorientación" ningunha.

O caso foi que finalmente Bruxelas desbloqueou as axudas en 2010 ante o balbordo xeral de vitoria da parte maioritaria deste sector. Claro está que aínda non pasara o que despois rematou pasando.

E o que pasou foi basicamente que o mesmo discurso que adoptaron certas partes deste sector para desprestixiar á EXCEPCIÓN CULTURAL e a relevancia do cinema como "ben" en si mesmo foi adoptado pola nosa clase política pero esta vez non foi contra unha parte concreta do sector, foi contra todos. Así se expresaba Alfonso Cabaleiro, ex Secretario Xeral de Medios da Xunta de Galicia en Novembro de 2010 no Foro Academia Aberta titulado "O Marco Administrativo do Audiovisual Galego": "Se estamos a falar dun sector industrial estratéxico, temos que partir da base de que non pode ser un conxunto de empresas que viven exclusivamente das subvencións da Xunta e da produción externa da compañía Radio Televisión de Galicia".

E para quen non entendera a mensaxe a tradución de todo isto chámase "Recortes", e non uns recortes calquera, as axudas públicas ó cine en Galicia recortáronse un 70% nun período de 2 anos. O discurso político no plano estatal volveuse moito máis belixerante e perverso, chegando a afirmarse que o cine español é unha industria que só vive de subvencións públicas. E mentres se anunciaba por parte do novo Ministro de Educación e Cultura unha nova Lei de Mecenazgo que viría a compensar os recortes en investimento público, o ICAA pasaba dun orzamento de 70 millóns de euros (dato aportado por Pedro Pérez no Diario Sur. Gracias Pedro) a 10 (dato aportado pola nova directora do ICAA, Susana de la Sierra no seu encontro co CLAG na Cidade da Cultura en 2012. Gracias Susana). Curiosamente no ano 2012 mentres se acusaba ó cine español de vivir a golpe de subvencións, TVE gastaba 90 millóns de euros en dereitos de emisión de filmes estadounidenses mentres gastaba 1,2 millóns en cine español (dato publicado polo diario El País, en abril de 2013 e que dá unha idea de a quen estamos subvencionado).

O Erro Sistemático

Marcos Nine

Pero así como aquel célebre "En España se producen demasiadas películas" non era un invento de Ignasi Guardans, este novo discurso sobre a "Industria subvencionada" tampouco é un invento do Ministro Wert.

Moitos foron os agoreiros que viron nos recortes un ataque do PP contra o cine español. Unha vinganza contra "los de la ceja" por apoiar ó goberno de Zapatero e as manifestacións contra a guerra de Irak durante o goberno de Aznar, nada máis lonxe da realidade. A realidade é moito máis sucia, decadente e desprezable aínda que teña un nome máis chusqueiro, GATT.

Isto vén a significar os distintos Acordos de Aranceles e Aduanas, neste caso referidos ó comercio entre EE.UU. e a UE. Estes acordos negociaranse este verán (verán do ano 2013. Como non, mellor facelo coa xente de vacacións) e pretenden abrir unha zona de libre comercio entre os EE.UU. e a UE. e onde se pretende que o audiovisual entre neses tratados de libre comercio, e ¿a que non saben cal é o principal obstáculo para que o audiovisual poida ser incorporado ó GATT? Pois si, a EXCEPCIÓN CULTURAL. E ¿a que non saben cal é un dos argumentos da Comisión Europea e do noso ilustre veciño Durao Barroso para suprimir a EXCEPCIÓN CULTURAL? Pois que "Baixo o paraugas da EXCEPCIÓN CULTURAL se malgastaron moitos fondos públicos investidos en producións que non representaban esa EXCEPCIÓN CULTURAL" e a ver se adiviñan: cal é a principal razón pola que se debe incluír o audiovisual no GATT? Efectivamente, "porque vai crear moitos postos de traballo".

Desde a Comisión Europea insístese en que os acordos de libre comercio do GATT non implican que os estados membros da UE. deixen de apoiar con financiamento público as súas respectivas cinematografías (que por outro lado levan anos querendo cargarse), é dicir suponse que debemos "tragar" con este acordo porque as axudas públicas ó cine van seguir existindo (sempre que o estado en cuestión queira, que no caso de España...). Pero a realidade do cine europeo é moito máis complexa aínda que en España estea amplamente estendida a idea de que só nos preocupamos de "subvencións e mamandurrias coas que hai que acabar" (segundo a ex presidenta da Comunidade de Madrid, e o que é máis grave, ex ministra de Educación e Cultura, Esperanza Aguirre). A realidade é que en primeiro lugar un tratado de libre comercio en relación ó cine afectaría á xa mencionada "cuota de pantalla", é dicir á proporción de filmes europeos con respecto á de terceiros países nas salas de exhibición. A isto hai que sumarlle que o 89% da cota de mercado das distribuidoras cinematográficas en España está controlado por distribuidoras "mainstream" mentres que só o 11% restante representa á distribución independente (dato publicado no diario El País en maio de 2013) e a isto hai que sumarlle que a nosa televisión pública, TVE (e aquí é onde hai que poñer iso de "a que pagamos todos") gasta 89 veces máis, repito o dato por se non se asimila á primeira, 89 veces máis, 89 veces máis, en cine estadounidense que en cine español. Traducido, a práctica totalidade do espazo de explotación convencional das obras cinematográficas en España estaría en mans estadounidenses (en realidade xa o esta, pero agora ademais estaría amparado por un marco lexislativo favorable, por non dicir feito a medida).

Noutras palabras, o que está a acontecer co audiovisual non se diferenza demasiado do que acontece con outros sectores produtivos. Nuns casos búscase o desprestixio da produción nacional con argumentos bastante "simplóns" como os elevados custos de produción sen entrar a valorar a repercusión social en termos de traballo ou de distribución da riqueza. E nos casos nos que os "custos" non serven de escusa, o proceder é moito máis perverso, elimínase calquera distintivo de calidade ou singularidade que poida inducir ó consumo, tipo a "denominación de orixe". É a lóxica do mercado, igualar tódolos "produtos" para que o "consumidor" opte sempre, non polo mellor, senón polo máis coñecido.

A reacción do sector a esta pretensión dos gobernos dos EE.UU e a UE apareceu da man dun manifesto que leva o título de "THE CULTURAL EXCEPTION IS NON-NEGOTIABLE!" e asinado (nestes momentos) por 12.800 profesionais de todo o mundo (si, a cifra non só é ridícula senón que evidencia o grado de despreocupación, e de irresponsabilidade, e de desinterese que ten este sector polo marco legal que o regula), entre eles nomes como o de David Lynch, Jane Campion, Pedro Almodóvar, os irmáns Dardenne, Icíar Bollaín, Isabel Coixet, Constantin Costa-Gavras, Thomas Vinterberg, Fernando Trueba, e así unha longa lista de nomes ilustres que se amosan contrarios a unha medida que os EE.UU e a UE. decidiron tomar unilateralmente.

Vexamos algúns parágrafos destacables deste manifesto:

"Hace 20 años, la voluntad común de apoyar la creación y promover su diversidad se forjó aquí en Europa. La cultura está en el corazón mismo de los ideales de la identidad europea. Hace 20 años, la excepción cultural irrumpió en la escena internacional, llevando al reconocimiento de un estatus específico para las obras audiovisuales ya que no son bienes como los demás y por lo tanto deben ser excluidos de las negociaciones comerciales".

"Con la adopción del mandato de negociación, que reduciría la cultura a nada más que a una mercancía, la Comisión Europea

O Erro Sistemático

Marcos Nine

(excepto los tres Comisarios que votaron en contra) ha abandonado su posición a favor de la excepción cultural, yendo de esta manera en contra de sus propios objetivos y de sus previos compromisos, y demostrando una nefasta duplicidad."

Opinión que por se alguén o dubidaba non é compartida polo ministro de Educación e Cultura de España, Juan Ignacio Wert: "Nosotros nos alineamos más que en la excepción cultural, en la posición mayoritaria de Europa de defender las industrias culturales y creativas en un entorno de competencia razonable con los países de fuera de Europa". (declaracións realizadas a EFE en xuño de 2013 e que coas que ben se podería resumir a política española cun refrán "¿Dónde va Vicente? Dónde va la gente"). E por se non queda claro, é imposible calquera tipo de "competencia razonable" cando a produción, a distribución e a exhibición se concentra nas mesmas mans (NOTA: Esta práctica chamouse "Concentración vertical" e foi prohibida nos EE.UU. nos anos 40 por vulnerar as leis de monopolio).

Afortunadamente, aínda existen gobernos en Europa capaces de "plantarse" e ese foi o caso de Francia, apoiada unicamente por Bélxica, Grecia e Hungría, e que anunciou o seu veto ó GATT se incluía ós produtos audiovisuais. Grazas a ese "órdago" a EXCEPCIÓN CULTURAL está salvada, momentaneamente, á espera dunha nova ofensiva contra ela, que a haberá.

E mentres en Europa se libra esta batalla en España ráchanse tódolos *records* negativos de asistencia ás salas comerciais. No pasado abril de 2013 rexistrouse a peor cifra de asistencia ós cines da historia, 300 mil espectadores nun fin de semana cando ata o momento a cifra máis baixa era de 500 mil, isto significa un 30% peor que a peor cifra de asistencia ás salas de toda a historia (dato achegado pola medidora de audiencias Rentrak Europa).

E esto vai acompañado dos recortes no investimento público, na inexistencia da famosa lei de mecenado e no impacto negativo que tivo a subida do IVE do 7% ó 21%.

E salvo que mude moito o panorama así rematará a historia da "industria" do cine español, galego e duns cantos países europeos máis que só poderán subsistir de xeito marxinal á marxe da que será a Gran Industria.

Este é pois un relato de defunción nun momento no que despois de anos de letargo comezan a escoitarse voces neste sector que piden "unión" que pretenden expoñer diante de administracións públicas os grandes valores da "Industria Cultural", cifras de facturación, postos de traballo, número de espectadores, premios de Academias... como se o Erro Sistemático deixase de ser "Erro" por repetirse moitas veces. A EXCEPCIÓN CULTURAL e a súa defensa é o único argumento de "unión" posible. O demais, os postos de traballo, as cifras de facturación, etc., son datos inherentes a calquera sector produtivo. O investimento realizado en calquera actividade produtiva equivale automaticamente a un incremento de toda actividade económica relacionada coa actividade produtiva en cuestión, pero se esquecemos as verdadeiras razóns polas cales un sector, neste caso o audiovisual, e máis concretamente a actividade cinematográfica precisa de financiamento público, estaremos permanentemente expostos á desaparición.

Recupero aquí a lúcida prosa de Vargas Llosa, capaz de sintetizar como ninguén a importancia da EXCEPCIÓN CULTURAL (Aínda que el se manifeste abertamente en contra):

"Los bienes y productos culturales son distintos a los otros bienes y productos industriales y comerciales y que por lo mismo no pueden ser librados, como estos últimos, a las fuerzas del mercado -a la ley de la oferta y la demanda-, porque, si lo son, los productos bastardos, inauténticos, chabacanos y vulgares terminan desplazando en la opinión pública (es decir, entre los consumidores) a los más valiosos y originales, a las auténticas creaciones artísticas. El resultado sería el empobrecimiento y degradación de los valores estéticos en la colectividad. Dependiendo sólo del mercado, géneros como la poesía, el teatro, la danza, etc., podrían desaparecer. Por tanto, los productos culturales requieren ser exceptuados del craso comercialismo del mercado y sometidos a un régimen especial.

Los productos culturales deben ser objeto de un cuidado especial por parte del Estado porque de ellos depende, de manera primordial, la identidad de un pueblo, es decir, su alma, su espíritu, aquello que lo singulariza entre los otros y constituye el denominador común entre sus ciudadanos: sus patrones estéticos, su identificación con una tradición y una manera de ser, sentir, creer, soñar, en suma el aglutinante moral, intelectual y espiritual de la sociedad. Librada al mercantilismo codicioso y amoral esta identidad cultural de la nación se vería fatalmente mancillada, deteriorada, por la invasión de productos culturales foráneos -seudoculturales, más bien-, impuestos a través de la publicidad y con toda la prepotencia de las transnacionales, que, a la corta o a la larga, perpetrarían una verdadera colonización del país, destruyendo su identidad y reemplazándola por la del colonizador. Si un país quiere conservar su alma, y no convertirse en un zombie, debe defender su identidad preservando sus productos culturales de la competencia y de la aniquiladora globalización."

Gardarei o texto para os tempos da desmemoria.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

ANDRÉS BARBÉ
MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
CHELO LOUREIRO
LORENA RODRÍGUEZ CAMPO
ISABEL IGLESIAS
PITI SANZ

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

ANDRÉS BARBÉ
MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
CHELO LOUREIRO
LORENA RODRÍGUEZ CAMPO
ISABEL IGLESIAS
PITI SANZ



Andrés Barbé Riesco
Presidente do Clag

O Clúster, axente activo na procura de oportunidades para o audiovisual

Aínda descoñecida por practicamente o conxunto da sociedade civil e incluso por unha parte do empresariado do noso país, a figura do Clúster representa un valioso instrumento para incrementar a competitividade de sectores estratéxicos da economía galega, como a industria audiovisual. Trátase dun organismo que está xa moi implantado no resto de Europa e máis en EE.UU.

En Galicia, o sector audiovisual foi pioneiro en desenvolver unha iniciativa deste tipo coa constitución do Clúster Audiovisual Galego (Clag) no ano 2003. Durante a última década, creáronse novos clusters do audiovisual en toda España, sendo o Clag, xunto co Eiken vasco e o Cluster Audiovisual de Madrid os tres máis senlleiros a nivel nacional.

O Clúster representa a principal canle a través da cal a Administración coñece a realidade dun determinado sector da economía. A perspectiva obtida polo clúster da actividade desenvolta por un grupo de empresas permite apreciar as oportunidades de coordinación e mellora mutua en áreas de interese común, sen que isto debilite a competencia.

O desenvolvemento e o correcto funcionamento deste organismo resulta fundamental para conseguir unha economía avanzada, tal e como se desprende das teorías de Michael E. Porter, quen recoñece que canto máis avanzada é a economía dun país maior é a profundidade dos clusters que o integran.

A pertenza a un clúster por parte das empresas ofrécelles numerosas vantaxes, coma o acceso a unha gran cantidade de información especializada (comercial, técnica, asesoramento, etc.) dun xeito máis fácil e económico, permitíndolles incrementar a súa eficiencia e productividade.

O Clúster Audiovisual Galego préstalles ás súas empresas diversos servizos coma o de asesoramento en I+D+i, o servizo de asesoría xurídica ou o servizo de apoio á captación de financiamento privado de proxectos innovadores, entre outros.

Nos últimos tempos o Clag está a desenvolver diferentes proxectos colaborativos que teñen por obxecto facilitar oportunidades de negocio para as súas empresas. Neste sentido, cabe destacar o proxecto de deseño de canles temáticas para a súa comercialización a operadores de cable ou o proxecto de xeración dunha plataforma colaborativa aberta para todo o proceso de produción audiovisual.

O Clag tamén fai unha aposta decidida por xerar negocio para as súas empresas a través do fomento da demanda de produtos audiovisuais por parte doutros sectores da economía galega. Algo que conseguimos grazas á colaboración establecida con outros clusters como porta de entrada a empresas doutros sectores.

"A profunda paixón que compartimos todos os que nos dedicamos ao mundo do audiovisual debe ser alimentada aínda máis se cabe nestes tempos convulsos"

>

Outra das misións do Clag pasa por detectar e divulgar as tendencias do sector audiovisual, facilitando o acceso a persoas relevantes do sector que nos achegan a súa experiencia en novas áreas.

Especial mención merece un dos referentes do Clag dentro do panorama audiovisual nacional: o *pitching* "I+P, ideas para producir", un formato consolidado a través do cal se facilita o acceso á comercialización de proxectos novidosos por parte dos produtores galegos, e que vén avalado polos magníficos resultados acadados en todas as súas edicións. Este foro reúne cada ano a centos de profesionais do audiovisual e ten logrado atraer o interese dos principais compradores de contidos audiovisuais e dos directivos das principais canles de televisión, tanto públicas coma privadas. Durante o encontro, celébranse reunións *one to one* onde os produtores poden presentar os seus proxectos para conseguir acordos de colaboración, coprodución ou distribución.

Os clusters e a innovación

A profunda paixón que compartimos todos os que nos dedicamos ao mundo do audiovisual debe ser alimentada aínda máis se cabe nestes tempos convulsos, marcados por unha fonda crise económica que afoga ao tecido industrial do noso país, e dun xeito especial ao sector audiovisual. Tanto os organismos coma os empresarios, a nivel particular, debemos centrar

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

ANDRÉS BARBÉ
MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
CHELO LOUREIRO
LORENA RODRÍGUEZ CAMPO
ISABEL IGLESIAS
PITI SANZ

O Clúster, axente activo na procura de oportunidades para o audiovisual

Andrés Barbé Riesco *Presidente do Clag*

os nosos esforzos en traballar a prol do progreso e do éxito dos nosos proxectos. Ante o complexo escenario no que nos atopamos, a única saída viable para as nosas empresas pasa por apostar pola innovación e a internacionalización.

Neste sentido, o Clúster adquirirá un papel de gran relevancia no futuro, xa que será o encargado de canalizar as políticas industriais para que estas cheguen máis directamente ás pemes. E todo isto logo de ser recoñecido pola Lei da Política Industrial de Galicia coma un dos axentes implicados no deseño e execución da política industrial galega. Por primeira vez, con esta norma os clusters gozan dun recoñecemento e regulación legal.

Un dos obxectivos prioritarios do Clag pasa por favorecer o proceso de internacionalización das empresas do sector, mediante programas que lles axuden a acceder a novos mercados e estar presentes nos principais circuítos da industria audiovisual de todo o mundo. O Clúster promove a presenza das súas empresas asociadas nos mellores foros profesionais a través da constitución de delegacións empresariais a mercados coma IBC Amsterdam, Rio Content Market, Cartoon Movie, Meet Innov Paris, MICA ou 3D Stereo Media Lieja, entre outros.

Desde o punto de vista da innovación, o Clag participa na definición dunha Estratexia Rexional de Especialización Intelixente de Galicia, RIS 3, coordinada pola Axencia Galega de Innovación (Gain), e baseada en tres liñas prioritarias de innovación para a nosa comunidade para o vindeiro período 2014-2020.

Neste período, Galicia será receptora de 2.000 millóns de euros, procedentes da Unión Europea, dos que 1.200 millóns terán que ser investidos na área de innovación. Nesta Estratexia de Especialización Intelixente os clusters están chamados a funcionar coma pontes de coñecemento entre a investigación e a empresa.

Na subárea das Industrias Culturais e Creativas, os integrantes deste grupo (entre os que figura o Clag) estableceron como prioridades: o e-patrimonio e a innovación en contados dixitais; a Cultura transforma: transformación en base ao deseño e creatividade, e a internacionalización do sector das industrias culturais e creativas.

A innovación, a internacionalización e a mellora da competitividade preséntansenos coma as accións estratéxicas para o impulso da actividade industrial. Desde o Clag contribuímos a fomentar a súa adopción por parte das empresas, ao tempo que potenciamos o noso audiovisual.



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

ANDRÉS BARBÉ
MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
CHELO LOUREIRO
LORENA RODRÍGUEZ CAMPO
ISABEL IGLESIAS
PITI SANZ



Miguel Anxo Fernández
Crítico de cine e profesor universitario

O audiovisual galego no XXI

***Cronotopias. A Renovaçao do Audiovisual Ibero-Americano.** Brasil. EDUFRN 2012.*

Non abondan as achegas de análise e reflexión ao audiovisual galego, publicadas máis aló das nosas fronteiras, daí o valor engadido do ensaio "Cine Gallego: origen y evolución. Situación y tendencias en el siglo XXI"[1], que a profesora Anna Amorós Pons[2] ven de publicar no volume Cronotopias. A Renovaçao do Audiovisual Ibero-Americano[3], promovido pola Universidade Federal do Rio Grande do Norte, coa colaboración da doutora Patricia Comesaña Comesaña[4] na elaboración dos numerosos gráficos que apoian o texto.

Despois dunha breve introdución no que a autora contextualiza a evolución do cine en Galicia ao longo do século XX, céntrase no enunciado do ensaio en canto a analizar a situación e tendencias da nosa cinematografía no que vai do actual século. Anota que malia os avances que representa o nacemento da TVG e o despegue parello da cinematografía en Galicia, o número de creacións cinematográficas anuais ata 1999 "era escaso, aunque se aprecia una tímida evolución e incremento de largometrajes hacia finales del siglo XX. El cine gallego se encontraba en una etapa inestable"[5], destacando o feito de que, a modo de exemplo, en 1990 non houbese ningunha novidade significativa, cando o ano anterior se presentaban as tres primeiras longametraxes galegas en 35 mm: *Continental*, *Sempre Xonxa* e *Urxa*.

Continuando a visión cronolóxica, para Amorós Pons, 1993 será un ano no que "se vislumbra ya cierta estabilidad e incremento de la creación cinematográfica gallega con una producción de una a cuatro películas estrenadas al año"[6], xunto coa aparición de novas produtoras no campo audiovisual que darán lugar a longametraxes, algúns deles "desarrollados bajo la fórmula de la coproducción" ao tempo que, desde esa década TVG "se erige como una importante entidad participante o coproductora"[7].

Rematando o relato temporal, co detalle pormenorizado en canto a número de estreas e carácter das súas producións, Amorós conclúe que co comezo do novo milenio "se abre un nuevo panorama dentro del audiovisual gallego", e da súa análise da produción feita en Galicia desde comezos do século XXI, "se constata en la industria cinematográfica una evolución del número de producciones por productoras de origen gallego, tanto con un capital parcial y/o en coproducciones o películas netamente gallegas con capital 100% gallego"[8]. Entre o período 2000 a 2010, anota un total de 181 longametraxes, a unha media de dezaoito por ano, moitas delas destinadas á emisión televisiva.

Despois de deterse na tendencia a colaboracións foráneas por parte das empresas, e máis na procura de mercados alleos, o ensaio detense nalgunhas características propias da industria audiovisual galega: a) produtoras *pyme* que incitan á coprodución (co aumento de coproducións con outras CC AA e outros países a partires de 2004), ademais do peso crecente da produción galega no espectro FORTA; b) o cambio nas temáticas dominantes ata agora, con tendencia ao drama, o suspense e a comedia, para derivar a outros xéneros na primeira década do século XXI, como o terror e a produción de animación, aínda manténdose os anteriores, con predominio do drama e a comedia.

O interesante estudio remata con dous apartados a modo de conclusión. No primeiro, "Tendencias actuales", a autora resúmeos en: a) auxe da produción galega no período estudado; b) a distribución dos filmes, nun 73% para salas de cine e a porcentaxe restante para televisión; c) a internacionalización do cine galego, sobre todo con Latinoamerica e Europa; d) afiánzase o liderado galego na animación e o dominio dos xéneros drama e comedia; e) tendencia na temática a historias vinculadas a Galicia e os seus referentes varios.

No segundo apartado, e último, "Perspectivas de futuro", Amorós valora a incidencia que a actual coxuntura económica de crise, provocará como consecuencia directa a "reducción de presupuestos para llevar a cabo producciones audiovisuales (...) de bajo coste (low cost)"[9]. Tamén o maior uso das ferramentas dixitais, que derivará en novos soportes e formatos para distribución e comercialización de produtos cinematográficos, máis alá de salas e televisión, axeitándose ás Redes Sociais e ás novas pantallas e soportes. Considera a autora que a crise tamén afectará ao modo de producir ficción, orientándose cara a coprodución e mesmo a fomentar colaboracións con terceiros países para "establecer estrategias de sinergia de pan-coproducción para llegar a un mayor número de público y alcanzar mayor rentabilidad en sus producciones"[10]. Conclúe Amorós Pons, cunha relación da tipoloxía de producións que afrontarán as *pymes* galegas do sector en adiante, en función duns custes máis reducidos e asumibles, con "tendencia a la producción de *Tv-movies*, cortametrajes, producción cinematográfica de bajo coste (*low cost*), y sobre todo, desarrollo de documentales para cine o televisión"[11].

1 Amorós, A. (2002). "Cine Gallego: origen y evolución. Situación y tendencias en el siglo XXI" (pp. 95-124), en Guilherme Albano, S., De Oliveira Lima, María E., De los Reyes, A. *Cronotopias. A Renovaçao do Audiovisual Ibero-Americano.* Brasil: EDUFRN

2 Doutora en Ciencias da Comunicación (UAB, 1994) e Profesora Titular de Universidade en Comunicación Audiovisual e Publicidade (UdV, 1998).

3 Guilherme Albano, S., De Oliveira Lima, María E., De los Reyes, A. (2012). *Cronotopias. A Renovaçao do Audiovisual Ibero-Americano.* Brasil: EDUFRN

4 Doutora en Publicidade, Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo (2011).

5 Amorós, Anna (2012). Op. Cit. p.105.

6 Op. Cit. p. 104.

7 Op. Cit. p.107.

8 Op. Cit. p. 108.

9 Op. Cit. p. 121.

10 Op. Cit. p. 122.


11 Ib.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

ANDRÉS BARBÉ
MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
CHELO LOUREIRO
LORENA RODRÍGUEZ CAMPO
ISABEL IGLESIAS
PITI SANZ



Chelo Loureiro
Produtora

Audiovisual Galego: Fito histórico

Lideramos a normalización deste sector cultural en cuestión de xénero

Pertencer a un país no que ao longo do pasado século a seguridade laboral supuña a emigración e onde o mar bravo do Atlántico –outra fonte de ingresos– levaba por diante ducias de homes, significa pertencer a un país onde as mulleres non tiveron máis remedio que dirixir as economías familiares. Convertidas en viúvas de vivos -os emigrantes- ou de mortos –os mariñeiros–, non tiñan con quen compartir o inmenso traballo de atender fillos e facendas, transformándose moi a pesar delas en verdadeiras heroínas obrigadas a atopar nelas capacidades e forzas que, de non ter vivido estas experiencias, moi posiblemente xamais agromarían.

E como non hai mellor escola que a do exemplo, estou segura de que as mulleres galegas que medramos a carón destas nais e avoas levamos algo asumido dun xeito innato: a capacidade de sacar adiante calquera proxecto sen cuestionarnos máis que a propia vontade. Por iso, ao dito popular que afirma que Galiza é terra de peixe e políticos habería que engadirlle que tamén o é de mulleres emprendedoras. Estou segura de que deben existir estatísticas coas cifras de mulleres empresarias en Galiza e no resto de España que certifiquen esta singularidade.

No sector Audiovisual onde a porcentaxe en España –e mesmo Europa ou EEUU– de mulleres é tan baixa con respecto á de homes, para min foi sempre evidente que este dato non se correspondía coa realidade galega. E grazas aos Premios Mestre Mateo da Academia, estamos a comprobalo.

O número de traballos realizados ou producidos por mulleres premiados en calquera festival ou Academia de Cine é a radiografía do sector: as porcentaxes de premios son moi inferiores ás dos homes non por unha cuestión de talento, senón polo escaso número de mulleres profesionais que dan chegado a formar parte desta industria.

Ser testemuña este ano duns premios Mestre Mateo onde o cincuenta por cento foron recollidos por mulleres foi, ademais dun inmenso orgullo, a constatación de que Galiza é o primeiro país que camiña cara á normalización en canto a cuestións de xénero desta industria cultural. Porque non só acadaron un Premio as profesionais da Perruquería, Maquillaxe ou Vestiario, actividades historicamente femininas, senón que tamén foron mans femininas as que recolleron o Premio á Mellor Serie Web, Comunicadora de tv, Dirección de Arte, Realización, Dirección de Produción ou Mellor Longametraxe e Curtametraxes de Ficción e Animación. En total trece mulleres subiron a recoller premios dos 26 que concede a Academia Galega do Audiovisual. Algo que NUNCA ten sucedido en ningunha das Academias españolas e, estou segura de que poderiamos afirmar que non ten sucedido en ningunha do mundo. Por tanto estamos ante un fito histórico no que o protagonista é o Audiovisual Galego.

"Ser testemuña duns premios Mestre Mateo onde o cincuenta por cento foron recollidos por mulleres (...) foi a constatación de que Galiza é o primeiro país que camiña cara á normalización en canto a cuestións de xénero desta industria cultural"

Pero sen dúbida é sobresaínte o número de mulleres produtoras. Formar parte dun grupo de profesionais da talla de produtoras co talento e experiencia de Susana Maceiras, Zaza Ceballos, Emma Lustres, Dolores Ben, Fernanda del Nido, Mamen Quintas, Inma Castaño, Carme Rábade, Teresa F. Valdés, Isabel Rey, Sonia Méndez, Amalia Mato,... multipremiadas e con recoñecida traxectoria, resulta tan estimulante como motivo de orgullo.

Podería así mesmo enumerar tantos ou máis nomes de mulleres no resto de eidos profesionais deste sector, desde guionistas como Rosa Castro ou Puri Seixido, directoras como Sandra Sánchez ou Manane Rodríguez, directoras de produción como María Liaño, directoras de Arte como Marta Villar ou Curru Garabal até compositoras de música como Zeltia Montes. Mulleres están tamén xestionando a Academia, o Cluster Adiovisual e AGAPI –Marisela Lens, Mar Varela e Uxía Carideou dirixindo a TVG -Rosa Vilas-. Tamén actrices inmensas como Mabel Rivera ou María Pujalte, responsables de Vestiario, Maquillaxe ou Perruquería... Non é casual que todas elas xurdan nun pequeno país coma o noso e teñan traxectorias internacionais.

Aínda que falta moito para o mundo cultural asuma que estamos a perder unha riqueza enorme ao non apoiar o talento de milleiros de mulleres que están a traballar no terreo da invisibilidade, como galega sinto que deste esta Finisterrae lideramos o camiño da igualdade con paso tan firme coma ilusionante. Nestes tempos de dureza extrema onde semella que camiñamos cara atrás, non perdamos a ocasión de celebrar calquera boa nova. Esta sen dúbida o é.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

ANDRÉS BARBÉ
MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
CHELO LOUREIRO
LORENA RODRÍGUEZ CAMPO
ISABEL IGLESIAS
PITI SANZ

Lorena Rodríguez Campo
Profesora Dra. de Organización de Empresas e Marketing (Universidade de Vigo)

Planificación estratéxica de sinerxias entre o sector audiovisual e o turístico

O cine, dende os seus mesmos orixes, estivo intimamente unido á viaxe. En canto os irmáns Lumière comezaron a producir películas, enviaron aos seus operadores aos máis diversos lugares do mundo co fin de capturar imaxes insólitas, atraentes ou exóticas que puideran interesar ao público. O dobre atractivo dos espectáculos do cine primitivo perpetuouse ao longo do tempo: o espectador ou ben busca na pantalla descubrir realidades que lle son lonxanas, ou ben busca un espello no cal recoñecer as súas propias experiencias ou emocións (Cerón Gómez, 2001). As aportacións dalgúns filmes que falan de forma directa ou indirecta de aspectos culturais, sociais, económicos ou ambientais, vincúlanse ao desenvolvemento da actividade turística dos destinos. Os hábitos de consumo, as repercusións territoriais e a posta en valor dos recursos locais son aspectos que se poñen de manifesto a través das películas (Martínez Puche, 2008). É por isto que o cine ten a capacidade de influír no desenvolvemento da identidade, a imaxe e as representacións culturais dun país e, por tal motivo, os organismos xestores dos destinos deben planificar e negociar a súa "posta en escea" nos produtos audiovisuais (Rodríguez Campo, Fraiz Brea, Alén González, 2012).

Toda película, e tamén moitas series televisivas, precisan de exteriores onde situar a acción (cidades, praias, portos, edificios patrimoniais, cascos históricos, montañas, etc) e para isto deben solicitar permisos para a rodaxe en ditos lugares. Este é o momento no que as autoridades turísticas poden beneficiarse de que o seu destino sexa incluído nunha longametraxe que será vista, quizais, por millóns de persoas en todo o mundo, é dicir, emprazar os seus produtos para xerar imaxe. Ademais, o sector audiovisual tamén sae beneficiado ao recibir unha contribución en especie que reduce distintas partidas presupuestarias (cortes de tráfico, aloxamentos gratuítos, cesión de espazos públicos ou persoal, comidas, entre outras), pero tamén importantes contribucións diñerarias que axudan a financiar o presuposto (Rodríguez Campo, 2010).

Dende a última década do século pasado, os destinos internacionais e nacionais, incluíron entre as súas estratexias promocionais, o emprazarse en longametraxes para comunicar os seus atractivos e iconas turísticas deixando de ser simples accións puntuais de promoción para converterse en estratexias de *Branded Content* como indica Ruiz de Lera, director de marketing de Turespaña, ao referirse ao posicionamento de España na película *Sólo se vive una vez* (2011) e aos éxitos que se conseguiron: estrea en 2.500 cines da India, máis de 70 millóns de espectadores, cinta máis taquilleira (recaudando máis do dobre que *Harry Potter*) e transmisión da mensaxe desexada a través da marca España.



>

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

ANDRÉS BARBÉ
MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
CHELO LOUREIRO
LORENA RODRÍGUEZ CAMPO
ISABEL IGLESIAS
PITI SANZ

Planificación estratéxica de sinerxias entre o sector audiovisual e o turístico

Lorena Rodríguez Campo

Aínda así, outros destinos como Reino Unido e Tirol, fai anos que xa buscaron sinerxias con Bollywood.

Riley, Baker e Van Doren (1998), pioneiros en investigar o efecto denominado por eles mesmos como *Movie Induced Tourism,* levaron a cabo unha investigación en 12 localidades estadounidenses onde se rodaron outras tantas películas que obtiveron elevadas recadacións e que contaban cun lugar identificable ao cal a xente podía viaxar. O efecto turístico inducido das películas prolongouse a lo menos durante catro anos con aumentos de entre o 40% e o 50%. Da investigación de Hudson e Brent (2006), cabe resaltar, entre outros, os seguintes impactos porcentuais no incremento do turismo nas localizacións: un 300% de visitas ao monumento Wallace en Escocia (*Braveheart,* 1995), un 200% de afluencia ao National Parks en Sydney (*Misión imposible 2,* 2000) e un 150% ao Lyme Park en Reino Unido (*Orgullo y Prejuicio,* 2005).

No contexto español, Barcelona e Andalucía foron pioneiras en introducir dentro dos seus plans de comunicación integral esta novidosa ferramenta capaz de influír no desenvolvemento da identidade e da imaxe do destino. Nos últimos anos, outros territorios como Asturias e La Rioja tamén consideraron o aparecer en longametraxes e series de ficción, o que se denominou, principalmente entre investigadores do sector turístico, como *Tourism Destination Placement* (López y Osácar, 2008). As Illes Balears impulsaron proxectos vinculados co cine, ben para atraer rodaxes cinematográficas e inversións, ou ben para aproveitar os *set* de filmación como reclamos de turistas e promoción das súas poboacións facendo rutas tematizadas inspiradas en películas ou directores (Martínez y Martínez, 2010). E é que, a segmentación do mercado turístico confórmase como unha das estratexias básicas que está posibilitando a actuación dos xestores públicos e privados dos destinos, tratando de satisfacer aos consumidores máis esixentes. Tanto a innovación como o fomento da creatividade, está provocando a proliferación de produtos vinculados ao cine nalgúns mercados primordiais do turismo como é o segmento cultural, segundo en importancia tras o sol e praia (Rodríguez Campo, Fraiz Brea, Alén González, 2013).

En canto aos dous destinos españois que mellor planifican as sinerxias entre os dous sectores, cabe resaltar, por un lado, da investigación empírica que realizamos sobre Barcelona, que este destino que financiou con máis dun millón de euros a longametraxe *Vicky, Cristina, Barcelona* (Woody Allen, 2008), conseguiu un dobre obxectivo: captar turistas estadounidenses e promocionar internacionalmente a cidade. Segundo manifestou o asesor de imaxe do Concello de Barcelona, o lanzamento da película converteuse no segundo evento máis importante tralos Xogos Olímpicos do 92. Ademais, os cinéfilos que visionaron a longametraxe ao saír das salas cinematográficas, tiñan unha imaxe máis positiva tanto do clima do destino como da hospitalidade dos barceloneses e tamén, unha mellor percepción da cidade, destacando o considerala atractiva, agradable, divertida, excitante, luminosa e relaxante.

Por outro lado, tal como indican Rosado y Querol (2006), máximos responsables da *Film Commission* andaluza (AFC), a promoción que unha película proporciona a unha cidade, provincia ou país que lle serviu de escenario, equivale a un anuncio visto por 72 millóns de espectadores. Pero ademais ofrece resultados económicos moi importantes pola zona, por exemplo. *Alatriste* (2006) supuxo 9.000 pernoctacións e tres millóns de euros en Andalucía. En 2011, a AFC atendeu a 1.073 rodaxes, xerando na economía de Andalucía 140.6 millóns de de euros e dando emprego a 10.887 traballadores.

Estes datos propiciaron que a cidade de Málaga sexa a representante española, a través da empresa municipal Promálaga, no proxecto europeo *Euroscreen* recentemente presentado na pasada edición do Festival de Cannes. Ademais participan a Film London (Reino Unido), a Universidade de Lund (Suecia), a cidade de Ystad (Suecia), Apulia Film Commission (Italia), Fondazzjoni Temi Zammit (Malta), Agencia de Desarrollo de Bucarest (Rumanía), Agencia de Desarrollo de Maribor (Eslovenia) e Agencia de Desarrollo de Rzeszow (Polonia). O obxectivo é impulsar o turismo nas cidades a través das producións cinematográficas e maximizar as sinerxias económicas entre empresas cinematográficas e turísticas que levarán a estes sectores a mellorar a innovación, a competitividade e o crecemento nos oito países que forman parte do mesmo. O proxecto conta cunha duración de tres anos e está dotado dun presuposto de 1.9 millóns de euros.

E é que, grazas á maxia do cine, con frecuencia os lugares son mostrados como emprazamentos suxestivos e, sobre todo, extraordinarios por ser distintos de outros territorios (Hernández, 2004). A imaxe configurada pola industria cinematográfica é moitas veces un valor engadido para determinados destinos, ao funcionar como verdadeira ferramenta de promoción a escala internacional e como factor que induce á viaxe (Hyounggon y Richardson, 2003) e, é conveniente, para os axentes do audiovisual, telo en conta ante a situación actual: dende produtores executivos ata guionistas, pasando por directores de produción, xefes de localizacións, directores económico-financieiros, entre outros. ¿Que mellor momento que este para unha adecuada planificación estratéxica a través de sinerxias con outros sectores? Se non, ¿para cando plans de marketing audiovisual?

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

ANDRÉS BARBÉ
MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
CHELO LOUREIRO
LORENA RODRÍGUEZ CAMPO
ISABEL IGLESIAS
PITI SANZ



Isabel Iglesias
Productora de Máscaras

En medio da nada

Convén desconfiar por sistema tanto do que se pretende "normal" como do que se di "especial", e non importa se falamos de persoas, de sectores, ou de modelos de negocio. Porque non é un problema de linguaxe senón de conceptos/tapadeira para enmascarar, e enmarañar, a pluralidade de opcións e a diversidade. O dito máis sinxelos, gústenos ou non, as cousas cambiaron.

A "normalidade" é unha quimera na que cada vez caben menos persoas e/ou proxectos, unha negociación desta dinámica realidade que nos pillou co paso cambiado. E nesta permanente alarma de maldades alleas, recortes e prohibicións non estamos ~~querendo~~ sabendo ver que non haberá novo paradigma senón un espazo onde *tódolos outputs posibles son posibles... un espazo de comunidades cambiantes.*

Na loita entre o aberto e o pechado haberá moitas baixas (grandes e pequenas) pero quedarán lugares interesantes que a xente ocupará: ***novos modelos organizacionais con remesturas enxeñosas e con importante potencial de novos modelos económicos.*** Pero é difícil atopar as novas grandes ideas nos mercados principais ou nos cauces oficiais, **así mentres** os grandes estudos e redes de salas de cine en Estados Unidos poñen a proba ao público con novas fórmulas que inclúen entradas "vip" a prezos de ouro, **o expresidente dos produtores españois** avogaba recentemente por acordos para a redución de prezos:

"Agora estamos en boa sintonía coas patronais de exhibición e distribución e creo que debemos actuar para recuperar espectadores, temos que utilizar a palanca do prezo. Se o que paga pensa que a entrada de cine é cara entón debemos activar unha política de prezos agresiva para facer que volva ao cine".

¿Recuperar espectadores? Agora que hai presa por **encontrar solucións**, nas análises cólanse as rebaixas e **o debate funde a negro** en inútiles confrontacións que eclipsan o importante: a onde marcharon os espectadores? a onde nos fomos?

Tomemos por exemplo a palabra transmedia, que quedou obsoleta sen ter chegado a calar nalgúns sectores. É o de sempre, pensamos que as solucións proveñen da nosa propia capacidade de estudar sensatamente a realidade discernible, pero o mundo xa non funciona así. Incluso cando nos resistimos ao evidente, estamos creando realidade. A arte e a cultura non teñen problemas, os conceptos e a viabilidade dos modelos económicos si.

Audiovisual implica tecnoloxía, técnica, narrativa, talento... Pero sobre todo ***facer uso da linguaxe, buscar as claves do relato para contar e sintonizar.*** Non é suficiente con poñer en marcha toda a operativa técnica, é imprescindible traducir intereses para facelo accesible nas diferentes canles, que non só contan cos seus propios códigos senón que se retroalimentan. A transmisión de ideas a multimedia ***xa non responde só a formatos: depende, sobre todo, dos hábitos.***

A mirada debe ser a un contexto máis amplo porque o poder do audiovisual reside agora na súa **capacidade para ser cotiá**, no potencial de transmitir atendendo diferentes tipos de demanda que, en **plena transformación social,** fai súas as ferramentas e as canles para transformar a axenda mediática. A(s) audiencia(s) teñen moito que dicir, de aí tamén o paradoxo da abundancia porque a audiovisualización do mundo vai en paralelo á fragmentación de audiencias e á **necesidade de captar atención.**

Os cambios non son fáciles ata que resultan naturais pero todo comeza por aceptar que o "normal" non existe e que o "especial", que soa a privilexios, xa non está ben visto. De momento parece que estamos no medio da nada, que tampouco é tan malo porque permite elixir. ***Aí o reto... e a oportunidade.***

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

ANDRÉS BARBÉ
MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
CHELO LOUREIRO
LORENA RODRÍGUEZ CAMPO
ISABEL IGLESIAS
PITI SANZ



Piti Sanz

Compositor e músico

Terror

"Agora que entramos no estadio do TERROR (...), podemos seguir tirando da picaresca para esnafrarnos definitivamente ou, por fin, chegar a acordos intelixentes, ecuánimes, onde TODOS saiamos gañando"

É o resumo de tódolos artigos amosados ata agora. É o resumo do ambiente (interesado?) que vivimos no audiovisual. Terror. Porque realmente, a industria audiovisual galega está *gripando*. Xa pasamos polo medo. Uns máis que outros convivíamos con el, co medo. Acabas unha serie, ou unha película ou calquera traballo que estás facendo e entras nesa fase de medo. Chamaranme para outro traballo? Canto tempo pasará ata o seguinte encargo? Cando cobrarei?... Cando cobrarei!!?... Cobrarei!? (Chegarei a cobrar?!?)... Incrible... Medo. Agora entramos noutro estadio, e case diría que por primeira vez, entramos todos os habitantes do sector audiovisual, os xefazos e os *curritos*. É o estadio do TERROR (interesado?). Todo pode ir ó carallo.

Mais, non nos enganemos. Neste sector, sabemos das casas, chalets, cochazos e luxos que gastan algúns (15% mínimo de beneficio empresarial, de aí para arriba), e pola contra, da economía de supervivencia doutros. E que ninguén se me subleve, que non falo de merecementos, nin apunto co dedo. Non acuso. Só constato un feito. É así. E agora que entramos todos xuntos no estadio do TERROR (seguramente uns mais que outros), podemos seguir tirando da picaresca para esnafrarnos definitivamente ou, por fin, chegar a acordos intelixentes, ecuánimes, onde TODOS saiamos gañando. Gañando menos, pero gañando todos.

Fai falta un "grande acordo" de tódolos profesionais. TODOS. Un acordo dende a calma, porque o terror non axuda a tomar boas decisións... A ver quen se atreve a iniciar esta difícil pero ineludible travesía.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Fichas e fotos das obras presentadas á XI edición dos **Premios Mestre Mateo**

AS PRODUCIÓNS

LONGAMETRAXES
DOCUMENTAIS
SERIES DE TV
SERIES WEB
PROGRAMAS DE TELEVISIÓN
CURTAMETRAXES
CURTAMETRAXES DE ANIMACIÓN
ANUNCIOS PUBLICITARIOS
VIDEOCLIPS



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Fichas e fotos das obras presentadas á XI edición dos **Premios Mestre Mateo**

LONGAMETRAXES

GAÑADORA · NOMEADAS · CANDIDATAS

O APÓSTOLO

INVASOR

LOBOS DE ARGA

VILAMOR

LA BRECHA

A CICATRIZ BRANCA

CONCEPCIÓN ARENAL, A VISITADORA DE CÁRCERES

DOUS FRAGMENTOS/EVA

O QUE TAL CHOVEU

OPERACIÓN E

PERSONAL MOVIE

POLVO

O SEXO DOS ANXOS

TODO É SILENCIO



A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Fichas e fotos das obras presentadas á XI edición dos **Premios Mestre Mateo**

ÍNDICE





Longametraxe
Gañadora

O APÓSTOLO

Artefacto Producciones, Film Arante, Rosp Coruña e TVG

SINOPSE: O Apóstolo narra unha escura historia de misterio ambientada no Camiño de Santiago na que se mestura o suspense, o humor e a fantasía a partes iguais. O protagonista, un preso recen fuxido do cárcere, verase envolto en estraños e inquietantes sucesos ao tentar recuperar un botín que fora escondido anos atrás nunha solitaria vila desta ruta. Sinistros anciáns, estrañas desaparicións, espíritos, un peculiar crego e ata o mesmísimo Arcipreste de Santiago confl úen nunha trama aderezada de misterio e intriga que levará ao protagonista a enfrontarse aínda maior da que conseguira escapar.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Dirección e guión: Fernando Cortizo
1º axudante de dirección: Carlos Dávila
2º axudante de dirección: Hugo Vieites
3º axudantes de dirección: José Martínez e Sibila Yanes
Dirección artística: María Hernanz
Produción executiva: Isabel Rey, Jackeline Scok, Solomon J. LeFlore e Susan Gee
Dirección de animación: Peggy Arel
Dirección de personaxes: John Craney
Deseño de produción: Fred de Bradeny
Dirección de produción: Marta García
Dirección de VFX: Colin Miller
Dirección de estereoscopía: Tim Taylor e Carlos Fernández
Música: Philip Glass, Xavi Font e Arturo Vaquero
Edición e montaxe: Fernando Alfonsín
Dirección de fotografía: David Nardi
Vestiario: Valentín Duranthon e Annika Schindler
Posprodución: Álvaro Lomba
Director de animadores: Peggy Arel
Xefe modelado: John Craney

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Carlos Blanco *(Ramón)*
Jorge Sanz *(Pablo)*
Paul Naschy *(Arcipreste de Santiago)*
Geraldine Chaplin *(Dorinda)*
X. Manuel Olveira "Pico" *(Don Cesáreo)*
Luís Tosar *(Xabier)*
Celso Bugallo *(Celso)*
Manuel Manquiña *(Salustiano)*
Víctor Mosqueira *(recepcionista)*
Pedro Alonso *(peregrino)*
Isabel Franco *(Peregrina)*
Atilano Franco *(Primitivo)*
Jacobo Rey *(doutor)*

FESTIVAIS:

PREMIOS FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE MOSCÚ
SECCIÓN OFICIAL A COMPETICIÓN
** (Primeira película de animación en Sección Oficial na historia do Festival)*

FESTIVAL DE CINE DE MALAGA
SECCIÓN OFICIAL A COMPETICIÓN
** (Primeira película de animación na Sección Oficial na historia do Festival)*

SPANISH LONDON FILM FESTIVAL
SECCIÓN OFICIAL

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE SITGES
SECCIÓN ANIMA´T

FESTIVAL EXPOTOONS BUENOS AIRES
PREMIO MELLOR PELÍCULA

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE BOGOTA
SECCIÓN OFICIAL

FESTIVAL CINE HORIZONTES MARSELLA
PREMIO MELLOR PELÍCULA

FESTIVAL LAS NOCHES MAGICAS BURDEOS
SECCIÓN OFICIAL A COMPETICIÓN

FESTIVAL FANTASPORTO 2013
PREMIO ESPECIAL DO XURADO

FESTIVAL ANIMA BRUSELAS 2013
SECCIÓN OFICIAL A COMPETICIÓN

FESTIVAL MONSTRA DE LISBOA 2013
PREMIO DO PUBLICO E PREMIO Á MELLOR BANDA SONORA

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE GUADALAJARA MEXICO 2013
SECCIÓN PANORAMA INTERNACIONAL

MEDALLAS CIRCULO ESCRITORES CINEMATOGRAFICOS
NOMINADA Á MELLOR PELÍCULA DE ANIMACIÓN

PREMIOS FORQUÉ
NOMINADA Á MELLOR PELÍCULA DE ANIMACIÓN

PREMIOS GOYA - 2013
NOMINADA Á MELLOR PELÍCULA DE ANIMACIÓN

HOLLAND ANIMATION FILM FESTIVAL
SECCIÓN OFICIAL A COMPETICIÓN

PREMIOS MESTRE MATEO
PREMIO MELLOR PELÍCULA
PREMIO MELLOR DIRECTOR
PREMIO MELLOR DIRECCIÓN DE PRODUCIÓN
PREMIO MELLOR DIRECCIÓN DE ARTE
PREMIO MELLOR BANDA SONORA
PREMIO MELLOR SON

CORFU ANIMATION FESTIVAL (GREECE)
SECCIÓN OFICIAL A COMPETICIÓN

FUTURE FILM FESTIVAL BOLOGNA-ITALIA
SECCIÓN OFICIAL A COMPETICIÓN

ANNECY -INTERNATIONAL ANIMATION FILM FESTIVAL- FRANCE
SECCIÓN OFICIAL A COMPETICIÓN.
PREMIO DO PÚBLICO

Longametraxe
Nomeada

INVASOR

Vaca Films, Morena Films, Mandarine Cinema e TVG

SINOPSE: Tras un atentado que case lle custa a vida, Pablo, un médico militar español destinado nunha misión internacional, regresa a casa convalecente xunto á súa muller e a súa filla. Pablo sospeita que lle están escondendo información sobre as circunstancias do atentado e malia a presión dos altos mandos, négase a secundar a versión oficial poñendo en perigo a súa seguridade e a da súa familia.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Director: Daniel Calparsoro
Produtores: Juan Gordon, Emma Lustres e Borja Pena
Co-produtor: Eric Altmayer
Guionistas: Javier Gullón e Jorge Arenillas
Productora executiva: Pilar Benito
Director de fotografía: Daniel Aranyó
Director de arte: Juan Pedro Gaspar
Música: Lucas Vidal
Montaxe: David Pinillos e Antonio Frutos
Director de produción: Jordi Berenguer
Son: Sergio Burmann, James Muñoz e Nicolas de Poulpiquet
Vestiario: Ana López
Maquillaxe: Raquel Fidalgo
Perruquería: Paco Rodríguez
Cásting: Rosa Estévez, Eva Leira e Yolanda Serrano

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Alberto Ammann *(Pablo)*
Antonio de la Torre *(Diego)*
Inma Cuesta *(Ángela)*
Karra Elejalde *(Baza)*
Luís Zahera *(Arturo)*
Bernabé Fernández *(Soldado Pelirrojo)*
Sofía Oria *(Pilar)*

FESTIVAIS:

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE FANTÁSTICO DE CATALUÑA
SITGES 2012. OUTUBRO 2012

FESTIVAL DE CINE EUROPEO DE SEVILLA
NOVEMBRO 2012

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE GUADALAJARA
MARZO 2013

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE SEATTLE
XUÑO 2013







Longametraxe
Nomeada

LOBOS DE ARGA

Telespan, Vaca Films e TVG

FESTIVAIS:

- **FESTIVAL DE SITGES**
- **SEMANA INTERNACIONAL DE CINE FANTÁSTICO DE SAN SEBASTIÁN**
- **FANTASPORTO**
  FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OPORTO
- **9ª MUESTRA SYFY DE CINE FANTÁSTICO DE MADRID**
- **SYFYFEST, III MUESTRA DE CINEMA FANTÁSTICO DE LISBOA**
- **DEAD BY DAWN DE EDIMBURGO**
- **BRUSSELS INTERNATIONAL FANTASTIC FILM FESTIVAL**
- **IMAGINE FILM FESTIVAL**
  (AMSTERDAM FANTASTIC FILM FESTIVAL)
- **9ª EDICIÓN DEL CALGARY UNDERGROUND FILM FESTIVAL**
- **CHICAGO LATINO FESTIVAL**
- **SEATTLE INTERNATIONAL FILM FESTIVAL**

SINOPSE: 1910, en Arga, un pequeno pobo de galego na ruta do Camiño de Santiago. Unha terrible maldición cae sobre a malvada marquesa de Mariño e o seu fillo, converténdolle en home lobo no seu décimo aniversario.
Cen anos despois, Tomás Mariño (Gorka Otxoa), escritor fracasado e último descendente varón dos Mariño, regresa ao pobo para ser nomeado fillo adoptivo. Tomás conta coa única compañía de Vito, o pequeno can da súa ex noiva, que se instala con el no vello caserón familiar. Alí é recibido con amabilidade polo seu tío Evaristo (Manuel Manquiña), párroco e alcalde de Arga. Todo parece indicar que Tomás atopou o lugar ideal onde poder concentrarse e escribir o seu segundo drama existencial, pero as cousas non son o que parecen: en realidade os veciños pensan sacrificarlle nunha escura cerimonia, que debe ser levada a cabo polos habitantes de Arga cen anos logo da maldición, para así poder acabar co reinado de terror do home lobo que leva todo ese tempo atenazando a rexión. Tomás, coa axuda de Calisto (Carlos Areces), o seu vello amigo do pobo, a súa tía avoa Rosa (Mabel Rivera) e Mario (Secun da Rosa), o lercho do seu editor literario, conseguirá escapar da primeira trampa e das garras do home lobo. Pero do que non son conscientes é que, se non se cumpre o sacrificio na data exacta, unha segunda maldición caerá sobre Arga. Unha maldición de consecuencias moito máis terribles...

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Director: Juan Martínez Moreno
Guión: Juan Martínez Moreno
Productores: Tomás Cimadevilla e Emma Lustres
Produción executiva: Pablo Ramírez
Dirección artística: Sandra Frantz
Director de fotografía: Carlos Ferro
Montaxe: Nacho Ruíz Capillas
Son directo: Agustín Peinado
Música: Sergio Moure
Maquillaxe: Raquel Fidalgo
Perruquería: Fermín Galán
Vestiario: Beatriz San Juan
Deseño e maquillaxe homes lobo: Arturo Balseiro
Efectos especiais: Federico Cueva

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Gorka Otxoa *(Tomás Mariño)*
Carlos Areces *(Calisto)*
Secun de la Rosa *(Mario)*
Manuel Manquiña *(Evaristo)*
Mabel Rivera *(Rosa)*
Luís Zahera *(Sarxento Garda Civil)*
Marcos Ruíz *(Diego)*





VILAMOR

Vía Láctea Filmes coa participación de TVG

SINOPSE: Ano 1976. Breixo, un rapaz cheo de boas intencións, atópase cos habitantes dunha comuna establecida na outra beira do río. A pesar da pertenza da súa familia ás forzas vivas da vila, Breixo é seducido pola a idea dun estilo de vida alternativo e axuda aos recen chegados a recuperar a aldea perdida de Vilamor. Sen propiedade privada, traballando a terra e en total comuñón coa natureza, o soño empeza a facerse realidade. Pero ese mundo novo vólvese contra Breixo, o amor libre non está feito para el. Non todo o mundo está destinado a vivir este soño.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Director: Ignacio Vilar
Guión: Carlos Asorey e Ignacio Vilar
Produtores: Marina Fariñas e Ignacio Vilar
Produtores executivos: Daniel Froiz, Marina Fariñas e Ignacio Vilar
Axudantes dirección: Sandra Montes e Ozo Perozo
Primeiro de produción: Alberto Tomé
Director de fotografía: Alberto Díaz "Bertitxi"
Dirección artística: Curru Garabal
Maquillaxe: Chicha Blanco
Perruquería: Francisco Martínez
Vestiario: María Fandiño e Mar Fraga
Son: Xavier Souto e Diego S. Staub
Música: Zeltia Montes
Montador: Guillermo Represa
Laboratorio: DELUXE (Madrid)
Estudio de montaxe: VÍA LÁCTEA FILMES (Petín de Valdeorras. Ourense)

Longametraxe
Nomeada

Estudio de mezclas de música: BRUAR (A Coruña)
Estudio de mezcla: CINEMAR FILMS (O Milladoiro. A Coruña)

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Pasado (1976):
Rubén Riós *(Breixo)*
Sabela Arán *(Sonia)*
Xoel Yáñez *(Hermes)*
Paulo Serantes *(Froilán)*
Santi Romay *(Bento)*
Carlos Villaverde *(Uxío)*
Déborah Vukusic *(Comba)*
Sheila Fariña *(Elsa)*
Tamara Canosa *(Helena)*
Marcos Pereiro *(Alán)*
Marta Lado *(Adelaida)*
Manuel Lorenzo *(Don Aurelio)*
Mela Casal *(Anuncia)*
Mayka Braña *(Amalia)*
Cesar Cambeiro *(Baltasar)*
Presente:
Luís Iglesia *(Breixo)*
Belén Constenla *(Sonia)*
Sabela Arán *(Aura)*

FESTIVAIS:

- **NEW YORK CITY INTERNATIONAL FILM FESTIVAL (EE.UU)**
  PREMIO A MELLOR BANDA SONORA E MELLOR FOTOGRAFÍA - AGOSTO 2012
- **INTERNATIONAL FILM FESTIVAL FOR PEACE, INSPIRATION AND EQUALITY (JAKARTA,INDONESIA)**
  PREMIO A EXCELENCIA - AGOSTO 2012
- **CINE DE O CAIRO, EXIPTO**
  SECCIÓN OFICIAL FESTIVAL (NOVEMBRO 2012)





Longametraxe
Candidata

LA BRECHA

Amén Cinema


SINOPSE: O deseñador gráfico Rodrigo Losada e o cineasta Marcos Nine comparten unha inquietude. Despois de anos de experiencia nos seus respectivos traballos chegaron á frustrante conclusión de que independentemente das diferenzas temáticas ou formais dos distintos traballos que realizan, sempre son capaces de solucionalos cunha metodoloxía idéntica.
Para fuxir desta mecánica destrutiva da creatividade, Rodrigo ideou o proxecto "La Brecha", nel servíase de materiais sacados do lixo para crear pequenas composicións dentro do formato de filmina que proxectadas deran vida a unha obra que inicialmente non fose controlada polo seu propio autor.
Tras os resultados deste traballo Marcos Nine pretende levar ó cine ese mesmo proceso de traballo formulando un filme evolutivo do cal nin o deseñador nin o propio director teñan control. A idea é aplicar ó material filmado as técnicas de degradación que o deseñador gráfico aplicou ás súas obras seriadas de filminas para a continuación montar un filme de xeito aleatorio co fin de evitar tódolos vicios adquiridos polos autores durante os seus anos de experiencia e poder retornar así á creatividade máis pura e inocente.
"La Brecha" é un filme que cuestiona o concepto de obra de arte mentres pon de manifesto os mecanismos de autocensura e autocontrol dos creadores á hora de realizar as súas obras.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Director: Marcos Nine Búa
Guión: Marcos Nine Búa
Montaxe: Marcos Nine Búa
Produtora: Ximena Losada Arufe
Textos e arte: Rodrigo Losada
Posprodución: Fran X. Rodriguez
Etalonaxe: Benjamín Díaz
Son: Daniel Patiño e Verónica Ruiz
Música: Manuel Rivero
Xefas de producción: Eleonora Panaro (Arxentina) e Alicia Veira (España)
Fotografía: Rodrigo Losada e Fran X. Rodriguez
Cadros: Verónica Gómez
Web: Eugenio Outeiro Lojo

FESTIVAIS:

- FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INDEPENDIENTE DE BUENOS AIRES, BAFICI 2012
- III MOSTRA DE CINEMA PERIFÉRICO S8 2012
- TRENDEGORIA XIXÓN 2012
- CINEUROPA 2012
- SINSAL AUDIO 2012
- PLAY-DOC 2013
- BILBOARTE SEMINARIO NOVO CINEMA GALEGO 2013



A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Longametraxe
Candidata

A CICATRÍZ BRANCA

Nós Productora Cinematográfica Galega, Haddock Films e TVG

SINOPSE: Unha rapaza coas súas pernas enganchadas do bam-bam dun trapecio agarra coas mans os pés doutra rapaza suspendida no bango que, pola súa vez, ten que prender as súas mans coas dunha terceira que se acanea no trapecio da beira contraria. Todas elas saben que non hai rede.
A rapaza suspendida no bango pecha os ollos xusto no intre en que o seu corpo tensa e vai ao encontro doutro corpo. Esta é a alegoría dunha historia sobre as mulleres que emigraron soas. Pensada como unha película que establece un ligame cun feito social central no século vinte, a emigración, neste caso como experiencia diversa dun dos grupos máis fráxiles e só parcialmente visíbel, as mulleres,
A cicatriz branca é un relato en espiral que vai cara as sensacións que o choque con determinados lugares e situacións vai labrando no interior das personaxes, ate unha nova visión de ti propia-outra.
A partir do real documental [relatos de mulleres, estudos sociolóxicos, representacións na literatura e noutras modalidades creativas] o filme adopta como personaxe masculina a Antón Moreda, o protagonista de carne e oso da novela da autoría de Margarita Ledo, que contou cunha axuda do Ministerio de Cultura, 1987, e que se publicou co título Porta Blindada (Xerais, Vigo, 1990).
Para alén desta viaxe da escrita á imaxe, dos materiais de non ficción a unha obra de ficción, da ausencia da fala ate a fala como construtora do desexo, o filme recupera como escenarios determinados "lugares" da emigración nos que algo pasou.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Guión e dirección: Margarita Ledo Andión
Dirección de fotografía: Pablo Cayuela Miguel
Son: David Machado, Sebastián Sonzongni e Xoan Escudero
Edición: Ramiro Ledo Cordeiro
Música: Abe Rábade
Produción executiva: Margarita Ledo Andión e Vanessa Ragone
Dirección de produción: Katrin Pors e Carolina Urbieta
Coord. Produción: Silvia Roca
1º Axudante de dirección: Ozo
Dirección de arte: Bernardo Tejeda
Xefa de arte: Andrea Benítez
Preparación actoral: Carlos Neira
Posprodución de son: Cinemar Films
Posprodución de imaxe: Deluxe Madrid
Consultoría de Son: Dolby
Créditos Uqui/cebra: sic-lab.net

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Eva Veiga
Xabier Deive
Lino Braxe
Tamar Novas
Margarita Fernández
Mónica Camaño
Xoana Pintos
Clotilde Iglesias
Néstor Ageitos
Darío Ageitos
Colaboración especial:
Manuel Sánchez Salorio e
Carmen Valiño de Arias





A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Fichas e fotos das obras presentadas á XI edición dos **Premios Mestre Mateo**

ÍNDICE



Longametraxe
Candidata

CONCEPCIÓN ARENAL, A VISITADORA DE CÁRCERES

Zenit Televisión, Distinto Films, Televisión de Galicia, Televisió de Catalunya, Canal Sur e Televisión Española

SINOPSE: En pleno século XIX, nun mundo onde as execucións eran un espectáculo público e os presidiarios carecían de todo dereito, Concepción Arenal é nomeada visitadora de cárceres na prisión da Coruña. A súa loita a favor dos dereitos humanos logrou cambiar a perspectiva da sociedade sobre os máis desfavorecidos e mellorar as súas duras condicións de vida.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Produtoras executivas: Zaza Ceballos e Miriam Porté
Directora: Laura Mañá
Guionistas: Rafa Russo e Laura Mañá
Diálogos adicionais: Puri Seixido
Directora artística: Irene Montcada
Música: Francesc Gener
Director de fotografía: Sergi Gallardo
Maquillaxe e peiteado: Yolanda Piña
Montaxe: Anna Oriol
Directores de produción: Laura Cuevas e Toni Carrizosa
Xefes de produción: Jose Salqueiro e Marc Álvarez
Vestiario: María Gil e Sonia Segura
Casting: Natalia Flores e Irene Roqué
Son: David Machado

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Blanca Portillo *(Concepción Arenal)*
Mabel Rivera*(Juana de Vega)*
Anna Casas *(Petra)*
Xosé Barato *(Jesús de Monasterio)*
Óscar Rabadán *(Goyo)*
Diana Gómez *(Florentina)*
Luísa Merelas *(Nai de Petra)*
Pere Arquillué *(Garrido)*
Paula Carballeira *(Aurora)*
Isabel Naveira *(María)*
Candela Fernández *(Catalina)*
Concha Galán *(Sor Eloísa)*
Patricia Vázquez *(Celadora)*
Dani Lago *(Pauliño)*
Juanma Lara *(Don Álvaro)*
Antón de Santiago *(Gobernador)*

FESTIVAIS

X FESTIVAL EUROPEO DE CINE PARA TV ZOOM DE IGUALADA 2012
MELLOR PELÍCULA, MELLOR DIRECCIÓN E PREMIO ESPECIAL DO XURADO XOVEN

DETECTIVE FEST MOSCÚ 2012
PREMIO ESPECIAL DO XURADO

FESTIVAL DE LUCHON 2013
MELLOR FICCIÓN ESPAÑOLA

FESTIVAL DE MÁLAGA 2013
PARTICIPACIÓN

XIPMM
MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA DE REPARTO E MELLOR DESEÑO DE VESTIARIO



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Fichas e fotos das obras presentadas á XI edición dos **Premios Mestre Mateo**

ÍNDICE

Longametraxe
Candidata

DOUS FRAGMENTOS / EVA

Matriuska Producciones

SINOPSE: Despois dunha noite de amargas discusións, e tras decidir separarse, unha parella de amantes esgota as últimas horas da súa relación percorrendo a cidade que están visitando.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Guión e dirección: Ángel Santos
Produtor executivo: Daniel Froiz
Director de fotografía:
Alberto Díaz "Bertitxi"

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Iria Pinheiro *(Eva)*
Isak Férriz *(el)*
Fernando Tielve *(rapaz novo)*





Longametraxe
Candidata

O QUE TAL CHOVEU

Continental Producciones, Arrayas, Canal Sur, TVG e Grupo Ganga

SINOPSE: Unha familia galega, Os Outeiro, ten que emigrar a Sevilla desde Fene, Ferrol. Alí atópase con outra familia, Os Moreno, que como eles, tiveron que deixar a súa casa nun casarío do interior de Granada para buscar mellor vida na capital andaluza. Coinciden no mesmo bloque de pisos nun barrio os arredores da cidade. É o ano 75, un tempo de cambios vertixinosos no político e social ao que teñen que facer fronte cada un, sorprendido pola evolución dos outros. Carmen, a nai andaluza, atopa o seu norte en Pilar, a veciña galega. Pilar ten ao seu marido sindicalista do naval no cárcere e está afeita a resolver por si soa. Vive co seu fillo Alfonso e cun sobriño do seu marido, Fidel, co que manterá unha ambigua relación familiar.
O mapa da Transición en España debúxase a través das relacións que establecen estas dúas familias ás que a morte de Franco chea de medos e esperanzas en doses moi distintas.

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Os Moreno
Cuca Escribano *(Mari Carmen*
Eduardo Velasco *(Juan)*
Idilio Cardoso *(José, o avó)*
Ana de las Cuevas *(María Dolores)*
Curro Mira *(Juanito)*
Juan y Medio *(Manuel, o curmán)*
Os Outeiro
María Salgueiro *(Pilar)*
Antonio Durán Morris *(Antón)*
Antón Sampedro *(Alfonso, o fillo)*
Manuel Lozano *(Fidel, o sobriño)*
Outros personaxes
Juanma Lara *(Don Aurelio)*
Sara Motos *(Angelita)*
Elvira de Armiñán *(Paqui)*



A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Fichas e fotos das obras presentadas á XI edición dos **Premios Mestre Mateo**

ÍNDICE

Longametraxe
Candidata

OPERACIÓN E

Zircozine, Tormenta Films e Ajoz Films

SINOPSE: José Crisanto é un campesiño cocalero que vive coa súa familia na xungla colombiana, unha rexión onde as FARC (Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia) impoñen a súa lei. Os guerrilleiros entréganlle un bebé ao bordo da morte para que o cure e o coide, baixo ameaza de morte. Crisanto vese obrigado a fuxir con toda a súa familia para salvar as súas vidas e a do neno, converténdose en desprazados pola violencia que a guerrilla e os paramilitares exercen nunha gran parte do país. Anos despois, os guerrilleiros que lle entregaron ao bebé búscano para reclamarllo con urxencia. O neno forma parte dun plan de intercambio de reféns, pactado entre os presidentes de Colombia e Venezuela, que está poñendo a ambos países ao bordo da guerra e que mantén en albas aos imperios mediáticos do mundo enteiro. Crisanto e a súa familia son agora perseguidos pola guerrilla, pero tamén pola policía e os militares que o fan responsable de secuestro... Esta é a historia do que sucede lonxe das cámaras e os micrófonos, no contracampo da historia oficial.

Un filme sobre a historia real dun campesiño e a súa loita en solitario contra o sistema, o seu frenético intento por sobrevivir e por manter o seu integridade e a unidade da súa familia.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Director: Miguel Courtois Paternina
Produtores: Farruco Castromán, Luís Tosar, Cristina Zumárraga, Marisa Castelo e Ariel Zeïtoun
Produción executiva: Farruco Castromán
Coprodutores executivos: Cristina Zumárraga e Juan Pablo Tamayo
Guión: Antonio Onetti
Idea Orixinal de: Ariel Zeïtoun
Director de fotografía: Josu Incháustegui
Director de arte: Gonzalo Martínez
Son: César Salazar, Gabriel Gutiérrez e Christian Fontaine
Montaxe: Jean – Paul Husson
Música: Thierry Wetermeyer
Axudante de dirección: Emiliano Torres
Director de casting: Jaime Correa

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Luís Tosar *(José Crisanto)*
Martina García *(Liliana)*



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Longametraxe
Candidata


PERSONAL MOVIE

Sun Lúa coa colaboración de TVG

SINOPSE: Manolo roda a película das súas vacacións e a cámara convértese nun personaxe máis, entre festas e ligues. Un día de resaca, no que non recorda nada do ocorrido a véspera, descobre restos dun cadáver no seu barco. Entón chama ao seu pai, un policía ao que detesta, para que lle axude a saír do embrollo. Apoiándose nel e nunha moza inmigrante da que se namora, terá que descubrir ao culpable. Para chegar ao desenlace terá que enfrontarse a unha trama con asasinatos e chantaxes, pero tamén aos conflitos que lastran a relación co seu pai e ao crecente amor que sente pola moza inmigrante, que podería converterse na muller da súa vida. Pasado, presente e futuro están en xogo nunha profunda viaxe no que o protagonista atravesa o paraíso, afúndese no inferno e loita por escapar de volta ao mundo real.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Dirección: Héctor Carré
Guión: Héctor Carré
Produción executiva: Héctor Carré e Antón Reixa
Director de fotografía: Juan Carlos Gómez A.E.C.
Música: Manuel Varela
1º Axudante de dirección: Judas Diz
Director de produción: Xabier Eirís
Xefe de produción: Sebastián Coto
Son: Mandeo Records
Dirección artística: Alexandra Fernández
Montaxe: Héctor Carré
Vestiario: Arántzazu Domínguez
Maquillaxe e perruquería: Ana Coya
Axudantes de produción: Iago Veloso e Óscar Pousada
Auxiliares de produción: Ramiro Rodríguez e José Expósito "Ortiz"
Meritorio de produción: Manuel Martínez
Secretaria de produción: Érika Alonso Correa
Contable pagador: Sebastián Soto
2º Axudante de dirección: Sabela Pillado
Meritoria de dirección: Cristina otero
Axudante de montaxe: Mario Varela
Axudante de decoración: Ana Sánchez
Atrezista de rodaxe: Tanis Villar
Meritoria de decoración: Elba Martínez
Atrezista de avance: Asier Aserrano
Auxiliar de vestiario: Laura Iglesias
Reforzo de vestiario: Renata Uzal
Director: Carlos Seijo
Directora de arte: Noela Seijo
Operador cámara: Víctor M. Vigo
Asistente arte: David Canosa
Montaxe e posprodución: Carlos Seijo
Música intro: Carlos Seijo







A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Fichas e fotos das obras presentadas á XI edición dos **Premios Mestre Mateo**

ÍNDICE

ANUNCIO PUBLICITARIO
Candidato

TODO ES POSIBLE CON EL SANTIAGO FUTSAL

Píxel Films

SINOPSE: Spot para a 2ª volta de abonados do Santiago Futsal.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Guión e dirección: Jairo Iglesias
Axte dirección: Sara Horta
Produción executiva: Miguel Fernández e Naír Torrado
Dirección de fotografía: Lucía C. Pan
Steadicam: Nacho Ramos
Efectos visuais: Carlos Seijo
Son directo e posprodución: Yago Pico
Vestiario e maquillaxe: Betty Sueiro
Axtes de cámara: Victor Vigo e Suso Pardal
Making off: José M. Picón

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Manuel Manquiña







A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Fichas e fotos das obras presentadas á XI edición dos **Premios Mestre Mateo**

VIDEOCLIPS

GAÑADOR
NOMEADOS
CANDIDATOS

UN PIATTO,
DE BANDA CREBINSKY

GENTE POTA,
DE CAXADE

FENDENDO HACHAS,
DE TALABARTE

SHAME ON US,
DE HOLYWATER

THE PAST IS CLOSING IN,
DE ERLEND ROPSTAD

ÁREA 51,
DE OVER HEAR

SWEET AND SAD BLUES SONG,
DE TONY TORRES & FIVE STRINGS BAND



A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Fichas e fotos das obras presentadas á XI edición dos **Premios Mestre Mateo**

ÍNDICE

VIDEOCLIP
Gañador

UN PIATTO, DE BANDA CREBINSKY

Control Z

SINOPSE: Unha parella de namorados entra nunha delirante pizzería na que o seu peculiar chef e a súa cuadrilla prepáranlles unha pizza que non esquecerán.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Dirección: Enrique Otero
Xefe de produción: Xacobe Sineiro
Dirección de fotografía: Adrián Pino
Montaxe e posprodución: Enrique Otero e Adrián Pino
Axudante produción: Elena Mareque, Alba Aguiar e Fátima Santiago
Animacións: Juan Pablo Echeverry
Sonorización: Ramón Campos
Maquillaxe e perruquería: Sara Santaclara
Axudante de cámara: Alba Colino e Evar Rodríguez
Axudante montaxe: Dunia Álvarez e Alfonso Merino

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Banda Crebinsky
Ricardo de Barreiro
Marta Lado
Tony Lomba
Sara Santaclara
Marta Figueroa
Manuel Guede







GENTE POTA, DE CAXADE

Alonso Barreiro Caxade

VIDEOCLIP
Nomeado

SINOPSE: "Gente pota" é a segunda peza coa que o músico galego Alonso Caxade (acordeonista en PELdeNOZ, Cuarteto Caramuxo e cabRaret, e a bombardinista na orquestra Os Modernos) avanza no seu novo proxecto persoal, Caxade.

Con ton elegante, modesto e sinxelo, onde se liga a música e a imaxe, coa súa "Gente pota" Caxade achégase a un discurso metafórico e mesmo ao do surrealismo posmodernista que parece encaixar coas reivindicacións e demandas da sociedade actual.

Gente pota: s.f. (1) Xente que manexa fíos, poderes reais que semellan irreais. (2) Están pero non se ven facilmente. (3) Non teñen caras, senón potas, e soan a choco. (4) Descendentes dos potas. (5) Mestúranse ca xente de ben e incluso poden chegar a parecer boa xente.

Desprendámonos da súa influencia. Vos non vedes xente pota?

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Idea orixinal, música, guión e dirección: Alonso Caxade
Dirección e guión actriz: Iria Pinheiro
Dirección, realización, fotografía, edición e posprodución: Javier Antelo
Atrezzo: Manola Caxade
e Daniel Barreiro

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Tania Meneiro
Alonso Caxade
Iria Pinheiro



FENDENDO HACHAS, DE TALABARTE

Control Z

SINOPSE: Tres peculiares leñadores fabrícanse os seus propios instrumentos cos que deleitarán ao seu público en concerto.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Dirección: Enrique Otero
Produción: Elena Mareque
Dirección de fotografía: Adrián Pino
Montaxe e posprodución: Enrique Otero e Adrián Pino
Arte: Elena Mareque

SHAME ON US, DE HOLYWATER

Hachedé Visual e CTV

SINOPSE: O protagonista de "Shame on us" podería ser un home de negocios sen escrúpulos, un político corrupto marbellí ou mesmo un broker pasado de voltas de Goldman Sachs. Iso tanto ten. A cuestión é que vive escravizado polo diñeiro, o consumo, a tecnoloxía e outros vicios do noso tempo: os mesmos que denuncia a letra de Holywater. Todo cambiará no intre en que un grupo de estrambóticas personaxes o secuestra. Recluído nun profundo bosque, sometido a un delirante proceso de "re-educación", este home vivirá unha tola aventura pero tamén unha profunda viaxe interior na que terá que enfrontarse aos valores que reivindica "Shame on us": o retorno á vida natural e o reencontro coa nosa natureza libre e salvaxe.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Produción executiva: Jacobo Díaz e Diana Casanova
Guión orixinal: Jacobo Díaz
Dirección artística: Jacobo Díaz
Dirección técnica: Xácome Aleixandre
Dirección de fotografía: Xácome Aleixandre
Edición e posprodución: Xácome Aleixandre
Asistencia para a produción: Hachedé Visual
Axudante de produción: Ana Riveiro
Axudante de produción: Mónica Camba
Produción executiva plató: Ghaleb Jaber
Produción técnica: Sergio Rotea
Dirección de art: Pablo Sande
Cámaras: Xácome Aleixandre, Jorge Rodríguez e Sergio Rotea
Rexedor plató: Rubén Vázquez
Deseño de vestiario: Silvia Sánchez "Lechanelas"
Estilista: Raquel Santana
Escultor: Borxa Insua
Pintor: Miguel Méndez

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Borxa Fernández *(protagonista)*
Borxa Insua *(chamán)*
Miguel Méndez *(trasgo 1)*
Javi Abia *(trasgo 2)*
Aroa Rodríguez *(secretaria)*

VIDEOCLIP
Candidato

THE PAST IS CLOSING IN, DE ERLEND ROPSTAD

Escuela de Imagen y Sonido de Vigo

SINOPSE: Que farías se tiveras unha segunda oportunidade? As opcións que nos formula esta pregunta son dúas: poderíamos volver a facer o mesmo, ou poderíamos actuar de diferente maneira. Sorprenderiámonos ó saber canta xente se arrepinte dalgunha situación do seu pasado, dunha forma de actuar ou de tomar algunha determinada decisión no pasado. A canción elixida para este videoclip fala sobre iso. Do título en inglés podemos deducir o seguinte: " O pasado perséguenos". E isto é o que lle sucede á protagonista da historia, o pasado perségueа. Unha parella ten un accidente de coche, por como se desenvolve a situación, el morre e ela ten unha segunda oportunidade. Dende que ocorreu o accidente, o desexo dela é volver a ese mesmo momento e actuar de diferente maneira. Ten a posibilidade de cambiar o seu pasado. Pero, ese cambio pode mellorar ou empeorar a súa vida?

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Director: Daniel Carreira
Axud. dirección: Carlota Vázquez
Montaxe: Daniel Carreira
Dtra. artística: Alba García
Script: Alba García
Guionista: Laura Garrido
Xefa de produción: Laura Garrido
Dir. foto: Daniel Carreira
Op. cámara: Gabriel Otero
Aux. cámara: Emilio Relova
Foquista: María López
Xefe eléctricos: David Vázquez
Maquinista: David Vázquez
Música: Erlend Ropstad
"The past is closing in"

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Rubén Prieto Tomé *(Home)*
Amparo Malo *(Muller)*
Muriel Pernas García, África Suárez Costas, Aloia Herráez Ghersi, Beatriz Gea Nogueira, Fátima Carballal Mariño, Lino Domínguez Diéguez *(Extras)*







VIDEOCLIP
Candidato

ÁREA 51, DE OVER HEAR

Escuela de Imagen y Sonido de Vigo

SINOPSE: Toda a acción desenvólvese nun baile de instituto hortera, no que o grupo está tocando a canción do videoclip. Chega un chico friki (gafas de pasta, tirantes, pelo pringoso...) ó baile e lle suceden unha serie de situacións graciosas, entre outras cousas, consigue ligarse á guapa do instituto e por iso gaña un puñazo do noivo desta. Paralelamente está mirándolle todo o rato unha chica friki (vestido ochentero e aparato de dentes enorme) xa que lle gusta el. Finalmente cando el consigue bicarse coa rapaza guapa as tornas xiran e acaba coa friki.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Directora: Ainhoa López
Axud. dirección: Tamara Cuña
Script: Iria Silvosa
Montaxe: Iria Silvosa
Xefe de produción: Gabriela Otero
Aux. produción:
Lucía Penedo e Brais Picón
Dir. foto: Guillermo López
Op. cámara: Carolina Muñoz
Aux. cámara: María López
Foquista: Alex Fernández
Xefe eléctricos: David Araujo
Eléctricos: Froilan Calderón
Caracterización:
Sabela Lens e Nuria Sousa
Making off: Sabela Mateo, Sandra López, Fernando Pereiro, Ana Caterina Garrido e Jenifer Gómez

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Grupo:
Angés Aguiar González
Paula Herrero Presa
Iago Pousa Ben
Erick Puccioni Gerke
Mujer aparatos: Nerea Pérez Rial
Hombre aparatos: Brais Vidal Rdguez
Extras: Carla Alonso Martínez, Clara García Gen, Martina Cuadrado Campañá, Camila Phillipps-Treby, Sara Moldes Carmuega, Luis Nogueira Rey, Andrea Rodríguez López, David Dueñas Rodeiro, Cristiam Álvarez Domínguez. María Ferrete Martínez, Rosalía Fernández Pulido, Iria Santos López, Pablo Pastoriza Nogueira, Paula López Pereira, Andrea Alonso Álvarez, Estela Arias Yañez, Paula Moya Vázquez, Marina García Huerta, Gilberto Costas Penedo, Marta Penedo Vázquez, Débora Montazo Piñeiro, Sergio Misa García, Yesica Gil Rodríguez, Marina González Domínguez, Anabel Galardo, Esteban Ferrer, Antía Muíños, Miriam Domínguez, Yolanda Luaces, Ainoa López Otazo, Tamara Cuña, Enrique Romani, David Araújo, Sandra López, Sabela Mateo. Jenifer Gómez, Lucía Penedo, Brais Picón, Andrián Barreiro, Saray Barcia e Rubén Lores







PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

Fichas e fotos das obras presentadas á XI edición dos **Premios Mestre Mateo**

ÍNDICE

VIDEOCLIP
Candidato

SWEET AND SAD BLUES SONG, DE TONY TORRES & FIVE STRINGS BAND

Cuerda Floja Producciones

SINOPSE: Videoclip do single "Sweet and Sad Blues Song" pertencente ao disco "Mr. Moore" de Tony Torres & Five Strings Band rodado íntegro no Teatro Jofre de Ferrol.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:
Produción executiva:
Cuerda Floja Producciones
Dirección e montaxe: Carlos A. Quirós
Produción: Pepe Santos
Dirección de fotografía:
Cristina Esteiro

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:
Grupo: Tony Torres & Five Strings Band
Jorge Bakero *(voz)*
Tony Torres *(guitarra)*
Jacobo Vilariño *(bajo)*
Gius Caminiti *(batería)*



OS FESTIVAIS

CURTOCIRCUITO NA RÚA 2012

SANTIAGO
2 – 30 agosto de 2012

Curtocircuito ofreceu unha nova oportunidade de gozar das mellores curtas nacionais e internacionais do 2012 con proxeccións ao aire libre nas prazas de Compostela. Un total de 29 curtametraxes procedentes da IX edición do Festival Internacional de Curtametraxes Curtocircuito organizadas en catro sesións (dúas de obras internacionais, outra de curtas nacionais e a última de pezas galegas), congregaron a máis de 1.000 persoas durante os catro xoves do mes de agosto.

Palmarés

Premio do Público:
Tuba Atlantic, de Witzo Hallvar. Noruega

40ª EDICIÓN CURTAS FILM FEST DO CERTAME AUDIOVISUAL LICEO CASINO DE VILAGARCÍA

22 - 25 agosto 2012

Coincidindo coas festas desta vila pontevedresa, a corenta edición do Curtas Film Fest seleccionou 29 finalistas dos 663 recibidos durante a convocatoria. O xurado, composto por profesionais do cine, a televisión, a comunicación e a docencia, deron a coñecer o nome dos gañadores nunha gala ao aire libre.

Palmarés

Premio Liceo Casino ao Mellor Audiovisual:
Prólogo, de Lucas Figueroa

Mellor curtametraxe de animación:
Ella, de Juan Montes de Oca

Premio novos realizadores:
Don Enrique de Guzmán,
de Arantxa Echevarría

FIC BUEU. FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES DE BUEU

3 - 8 setembro 2012

A mostra morracense seleccionou na súa quinta edición 25 pezas a concurso –idéntico número aos das convocatorias anteriores– das máis das 482 recibidas procedentes de Galicia, España, de diversos países europeos e outros lugares do mundo.

O actor César Aldea conduciu a gala de clausura, o 8 de setembro, coa entrega de galardóns que se iniciou cunha homenaxe ao programa "Carne cruda" de Radio 3. Unhas 3.000 persoas asistiron este ano ao certame galego.

Palmarés

Primeiro Premio:
L´Accordeur, de Olivier Treiner. Francia

Premio do Público:
Suiker, de Jeroen Annokkeé. Países Baixos

Segundo Premio:
Spiegelingen, de Marinus Groothof. Holanda

Mellor Curta Galega:
Anacos, de Xacio Baño. Galicia

Mellor Dirección:
Alexei Mizin por Closing In

Mellor Montaxe:
Jean Baptiste Beaudoin e Magali Leonard por L´Accordeur

Mellor Guión:
Marcus Sauermann por Der kleine und das biest

Mellor Fotografía:
Stefan Duscio por Closing in

Mellor Son:
Jesús Espada, Lin Chang e Paco Piquero por Aquel no era yo

Mellor Actriz:
Thu Ha Mai por Hanoi-Warszawa

Mellor Maquillaxe e Perruquería:
Esther Quintas por Anacos

Mellor Dirección Artística:
Juan Pablo Zaramella por Luminaris

Mellor Actor:
Kyo Chen Chong Wei por Guang

Mellor Vestiario:
Nicole de Werk por Suiker

Mellor Música:
Max Richter por Lá oú meurent les chiens

SEMANA INTERNACIONAL DE CINE DE AUTOR DE LUGO

17 – 22 de setembro 2012

A 34ª edición da Semana de Cine de Autor de Lugo homenaxeou ao cineasta e actor Ricardo Núñez. Nesta edición coma novidade o público elixiu tamén a mellor curtametraxe dentro da sección "As curtas tamén son cine", na que se exhibiron 32 obras.

Ademais da súa sección oficial e dos seus ciclos de cine infantil e do mellor do ano, o evento dedicou outros ao cine e á radio e ao cine gastronómico. Uns 7.500 espectadores pasaron polas distintas proxeccións durante o desenvolvemento da semana.

Palmarés

Mellor Longametraxe:
El Cairo 678, de Mohamed Diab. Exipto

Mellor Curtametraxe:
Puerta con puerta, de Ricardo Fernández. España

OS Festivais

FREAKEMACINE
A CORUÑA
24 – 30 setembro 2012

Na súa cuarta edición, o festival de Sci-Fi e Fantástico Freakemacine rende homenaxe a directores e actores españois do cine de terror dos anos 70 como Jess Franco, Lina Romay, Paul Naschy ou Jorge Grau. Acolleu charlas, proxeccións, obradoiros de maquillaxe / efectos especiais e a nova Feira do Terror. As asociacións galegas Tropa Korriban, Asociación de Usuarios da Informática Clásica e Asociación Freak colaboraron co festival.

Palmarés

Mellor Curtametraxe:
Tufty, de Jason Butler e Brendan Butler. Irlanda

AMAL
SANTIAGO
14 - 20 outubro 2012

O décimo aniversario do Festival internacional de Cine Euroárabe Amal recibiu 700 traballos entre longas e curtas, tanto documentais como de ficción, con temática relacionada co mundo árabe, dos cales foron seleccionados 31 finalistas.

Ademais contouse con diversas actividades paralelas como os obradoiros de danza oriental e de caligrafía árabe, a Semana Gastronómica Árabe, a exposición de carteis do festival así como unha exposición filatélica, o ciclo de cine infantil matinal, concertos variados e o concurso para xoves cineastas Amal Express, que contaron con máis de 7.000 asistentes.

Coma novidade neste 2012 levouse a cabo un ciclo de cine documental musical euroárabe en Vigo, A Coruña, Lugo e Ourense.

Palmarés

Mellores Longametraxe de Ficción:
Rabat, de Jim Taihuttu e Victor Ponten. Países Baixos

Mellor Longametraxe Documental:
Le thé ou l´electricite,
de Jerôme le Maire. Bélxica/Marrocos

Mellor Curtametraxe de Ficción:
Ensemble, de Mohamed Fekrane. Francia

Mellor Curtametraxe Documental:
Eid, de Saaheb Collective. Palestina

Mellor Director:
Jim Taihuttu e Victor Ponte por Rabat

Mellor Actriz:
Soufia Issami por Sur la plance, de Leila Kilani

Mellor Actor: **Nasrdin Dchar, Achmed Akkabi e Marwan Kenzari** por Rabat

Premio "Amal Express":
El juego de la corrupción,
de Ramón Herrera e Álvaro Menéndez

Premio da TVG:
Sur la planche, de Leila Kilani. Marrocos/Francia

Premio do Público:
Shérézade et le délice Casher,
de Agnès Caffin. Francia

FILMINHO. FESTA DO CINEMA GALEGO E PORTUGUÉS
TOMIÑO / VILANOVA DE CERVEIRA
26 e 27 outubro 2012

En 2012 Filminho quebra a súa propia fronteira e comeza unha nova etapa. Así, traballando a partir da plantilla do festival de cine, as performances, debuxos, pinturas, live cine, esculturas, fotografías, poemas cancións e sinfonías nacidas da espontaneidade dos creadores os que conformaron esta V edición. Ademais, houbo concertos baixo o título de "Utopías sonoras", unha exposición titulada "A máquina do tempo", un "Mercado Utópico de Autores", proxección de filmes, laboratorios audiovisuais, instalacións e performances.

CURTOPÍA
VALLADARES - VIGO
27 e 28 outubro 2012

O II Festival Internacional de Curtametraxes de Vigo Curtopía transformouse no 2012 nunha romaría audiovisual. A proxección das 300 curtas organizadas en diferentes temáticas, continúan sendo a base do festival arroupadas por unha morea de actividades: música en directo, fotografía tradicional, cómics, videoxogos, clowns e un mercadiño.

FESTIVAL DE CINE INTERNACIONAL DE OURENSE
2 – 11 novembro 2012

Decimosétima edición desta mostra internacional, con 12 filmes a concurso na única sección competitiva: longametraxes. Ademais, houbo ciclos temáticos fora de competición dedicados a América Latina (7 obras), Comedia (5 filmes), Europa (11 películas) e Panorama Galiza (8 elementos).

A programación completouse cunha serie de encontros que se celebraron do 5 ao 9 de novembro onde baixo os título de "Profesión: produtor", "A primeira vez" e "Rodar cine en

OS Festivais

Galicia", tivemos a oportunidade de escoitar a Emiliano Otegui, Simone Saibene, Aitor Rei, Héctor Carré e Marcos Hervera.

Palmarés

Gran Premio Calpurnia á Mellor Película:
Roza, de Wojciech Smarzowski. Polonia

Premio "Carlos Velo" ao Mellor Director: **Paco R. Baños** por Ali

Premio Especial do Xurado: **Historias que só existem quando lembradas**, de Julia Murat. Brasil / Arxentina / Francia

Premio ao Mellor Guión: **The enemy**, de Dejan Zecevic. Croacia / Hungría / Bosnia / Serbia

Premio do Público á Mellor Película:
Ali, de Paco R. Baños. España

Mención Especial á Mellor Actriz:
Nadia de Santiago por Ali

Mención Especial á Mellor Fotografía:
Historias que só existem quando lembradas, de Julia Murat

CINEUROPA

SANTIAGO
8 - 30 novembro 2012

A 26ª edición do "festival de festivais" proxectou máis de 150 filmes, varios deles recoñecidos con senllos premios nos principais festivais de cine de Europa. Houbo actividades complementarias, coloquios, debates e un programa especial de música: Cineuropa Concerto. Pese ao descenso de asistentes con respecto a 2011, case 25.000 persoas asistiron ás actividades.

Palmarés

Premio Cineuropa do Público, sección oficial:
The Hunt, de Thomas Vinterberg. Dinamarca

Sección Panorama Internacional:
Southern Wild, de Benh Zeitlin. Estados Unidos

Sección Fantastique Compostela:
Robot&Frank, de Jake Schreier. Estados Unidos

Sección Ten Cult Movies:
Gran Casino, de Luís Buñuel. España

Premio Cineuropa 2012:
Pedro Costa e **Najwa Nimri**

MOSTRA DE CURTAS VILA DE NOIA

NOIA
26 novembro – 2 decembro 2012

Tras un ano de parón, 32 obras das 525 pezas presentadas competiron na XIII Mostra na que se rendeu homenaxe ao actor Antonio Mourelos. Ademais das proxeccións das curtas a concurso, incluíronse outras non competitivas de longas galegas coa presenza dos seus equipos, así como unha proxección permanente dos traballos realizados por alumnos do curso DocuNoia 2012 da Fundación OGlia.

Palmarés

Mellor Actor:
Luis Zahera por Coversa cunha muller morta. Galicia

Mellor Actriz.
Pilar Castro por Nadie tiene la culpa

Mellor Guión:
Anacos, de Xacio Baño. Galicia

Mellor Dirección:
Esteban Crespo, por Nadie tiene la culpa

Mellor Curtametraxe Comarcal:
Ramón e Xulia, de Adriana Pérez Villanueva. Galicia

Mellor Curtametraxe na Categoría de 35 mm:
Nadie tiene la culpa, de Esteban Crespo. España

Mellor Curtametraxe na Categoría de Vídeo: **Efímera**, de Diego Modino. España

Mellor Curtametraxe de Animación:
Luminaris, de Juan Pablo Zaramella. Arxentina

Premio honorífico da Mostra:
Antonio Mourelos

SEMANA INTERNACIONAL DE CINE SUBMARINO

VIGO
28 - 30 novembro 2012

A XXII Semana de Cine Submarino de Vigo exhibiu no seu vintedous aniversario seis producións que se acompañaron de coloquios cos invitados no Centro Cultural de Novagaixagalicia. Os documentais da BBC británica "Un océano de islas", "Voces del mar", "Un océano de volcanes" e "La gran barrera del coral: del arrecife a la selva tropical"; e os traballos de Rafael Herrero, "Mar de nadie" e "Isora, historia de una manada de calderones".

ANIMACAM

5 – 8 febreiro 2013

Quinta edición deste festival de animación aberto a creadores de todo o mundo. A novidade foi a creación dunha edición off-line que se celebrou no Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa de A Coruña.

Destacan os 400 filmes inscritos a concurso procedentes de 36 países e a súa gran calidade, xa que entre as obras presentadas se atopan filmes nomeados e preseleccionados aos Óscar, Bafta e aos Goya 2012 e 2013.

Ao redor de 20.000 votantes na edición on-line e preto de 400 na edición física foron os

OS Festivais

encargados de repartir os premios entre as 77 pezas finalistas.

Ademais, o día 30 do vindeiro mes de agosto entregaranse os Premios Solsticio de Verán 2012 cos premios á Película de Mellor Guión 2012 e Película de Mellores Efectos Visuais 2012, adxudicados segundo a cantidade de votos emitidos polo público asistente ás Maratóns Animacam das películas finalistas que se celebren en Galicia.

Palmarés

Premio do Público off-line:
Mellor Película de Animación 2012:
Rising Hope, de Milen Vitanov.

Premio do Público on-line,
Mellor Director Animacam 2012:
Gregorio Muro, con Zeinek gehiago Iraun.

POR AMOR AL ARTE

A CORUÑA
16 - 23 febreiro de 2013

O I Festival de Curtametraxes Por amor al arte créase co obxectivo fundamental de ser unha exposición dos novos talentos na cultura. Aparte das proxección das curtas que participan no concurso tiveron cabida diferentes disciplinas: pintura, fotografía, representacións teatrais e concertos musicais.

Palmarés

Mellor Actriz:
Pilar Castro por Nadie tiene la culpa

Mellor Actor:
Carlos Blanco por Desayuno con diadema

Mellor Guión / Dirección:
Óscar Bernacer por Desayuno con Diadema

Mellor Curtametraxe:
Picnic, de Gerardo Herrero. España

Premio do Público:
Camping Wesertal, de Hugo Amoedo. Bélxica

PLAY-DOC

TUI
13 - 17 marzo de 2013

A novena edición deste festival de documentais permitiunos gozar dunha retrospectiva sobre David e Albert Maysles, figuras claves na historia do documental moderno. Ademais, un ciclo sobre Guillén Landrián mostrou a obra inédita do cineasta cubano, que se acompañou co universo sonoro de Kuma Sublevao Beat Band. E a isto súmaselle, como non, a competición internacional con 5 filmes a concurso chegados de todo o mundo e un especial de cine galego.

Palmarés

Gañador da Sección Oficial Play – Doc 2013:
Sofia´s Last Ambulance,
de Ilian Metev. Alemaña/Bulgaria/Croacia

ANIRMAU

LALÍN
8 - 13 abril de 2013

O III Festival Didáctico de Cinema de Animación do IES Ramón Mª Aller Ulloa "Anirmau 2013" supuxo un cambio dende os seus inicios xa quen esta ocasión as longametraxes de animación foron as protagonistas xa que agora alternara cada ano longas e curtas. Aos sete filmes en competición chegados doutros tantos lugares do mundo acompañáronnos outras catro longametraxes máis, así como seccións paralelas non competitivas de curtametraxes, un obradoiro de stop-motion e un concerto monográfico con música de películas.

Palmarés

Gran Premio Mellor Longametraxe:
It´s such a beautiful day, de Don Hertzfeldt. Estados Unidos

Mencións

Premio Especial Filmax:
Dae gi eui wang (The king of pigs),
de Yeun Sang-ho. Corea do Sur

Premio Concello de Lalín:
It´s such a beautiful day,
de Don Hertzfeldt. Estados Unidos

Premio Pontiñas CC e de Ocio Gadis:
Az ember tragédiája (The tradegy of man),
de Marcell Jankovics. Hungría

REDONDELA EN CURTO

25 - 28 abril 2013

Dezaseis curtametraxes seleccionadas a concurso das 600 pezas recibidas. Nesta novena edición destaca a colaboración do festival coa asociación Andaina de Redondela e co equipo de discapacitados intelectuais do Racing Club de Chapela. Estivo ademais complementado pola sección Alternativa, unha mostra onde se poderán ver curtametraxes fora de concurso, e o concurso audiovisual destinado ao alumnado de Secundaria dos centros de todo o país.

Palmarés

Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe de Ficción:
Aquel no era yo, de Esteban Crespo. España

Premio do Público:
Aquel no era yo, de Esteban Crespo. España

OS Festivais

FESTIVAL DE CANS
O PORRIÑO
22 - 25 maio 2013

Máis de 12.000 persoas pasaron por Cans no seu décimo aniversario, un recoñecemento a unha nova xeración de cineastas galegos que marcharon da comunidade na busca dunha oportunidade. O programa foi do máis variado e expandido, estivo composto por cine, coloquios, concertos, e exposicións. Ademais, por primeira vez as curtas a concurso proxectáronse en horario de mañá.

Palmarés

Premio de Honra Pedigree´13:
Manuel Manquiña

Premio do xurado á Mellor Curtametraxe de Ficción:
Calquera infinito posible,
de Roi Fernández. Galicia

Premio do xurado dos veciños de Cans
á Mellor Curtametraxe de Ficción:
Flores para Amalia, de Nani Matos. Galicia

Premio do público á Mellor Curtametraxe de Ficción:
Flores para Amalia, de Nani Matos. Galicia

Premio do xurado á Mellor Curtametraxe
de Animación: **Sangre de unicornio**,
de Alberto Vázquez. Galicia

Premio do público á Mellor Curtametraxe
de Animación: **Only you**, dirixida por Belén Sousa. Galicia

Premio do xurado á Mellor Interpretación Masculina: **Carlos Blanco**, por Mal de sangre

Premio do xurado á Mellor Interpretación Feminina: **Helena Miquel**, por Mal de sangre

Premio do xurado ao Mellor Guión:
Robin & Robin, escrito por María Pérez e Hugo Amoedo

Premio do xurado á Mellor Banda Sonora:
Calquera infinito posible,
con música de Roi Fernández

Premio do xurado ao Mellor Videoclip:
"Mundo en trance", de Lemuripop,
de Soledado Rebollo

Premio do público ao Mellor Videoclip:
"Terra", de Dakidarría, de Julián Maguna

FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE
VIGO
24 maio – 2 xuño 2013

Na súa segunda edición este festival de cine galego incorpora a categoría infantil (conformado por unha longa e dúas curtas), longametraxe (9 filmes a concurso), curtametraxe (11 obras competindo) e videoclip (14 pezas en competencia). As actividades paralelas estiveron conformadas pola charla coloquio Que vai ser do noso cine e a Mostra de Cine Xuvenil. Cabe destacar a labor durante todo o ano que realiza a súa organización, coa proxección dos filmes gañadores en diferentes concellos, así como Laboratorios de formación impartidos por profesionais.

Palmarés

Mellor Longametraxe:
O segredo da Frouxeira, de Xosé Abad. Galicia

Mellor Película Infantil:
A casa da luz, de Carlos Amil. Galicia

Mellor Curtametraxe:
El desorden de los sentidos,
de Alejandro Salgado. Galicia

Mellor Videoclip:
Oxytocin, de Juan Salgueiro. Galicia

FESTIVAL CAMIÑO DE SANTIAGO
SANTIAGO
3 - 7 xuño 2013

Este certame dedicado ao cine e á televisión nace coa vocación de consolidarse e de insistir que o audiovisual é un ben común cultural preciso na sociedade actual. Con oito filmes a concurso, na súa primeira edición contou tamén cunha sección sobre os documentais do Camiño de Santiago. Ademais tamén houbo unha sección destinada á filmes rodados en Santiago en colaboración coa Film Comisión así como un apartado para promover o talento galego, este ano dedicada a Javi Camino.

Palmarés

Mellor Película da Sección Oficial:
A puerta fría, de Xavi Puebla. España

Premio do Público:
Inevitable, de Jorge Algora. Galicia

Mellor Actriz:
María Valverde por A puerta fría

Mellor Actor:
Darío Grandineti por Inevitable

Premio á Trayectoria Audiovisual:
María Pujalte

Mellor Serie Nacional:
Gran Hotel, de Bambú Producciones. España

Estela Solidaria:
Asociación AGARESO (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios) polo seu traballo "As outras voces de Israel e Palestina", dirixido por Luisa Pérez Puga

Premio Estela Xacobea:
Buen Camino. Seis peregrinos y un destino, de Lydia Smith. Estados Unidos

OS Festivais

MOSTRA DE CINEMA ETNOGRÁFICO

SANTIAGO
4 - 14 xuño 2013

A 8ª edición da Mostra estivo composta por producións galegas xunto a películas internacionais procedentes de Perú, Suiza ou Italia. Houbo tamén sitio para o cine antigo coa proxección da película de 1934 "A cidade e o campo", de Carlos Velo e Gutiérrez Mantilla. Neste encontro único no seu xénero en Galicia presentouse o Proxecto Socheo e o fondo do Ministerio de Agricultura que custodia o CGAI.

(S8) MOSTRA DE CINEMA PERIFÉRICO

A CORUÑA
5 - 8 xuño 2013

Descendentes do mago do cine Georges Méliès abriu nun cine-concerto a cuarta edición do S8. Nesta ocasión propúxose unha viaxe polo cine de Arxentina dende as súas orixes, a idade de ouro, as súas vangardas cinematográficas e o seu presente. Un dos piares da vangarda arxentina, Claudio Caldini ademais de exhibir unha parte significativa da súa obra, participou nunha film *performance* e un obradoiro.

Para completar a súa oferta, a mostra viaxa a Londres para atopar a un dos maiores coleccionistas anónimos de películas do mundo, Ümit Mesut.



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

LISTADO DE FESTIVAIS
JAIME PENA
MARTIN PAWLEY

Jaime Pena

O mapa do territorio



Mentres escribo este texto estanse desenvolvendo a lo menos tres festivais en Europa: Karlovy Vary na República Checa, Marsella en Francia e Vila do Conde en Portugal. É preciso recalcar o de "a lo menos": sabemos que en realidade son moitos máis, pero quedémonos con estes tres que, nesta primeira semana de xullo, parecen tamén os máis importantes. Dáse incluso a circunstancia que dous destes festivais contan con participación dalgunha película galega. O terceiro tamén a tivo anos atrás: non estamos falando de festivais que nos resulten alleos.

Karlovy Vary é un festival á antiga usanza, un deses grandes festivais nacidos nunha cidade balneario que hoxe exhiben con orgullo a súa categoría A. Pese ao prestixio que conleva dita cualificación, tampouco deben botarse as campás ao voo. A categoría a outorga a FIAPF, a Federación Internacional de Asociacións de Produtores de Films, e a comparten 14 festivais de todo o mundo, dende Berlín a mediados de febreiro, ata Goa a finais de novembro. Por aí están Cannes, Locarnos, Venecia ou San Sebastián, pero tamén Shanghai, Moscú, Varsovia ou O Cairo, festivais estes últimos cuxa relevancia no circuíto internacional é ben escana. Por estar, tamén están esa lista Montreal pero non Toronto, hoxe por hoxe o festival de máis peso (económico e mediático) no panorama anual, despois de Cannes, claro. A categoría A implica que se trata de festivais internacionais competitivos que deben presentar, cada un deles, películas de longametraxe con carácter de premiere mundial ou internacional. Hai excepcións a esta norma que, en realidade fora dos máis grandes, poucos festivais poden cumprir. ¡Ata San Sebastián se beneficia da prerrogativa de presentar a competición películas estreadas mundialmente en Toronto! Estes grandes festivais, que en moitos casos xa non son tan grandes pero constitúen algo así como a aristocracia dos festivais, buscaron unha saída na especialización, aínda que non sexa oficial (os festivais "especializados" constitúe noutra categoría para a FIAPF). En Karlovy Vary púidose ver *O ouro do tempo* de Xavier Bermúdez, pero dende fai anos este veterano festival checo focalizouse no cine da Europa Central e do Este, converténdose no seu punto de encontro e a súa plataforma de lanzamento para outros mercados. Se alguén quere ver qué se está a cocer en Hungría o una República Checa non hai mellor lugar que Karlovy Vary na primeira semana de xullo.

Nun mundo saturado de eventos cinematográficos a identidade é o principal elemento diferenciador. Poucos festivais teñen unha identidade tan definida como a do FID Marseille. As siglas corresponden a Festival Internacional de Documental pero non todo en Marsella é documental. Incluso houbo anos que Marsella atreveuse a inaugurar cunha película de ficción. O que prima aquí é unha certa idea do cine que transcende os xéneros tradicionais e as fronteiras entre o documental e a ficción. O que prima en Marsella é unha concepción do cine moi particular que ten nome e apelido: Jean-Pierre Rehm. A veces escóitanse proclamas reclamando patrocinios ou subvencións para poñer en pe un festival. Que me perdoen, pero iso é comezar a casa polo tellado. Un festival debe partir dunha visión determinada do cine, da súa historia e do seu presente. É a que aportou Rehm ao certame marsellés, un festival sustentado nas súas películas, independentemente do seu formato, duración ou condicións de produción. Os que non pensan como Rehm acostuman a preocuparse antes na alfombra vermella e as estrelas, nun modelos de festival que privilexia o "glamour" sobre a cultura. Para isto si que se precisan cartos, normalmente moito. As películas sempre son o secundario, unha mera peaxe.

Se Rehm concibe o FID a partir do documental ou, para ser máis exactos, dun cine "do real" sobre o que xira toda a programación, o Festival Internacional de Curtas-Metragens de Vila do Conde o faia partir, claro está, da curtametraxe. O Curtas comezou alá por 1993 como un festival de curtametraxes máis ou menos convencional. Tardou moi pouco en transcender esa concepción que soe constrinxir a tantos festivais centrados no mundo da curtametraxe (e os curtametraxistas). Nas súas programacións as ficcións competían cos documentais, as animacións ou o cine experimental e víanse complementadas con film – concertos. O nivel de esixencia de Vila do Conde sempre foi moi alto (comparable ao de Marsella) e diso beneficiouse o propio cine portugués, en particular a chamada Geração Curtas que encabezaría Miguel Gomes e cuxa estreita relación con Vila do Conde mantívose inalterable ao longo dosa nos. Contando cun equipo estable de directores (Dario Oliveira, Miguel Dias, Mario Micaelo e José Nuno Rodrigues levan nese posto colexiado dende a primeira edición), Vila do Conde foi crecendo. A súa querencia polo cine experimental e o chamado "cine expandido" tivo a súa tradución na inauguración dunha galería especializada neste campo, Solar, que presentou tanto vídeo instalacións como exposicións individuais ou temáticas, sempre co cine como eixo. O Curtas creceu o xusto, a nivel presupuestario menos do que sen dúbida merecería, pero quizais iso foi tamén a garantía de que o rigor da súa programación non se vía alterado por determinadas "imposicións". Cunha nova sede, un significativo cambio de nome, Festival Internacional de Cinema Vila do Conde, e un público fiel, "educado", se se pode dicir así, polo propio festival, o "Curtas" segue construíndo un modelo inmellorable do que deben de ser este tipo de eventos: un punto de encontro e un lugar de intercambio de experiencias en torno a unha concepción tan persoal como intransferible do cine.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

LISTADO DE FESTIVAIS
JAIME PENA
MARTIN PAWLEY

Martin Pawley

Un deber cidadán

>

Escribo estas liñas a poucas horas de emprender viaxe a Locarno, en cuxo festival de cinema presentamos a longametraxe de Lois Patiño *Costa da Morte* no marco da competición "Cineasti del Presente". O de Locarno é non só un dos festivais con máis avoengo -con esta son xa 66 edicións, unha cifra só superada pola Mostra de Venecia- senón tamén un dos máis prestixiosos do mundo grazas á intelixente combinación de calidade, risco e *glamour* que os seus responsábeis lle conseguiron dar ao longo dos anos. Despois dun fértil trienio liderado por Olivier Père o certame suízo inicia unha nova etapa con Carlo Chatrian ao mando e faino con paso firme. O anuncio da programación a mediados de xullo desatou ondas de ledicia entre os cinéfilos ante a abraiante nómina de autores a concurso: Joaquim Pinto, Júlio Bressane, Hong Sang-soo, Albert Serra, Kiyoshi Kurosawa, Corneliu Porumboiu, Shinji Aoyama, Yervant Gianikian & Angela Ricci Lucchi... E fóra de concurso, João Rui Guerra da Mata, João Pedro Rodrigues, Jean Marie Straub, Ben Russell & Ben Rivers, Raya Martin, Valerie Donzelli, o filme póstumo de Paulo Rocha e catro novos documentais de Werner Herzog coma acompañamento do extraordinario ciclo que se lle dedica. Hai premios honoríficos para Christopher Lee, Sergio Castellito e Otar Iosseliani, tributos e homenaxes varias ás actrices Faye Dunaway, Victoria Abril, Anna Karina e Jacqueline Bisset e incluso á produtora Margaret Menegoz e a un técnico de efectos especiais lendario e tamén director, Douglas Trumbull. Locarno é todo iso ao mesmo tempo, o festival que asume sen medo propostas radicais na súa sección principal e tamén o que organiza a diario proxeccións multitudinarias ao aire libre na Piazza Grande, capaz de acoller oito mil espectadores cuxo entusiasmo por ver filmes estupendos e estrelas no sentido máis clásico do termo -si, eu tamén quero ver a Jacqueline Bissett presentando *Ricas e famosas*- non esmorece nin sequera cando comeza a chover.

Soou tan ben Locarno que desta volta até a Biennale de Venecia pareceu máis pequena. Por suposto que a súa programación contén un bo número de filmes sumamente apetecíbeis, de Errol Morris a Philippe Garrel, mais dos grandes un sempre espera o máximo. O problema de Venecia, en calquera caso, non é Suíza, senón Canadá. Toronto, para sermos precisos. O TIFF é a porta de entrada en América -e en particular a do Norte- do mellor cinema do mundo e, cada vez máis, o lugar que Hollywood elixe para presentar os produtos nos que confía de cara á tempada de premios que arranca a final de ano e remata nos Oscars, por exemplo *12 Years a Slave* de Steve McQueen, por exemplo *August: Osage County* de John Wells con Julia Roberts e Meryl Streep coma cabezas de cartel. Toronto é un potente mercado (potentísimo) que practica unha agradecida simbiose coa gran industria e os máis influentes medios especializados. O malo é que non nos queda moi a



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

LISTADO DE FESTIVAIS
JAIME PENA
MARTIN PAWLEY

Un deber cidadán

Martin Pawley

man, mais probabelmente se tiveramos que ir a un único festival de cinema en todo o ano a mellor opción sería o TIFF, que, ademais, reserva espazo para o cinema de vangarda e experimental na súa sección Wavelength.

O TIFF non é un festival competitivo (diso se beneficia o Festival de Donostia, en cuxa sección oficial abundan dende hai uns anos os filmes q ue veñen de Canadá). Xustamente por non selo é que resulta atractivo para Hollywood e iso favorece a desexada mestura de arte e espectáculo, a famosa "alfombra vermella" pola que sempre suspiran as institucións, públicas e/ou privadas, que financian os festivais. Os festivais de cinema, non o esquezamos, naceron no esencial coma ferramentas de promoción turística e abofé que moitos o conseguiron, empezando por Cannes, que atrae cada ano a catro mil xornalistas, unha escala na que tamén se move Berlín e Venecia. Moitos profesionais da comunicación acoden a esas grandes citas para traballar de Sol a Sol, conscientes de que nelas obteñen recursos -entrevistas, críticas, reportaxes- que irán alimentando a información do resto do ano.

As celebridades nunca están de máis porque serven de foco de atención; o problema é cando se converten no único obxectivo dos organizadores. Para empezar, non están ao alcance de calquera, nin as estrelas nin os cineastas de máis nome, a non ser que un dispoña de moito diñeiro, o suficiente para cubrir o seu caché e pagar as súas necesidades de viaxe (que non ha ser precisamente en clase turista) e aloxamento, incluído o séquito que nalgúns casos vai para facer compaña. O diñeiro probabelmente non sirva para convencer a Godard ou a Herzog, mais con cartos (e certo espírito provinciano) sempre podes alugar os servizos de Gerard Depardieu ou Sharon Stone para dar lustre ao teatro local por unha noite. Hai axencias que se encargan desas xestións, de feito. Se non chegas a Sharon Stone, podes baixar uns chanzos e optar por rostros televisivos de moda, os de máis aló ou os de máis acó. É algo que foi moi común aí atrás, cando eramos ricos, antes da crise. Non servía para crear público, para gañar espectadores esixentes que volvan o ano seguinte, mais si producía vistosas portadas de prensa. E tendo a portada de domingo, quen precisa pensar a longo prazo?

Non é ese, dende logo, o modelo no que eu creo. Non teño nada en contra das alfombras vermellas, mais preciso que haxa "algo" canda elas. Coma en Locarno e en Toronto. Mais hai que entender, dunha vez, que eses megafestivais son a excepción, excepción que se xustifica en orzamentos que sobrepasan os sete díxitos. Para nós iso é ciencia ficción. O nivel asumíbel é o que representan dous festivais modélicos coma os que defende Jaime Pena no seu artigo, FIDMarseille e Vila do Conde. Portugal, de feito, é un bo espello no que mirarse: non é só o Curtas, é tamén o Indielisboa e o DocLisboa, acontecementos os tres cuxa base é a excelencia dos contidos e non o ruído mediático que é pan para hoxe e fame para mañá. Esa excelencia nace dunha selección rigorosa e ampla, no traballo exhaustivo e continuo desenvolvido polos programadores para peneirar centos de obras e recoñecer nelas mostras de talento. Non basta con sinalar co dedo os títulos de referencia de cada tempada, un bo festival é o que arrisca e saca á luz alfaias descoñecidas, o que aposta por novos autores. Un bo festival é tamén o que estimula aos creadores que ten máis preto, o que apoia o seu talento e contribúe a facelos exportábeis, como fixo o BAFICI dende o principio co cinema arxentino, como fan os tres festivais portugueses citados cos directores do país irmán. Aplaudir a Peque Varela despois do seu paso por Sundance con *1977* non ten moito mérito; o mérito estaba en aplaudila antes. E quen di Peque Varela, di Oliver Laxe, Xurxo Chirro, Lois Patiño e moitos outros.

É o criterio de programación dun festival o que fai del un feito cultural valioso ou inútil. Se eu vou ano tras ano ao Indie ou ao Curtas é porque confío no seu criterio, porque sei -e constátoo en cada edición- que escolleron un bo feixe de bos filmes. Hai outros festivais aos que me gustaría ir e non podo; hainos tamén aos que podo ir e non quero. Xa poden supoñer a razón.

Un festival debe ser, ademais, un punto de encontro. O lugar onde coexisten creadores, críticos, programadores e espectadores, onde se fala e se debate, e tamén -por suposto- onde se come, se bebe e se pasea. Porque esa condición de punto de encontro non se limita á sala de proxección, claro que non. No Curtas de Vila do Conde non hai coloquios despois dos filmes, con carácter xeral. Para que, se o contacto e a comunicación entre asistentes e participantes é absolutamente fluída antes e despois dos pases? Diría que o elemento básico dun festival, o que nos motiva a visitalos, é, por riba do descubrimento anticipado de certos filmes, a convivencia natural e relaxada cos diferentes elos da cadea de amadores do cinema. O que acontece é que as dúas cousas van da man: encontrámonos porque hai filmes que xustifican o noso encontro.

Unha última cousa, aínda máis difícil. Para a supervivencia dun festival -dígoo por experiencia- cómpre conseguir que sexa tan apreciado polos seus usuarios que chegue a parecer imprescindíbel, até o punto de que ninguén ouse poñerlle a man enriba. Iso implica un esforzo de comunicación e de divulgación, de explicar -un a un, se for preciso- o que se fai e as razóns polas que se fai. De convencer aos cidadáns de que ademais do dereito de gozar coa cultura nestes tempos de voraces sombras teñen, tamén, o deber de defendela.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

EMMA LUSTRES
CONRADO XALABARDER
JUAN MARTÍNEZ MORENO

AS MÚSICAS DA ACADEMIA





PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

EMMA LUSTRES
CONRADO XALABARDER
JUAN MARTÍNEZ MORENO

Emma Lustres
Produtora

Entusiasmo

O cine é principalmente puro entusiasmo, entusiasmo en primeiro lugar dun produtor e dun director, e onde logo vanse sumando outras enerxías marabillosas. Canto máis entusiasmo, máis posibilidades de facer un bo traballo. Eu sempre intento que este entusiasmo se contaxie, e non decaia. Sergio Moure é unha desas enerxías que axudan ao entusiasmo. Cada película é como unha gran historia de amor, e non todas teñen final feliz e sempre hai grandes e pequenas dificultades. Se hai algo que destacaría de Sergio, o que máis curioso me parece, é como Sergio Moure namórase de cada película á que ten que poñer música. Cada unha das historias nas que traballa envólveo, é como se pasase a formar parte dela, é realmente asombroso como se envorca en cada un dos seus traballos. Músico si, pero tamén cineasta, Sergio pensa en imaxes, trabalha cen por cen para a imaxe. Algo lóxico, podería parecer, pero non tan habitual entre os compositores.

Falar de Sergio Moure é falar dun gran compositor, un excelente músico e tamén un bo amigo. Durante estes anos, percorremos un camiño paralelo, case da man, a través dun importante número de películas ás que Sergio dotou de alma cas súas notas e acordes, e nesta travesía, puidemos coñecer a un home encantador e a un traballador incansable. Trátase dunha desas relacións profesionais que, afortunadamente, repítense no tempo e convértense tamén en amizades.

Nestes anos, Sergio puxo música a moitos dos nosos títulos, case dende o comezo. Arrancando con "Cargo", unha das nosas primeiras películas e seguindo con films tan distintos como o thriller dramático "Retornos" ou o filme de terror "Secuestrados". Moure é un compositor ecléctico, capaz de combinar o clásico co actual, que non teme arriscar e tomar retos, polo que non dubidou en aceptar a proposta de compoñer a banda sonora de "Lobos de Arga", un film de terror e aventuras con homes lobo na Galicia profunda, así como a nosa última película, a comedia agridoce "Somos gente honrada". Músicas moi diferentes para películas moi diferentes.

Pódese dicir que crecemos xuntos no mundo do cine, paso a paso, e fomos testemuñas do seu afianzamento como un dos compositores de bandas sonoras máis relevantes do panorama nacional. Sergio traballou con algúns dos directores fundamentais da cinematografía española, como José Luís Cuerda ("Todo es silencio") o Joaquín Oristrell ("Inconscientes"). Recentemente, ademais, puxo música a dous dos grandes éxitos do ano pasado, como "El Cuerpo" y "Tesis sobre un homicidio". Unha carreira enchida de bos momentos. E os que quedan.

Sergio posúe talento e tesón, pero tamén unha enorme ilusión por emprender novos proxectos e un amor polo cine que resulta fundamental. O mimo co que coida as súas composicións e a súa implicación nos procesos creativos así o demostran. Sergio consegue entender as películas ás que pon música, logra chegar ao fondo das historias e dos personaxes e crear para eles todo un universo de sons. Unha sensibilidade especial da que non dispoñen moitos. Este camiño comeza sempre co guión. A criatura vai crecendo, pero a primeira versión sae do guión, a segunda da rodaxe e a terceira e case definitiva da montaxe.

Sempre activo e en vangarda, é xa tradición que consiga sorprendernos coas súas propostas. Sergio é un deses exemplos de talento galego do que podemos presumir, un referente a ter en conta e sen dúbida, merecedor absoluto desta homenaxe.



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

EMMA LUSTRES
CONRADO XALABARDER
JUAN MARTÍNEZ MORENO



Conrado Xalabarder
Crítico de música de cine

Sergio Moure, guionista musical

A música cinematográfica non consiste só na mera aplicación de música nunha película, senón que pode participar de modo activo na súa dinamización, explicación, ritmo e incluso na achega de elementos novos que o filme non de por si mesmo pero que precise. Un bo compositor de cine non é o que mellor música escribe, senón o que logra facer mellor cine con ela. Se alguén interesado en traballar para o medio –xa sexa como compositor pero tamén como director– non atende á singularidade desta música, a súa creación pode verse limitada ou, a lo menos, condicionada. Porque, en realidade, o bo músico cinematográfico debe ser tamén un bo cineasta, e un cineasta debe coñecer ben os recursos e as posibilidades que lle ofrece a música.

Polo xeral téndese a pensar que a comunicación entre música e espectador é emocional, e que o seu vínculo é coas imaxes. Isto, que en si é certo, é incompleto: naturalmente hai comunicación emocional entre música e espectador, pero tamén a hai intelectual, onde a música non só transmite emocións senón información para a comprensión de escenas ou personaxes: por outra parte, non é verdade que o matrimonio da música o sexa só coas imaxes: a música enraízase tamén co guión literario dos filmes e aborda elementos narrativos que a veces nin tan só están descritos no guión literario, ata o punto que é normal que nas películas convivan dous guións, o literario e o musical, que en ocasións van na mesma dirección sincrónica, noutras hai asincronía e noutras camiñan en direccións opostas. E se isto sucede, o que explique a música imponse porque dificilmente será cuestionada polo espectador: non se verá unha paisaxe bonita, por moitas árbores e verdes praderías que se mostren, se o que se escoita é unha música apocalíptica. A música sempre gaña.

Sergio Moure de Oteyza (A Coruña, 1969) é un dos afortunados exemplos de compositor que se transformou en guionista musical e, así, en cineasta. É un creador que atopou a sinerxía coa narración fílmica, a imbricación e imantación da súa música non só co visual senón especialmente co narrativo. Para lograr ese punto de conexión, hai que saber entender e tamén hai que saber renunciar: nada hai peor que un compositor que queira ante todo impoñer o seu discurso, á marxe das necesidades do filme, porque quen sae prexudicado é o propio filme e o compositor non se beneficia: este tipo de compositores –e está sobradamente demostrado– teñen moi pouco percorrido no cine.

O mellor de Sergio Moure é que o mellor nel está por vir. A súa aínda breve carreira no cine marca dúas traxectorias ben definidas. A primeira é que está sendo progresivamente menos ambientador e máis narrador; a segunda, que o grado de integración e imantación da súa música nas películas (que fai que estas estean máis e mellor explicadas) é cada vez maior. A súa música está deixando de selo para converterse en cine, e esa é a verdadeira clave que diferencia aos compositores que poñen música ás películas dos compositores de cine. E por isto, e como consecuencia, cada novo traballo seu espértame interese e ganas de decodificalo e desencriptalo.

Basta con comparar, por exemplo, o seu debut na longametraxe, *Inconscientes* (Joaquín Oristrell, 2004) cunha creación recente como *El cuerpo* (Oriol Paulo, 2012): hai un cambio espectacular, a mellor, onde se constata esa transformación de compositor a compositor de cine. Entre ambas, unha máis que interesante adaptación e axuste aos códigos narrativos do cine. Pola primeira foi nomeado ao premio Goya (visto coa perspectiva do tempo, é unha das súas creacións menos nomeables), e foi eficiente na recreación de ambientes de época (principios século XX) románticos e dramáticos, cunha banda sonora apoiada na forma dun suxerinte tema principal e en distintas melodías secundarias, con certo sentido do humor. Pero realmente pouco máis. En *El cuerpo*, hai moito, pero moio máis: un brillante tema inicial –tamén será o principal– da comezo a un notable, hábil e solidamente estruturado proceso destructivo no que a música imponse a ambientes, situacións e personaxes como

Conrado Xalabarder
Sergio Moure, guionista musical

unha entidade aparte, superior, contraria e poderosa, que existe non tanto para explicar como para obstaculizar, para facer moito máis difícil o devir dos personaxes. A música non está inserida tanto para definilos (nas súas emocións, sexan de angustia ou de fraxilidade), nin tampouco para dar mensaxes emotivas ao espectador, aínda que hai algo disto. Non se sitúa no nivel espacial das emocións (de personaxes ou espectadores, nin individualmente nin compartido) senón no da referencia: a música é unha sorte de personaxe con cuxa presencia ninguén contaba pero que aparece para dificultar, para frear, para facerse valer: fronte á debilidade dos personaxes, o muro indestructible dunha música dura, inflexible, enormemente libre e cruel, capacitada non só de impoñerse senón de expoñer (sempre, en contra dos personaxes, aos que atormenta), os seus puntos débiles e fraquezas. Bástalle para isto poñer en primeira liña elementos dramáticos sufridores, para recordar a aqueles a quen ataca que son débiles e para debilitalos aínda máis. E todo isto, cunha música altamente fiscalizada: un persistente, obsesivo, malvado e maldito motivo, diabólico e perversamente belo é o gran personaxe invisible que acaba por ser –nunha exquisita manobra narrativa– o máis tanxible e visible. Aquí o compositor é o gran canalla da película, o peor inimigo dos personaxes- de desenvolve este magnífico guión musical en base a música sempre sofisticada, que nunca rebaixa, facendo del un personaxe invisible que, a veces arrogantemente, escurece alá onde os personaxes –que non son precisamente sofisticadas– pretenden atopar luz. E para evidencialo inserta un tema fláccido, débil, insignificante (a piano) que pretende ser a referencia si emocional (melancólica, dorida), dos personaxes. Pero este tema non é máis que outra das trampas que utiliza a música para facer crer aquelo que finalmente non vai ser, e é que non hai escapatoria posible. Este apocalipse musicas aplícase de modo sutil, non evidente, porque é a música (e as músicas) que veñen da escuridade, física, emocional e psicolóxica.

Como poderá o lector comprobar, a literatura (non superflua) que xera unha e outra película é esa diferencia e esa evolución á que me refería. No primeiro caso, poderíamos estendernos falando da súa música: no segundo é moito máis interesante falar do seu cine. Entre un título e outro hai películas que teñen tamén interese. Como *Un buen hombre* (Juan Martínez Moreno, 2009), onde as melodías desenvólvense en dous niveis dramáticos que ocasionalmente se fusionan: por unha parte, un ton de pesar e aflicción, case mortuorio e moi dorido; por outro, un cariz moderadamente sórdido, opresivo, que polo seu carácter estático transfórmase en algo incómodo e desagradable, o que axuda a transmitir ao espectador o factor psicolóxico dos personaxes, sen visos de solución. A austera e introspectiva *Retornos* (Luís Avilés, 2010), que desenvolve mansamente nun moi delicado equilibrio entre a melancolía e a esperanza, ou o divertimento *Lobos de Arga* (Juan Martínez Moreno, 2011), onde aplica unha partitura que discorre en tres frontes definidos: música desenfadada para a comedia, temas de terror para o ambiente e melodías dramáticas para personaxes. Sobresae un notable tema principal acelerado e gótico do que saca bo proveito e que contrasta con elaborados temas para xerar un entorno de terror impostado, de aparencia seria e rigorosa e que funcionan como complemento do tema principal, ao que por comparación reforzan. Estes temas impóñense con contundencia ás músicas aplicadas para o dramático, que resultan practicamente esmagadas e, pola súa debilidade, carecen de entidade propia, pois esta non é a banda sonora da luz do día senón da escuridade da noite.

Outra banda sonora súa que xera literatura cinematográfica (este artigo no pretende facer un repaso completo á filmografía do compositor, pero este filme é importante) é a arxentina *Tesis sobre un homicidio* (Hernán A. Golfrid, 2013), onde Moure aplica unha música que recrea nunha primeira fase un ambiente turbio, de misterio, deliberadamente indefinido e que contribúe a xerar unha certa sensación de inquietude ante o inconcreto. Esta música paulatinamente vai deixando os espazos ambientais e centrándose en torno ao protagonista, a quen dalgunha maneira acosa e asfixia, para logo transformarse de modo sutil nunha música que cede parte do seu compoñente de misterio para gañar no obsesivo e desequilibrado e a imbricarse –non completamente– na mete do protagonista. A isto contribúen algúns elementos dramáticos –aflixidos, pero moderados– que explican as razóns do comportamento do protagonista, en tanto dalgunha maneira serven como referencia do dano ocasionado polo sospeitoso do crime, a quen o compositor habilmente deixa á marxe da súa consideración musical, dándolle así máis poder e astucia, en tanto a música debilita a quen lle persegue. É unha creación na que non hai moita marxe para á esperanza, que non xera boas expectativas de resolución, e que se mantén substancialmente estática, inflexible, calculadora e desalmada. É, dalgunha maneira, a música da derrota.

Con todo isto, é doado entender por que dixen que o mellor de Moure está por vir. Porque non se conformou co facto de poñer música e soubo atopar a senda que só percorren os que son guionistas cinematográficos, un camiño cheo de retos apaixonantes que a bo seguro saberá explorar e aproveitar. O cine agradecerallo.

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

EMMA LUSTRES
CONRADO XALABARDER
JUAN MARTÍNEZ MORENO



Juan Martínez Moreno

Guionista & Director de "Un buen hombre" e "Lobos de arga"

Coellos brancos

Isto do cine é como unha viaxe á aventura. Unha viaxe a un lugar marabilloso e estraño, onde pode que estiveras antes, pero cada vez que chegas é completamente distinto. Como nas viaxes, planificas todo con tempo suficiente, consideras tódolos inconvenientes e dificultades que poidan xurdir, preparas planes de continxencia para solucionalos. Pero sempre vai a pasar algo que non puideches anticipar, algo tan imposible que nin sequera se che pasou pola cabeza. Pode ser calquera cousa, dende unha tormenta torrencial no Sahara en verán ata un escorregón no cuarto de baño dun actor, dende unha folga aérea que bota por terra o teu plan de traballo ata unha roda pinchada do camión de cámara que che fai perder un día de rodaxe. Como nas viaxes, como nas aventuras, como na vida, é IMPOSIBLE predicir o que vai a ocorrer. Isto a veces é marabilloso, pero outras veces é unha pesadelo.

Pero si hai algo que podes facer, nas viaxes, na vida, e nesta aventura que é facer unha película. Algo que che garante que, a pesar dos inconvenientes, vas chegar a bo porto: elixir aos compañeiros de viaxe. Se o fas con tino, se elixes ao grupo perfecto de xente, xa sexan profesionais, amigos ou ambas cousas, sabes que xuntos poderedes facerlle un corte de mangas ás tormentas, ás duchas escorregadizas, aos avións, ás malas carreteiras. Ao destino, a fin de contas.

Sergio é o meu compañeiro de viaxe ideal, o meu "travelling buddy", como din os americanos.

Coñecémonos por primeira vez fai xa seis anos, cando estaba preparando a miña segunda longa, "Un buen hombre". Para ser sincero, oíra falar del, pero non coñecía o seu traballo, a pesar de ter sido nomeado a un Goya polo seu primeiro traballo para o cine, "Inconscientes". Teño que dicir (e Sergio o sabe ben) que eu podo ser un pesadelo para os compositores: dende pequeno sinto unha enorme fascinación pola música de cine, escóitoa constantemente, e créome un experto no tema (ja!).

Pero con Sergio din co zapato que lla fai: sabía tanto ou máis ca min de música de cine! Non falo de solfexo, ou de partituras, non, diso eu non teño nin idea. Sabía o que todo compositor de cine ten que saber: o efecto que debe producir a conxunción de música e imaxes. Isto, que parece tan obvio, non o é. Hai excelentes músicos e compositores que son capaces de crear un concerto de chelo memorable, pero que non teñen nin idea de cómo acompañar unha escena dramática, ou de terror.

Sergio é musico primeiro, si, pero cineasta inmediatamente despois. Dende o proceso de guión sabe perfectamente o ton da película, e o que pode achegar a ela. Traballa como unha besta, grava maquetas antes incluso de que pechara o casting da película, fala, pregunta, achega, empápase de todo...

E logo ven a maxia. Esa maxia que fai que as imaxes, que ti e un equipo de actores e técnico creáchedes loitando contra vento e marea, se convertan en cine. Porque Sergio é un mago. Non hai outra forma de describilo. Na súa chistera mete as imaxes, as conversacións que tivo sobre a historia, o seu inmenso talento, a súa impecable formación musical, e saca un marabilloso coello branco, unha partitura, a mellor partitura posible para a película. Iso, para min, é maxia.

E maxia é a súa versatilidade, a súa incrible capacidade para traballar en tódolos xéneros posibles, drama, comedia, terror, suspense... Sempre co mesmo resultado, un belísimo coello branco. Non pode haber dúas películas máis diferentes que "Un buen hombre" e "Lobos de Arga", as dúas que fixemos xuntos, e en ambas creou a banda sonora perfecta. E non falo só dos nosos traballos conxuntos, falo da xa nomeada "Inconscientes", de "Retornos", de "Todo é silencio", de "El Cuerpo", de "Tesis sobre un homicidio" e moitas máis. Películas moi distintas entre si, cunha soa cousa en común: a excelencia das súas músicas.

Facer unha película ten momentos incribles: o proceso de escritura, o traballo cos actores, a rodaxe, intensa e marabillosa, a colaboración co equipo técnico, a convivencia en exteriores, a montaxe... O meu favorito, sen dúbida, é o traballo con Sergio en postprodución. Ese período de tempo, poden ser cinco días ou poden ser vinte, no cal estamos os dous sos, no seu estudio, fronte a unha pantalla e un teclado, dando vida ao traballo de anos... Ese tempo é o mellor tempo do mundo, non só porque ves como a túa criatura cobra vida, senón por ter a posibilidade de ser testemuña dun mestre en acción.

Non sei cantas viaxes máis vou a emprender nesta marabillosa pero renqueante profesión que é o cine. O que si sé é que, sempre que el queira e poida (e cada vez está máis difícil, porque o tío non para), a primeira persoa á que avisarei para que vaia preparando a maleta, e meta dentro a chistera, será o mago galego. Será Sergio Moure.

Oxalá poidamos viaxar xuntos moitos anos.


PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

XOSÉ MANUEL OLVEIRA "PICO"
CARLOS TERUEL
PEPE ESTELLER
TUCHO LAGARES

OBITUARIO





PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

XOSÉ MANUEL OLVEIRA "PICO"
CARLOS TERUEL
PEPE ESTELLER
TUCHO LAGARES

Xosé Manuel Olveira "Pico"

Actor

Cóidate, Pico!

1955 (Muros) – 2013 (Santiago)

>

Carlos Gorostiza, autor do texto teatral "Aeroplanos", dicía que foi consciente realmente de que xa era maior cando un amigo que fora visitalo á súa casa, ao despedirse díxolle: *cóidate Carlos!*

Esta anécdota que nos foi relatada pola súa muller Teresa cando estreamos o espectáculo no Festival de Ribadavia de 2008, a Pico e a min sempre nos fixo moita graza e daquela entendemos porque os nosos personaxes Paco e Cristo, que tamén xa tiñan os seus anos, á hora de despedirse tamén exclamaban *cóidate!* O caso é que a partir daquela nós, tamén á hora de separarnos, sempre nos diciamos: *cóidate Pico!, cóidate Ernesto!*

Lembro perfectamente que a última vez que estiven a visitalo na súa casa, xa estando el enfermo, cando marchabamos aínda saíu el pola porta para dicirme: *cóidate Ernesto!*, e os dous esbozamos un sorriso de complicidade. E xa non o vin máis. Non te preocupes Pico, coidareime.

Coñecín a Pico no ano 1986. Chano Piñeiro chamara a Rosa (a Álvarez) para facer a protagonista feminina da mediometraxe "Esperanza" e o protagonista masculino era Pico. Eu tiña un pequeno papel. Coido que ningún dos dous o viramos antes, el fixera algunhas curtas tamén con Chano e participaba como actor no Grupo Ditea de Santiago, pero rapidamente apreciamos que nos atopabamos diante dun fora de serie. Iso nótase. Pouco máis tarde Xulio Lago estaba a facer o reparto para "A noite vai coma un río", de Álvaro Cunqueiro, para o Centro Dramático Galego, e polo visto faltáballe un actor para un personaxe. Rosa falou con Xulio e propúxolle que lle fixera unha proba a Pico, que traballara con el en "Esperanza" e que era moi bo, e que.... o caso é que Xulio fíxolle a proba e colleuno. E ese foi o seu primeiro traballo profesional en teatro. E xa non parou.

Teatro, moito teatro, series, tv movies, longametraxes, curtas... non hai pau que Pico non tocara. Foi un dos actores máis prolíferos deste país, todo o mundo quería contar con el, ás veces daba envexa. Máis dunha vez coincidimos nun casting para o mesmo papel (e iso que el era bastante máis novo) e en canto o vía alí eu pensaba: *xa a jodimos!* Sabía que o papel era para el. Pero nunca llo tiven en conta porque sabía que o merecía. Mellor el ca outro.

Coincidín con el profesionalmente en todos os medios: cine, teatro e televisión. E tiven o privilexio de compartir con el o derradeiro traballo que fixo, cando xa era coñecedor das malas noticias e sen embargo quixo facer o papel por riba de todo. Tratábase da película "O ouro do tempo" de Xabier Bermúdez. Hai poucos días presentámola no Festival de cine de Karlovy Vary. Eu non vira a película, alí vina por primeira vez e por última vez a Pico. Tiven que agarrarme á butaca.



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

XOSÉ MANUEL OLVEIRA "PICO"
CARLOS TERUEL
PEPE ESTELLER
TUCHO LAGARES

Xosé Manuel Olveira "Pico"
Cóidate, Pico!

Nunca tivemos o máis mínimo problema. Quen tiña problemas con Pico? Gustaríame facer unha enquisa cunha única pregunta: "É vostede, ou foi, inimigo de Pico?" Nin unha soa resposta afirmativa. Seguro. El só tiña amigos e era amigo de todo o mundo. Levábase ben con todos: actores, directores, escenógrafos, figurinistas, técnicos, maquilladoras, produtores de cine e televisión (que xa é dicir!), programadores....

Cal era o seu segredo? Que o facía tan bo actor e tan boa persoa? Nunca estudara arte dramática (que eu saiba) máis alá dos cursos aos que esporadicamente asistíamos, pero coñecía ben ao ser humano, as súas debilidades, as súas fraquezas e tamén as súas grandezas, por iso era capaz de interpretar calquera personaxe coa mestría que sempre demostrou. Daba igual que fora un personaxe de labrego, de artesán, de avogado, de anticuario ou de cura (cantos curas fixo?), el sempre os facía cribles, seres de carne e óso. Eu sempre pensei que os grandes actores, os grandes grandes, inevitablemente teñen que ser boas persoas, porque se necesita ser boa persoa para entregarse ao público sen reservas, para ser xeneroso en escena co compañeiro, para ser sempre amable cos espectadores que che veñen pedir un autógrafo no momento máis inadecuado. Soamente os mediocres son fatuos e vaidosos. Soamente os grandes son limpos, humildes e sinxelos. Coma Pico.

Cal foi o momento de máxima conexión, profesionalmente falando, entre Pico e máis eu? "AEROPLANOS", sen dúbida algunha. Que parella de dous! Que dous anos de xira tan *caralludos!* Que 75 funcións de celebración! (agora a nosa Consellería encárgase de que non cheguemos ás 7). Porque aquilo era unha celebración, traballando os dous no escenario sen ningún tipo de reservas, un para outro, sen protagonismos, mirando só polo ben do espectáculo, e aínda por riba o espectáculo gustaba!


Nas roldas de prensa anteriores ás representacións eu sempre dicía (o que non o crea pode tirar de hemeroteca) que tiña a honra de compartir cartel co mellor actor de teatro de Galicia, e logo Pico dicíame: Ernesto, pásaste! Pero non, non me pasaba. Tamén hai outros moi bos, que non se me *mosquee* ninguén, pero Pico era o mestre. O mestre de Esteiro, antigo cantante de orquestra. Sería na orquestra onde adquiriu tanta sabedoría?

Na última escena de "Aeroplanos" Paco (o personaxe de Pico) estaba á espera do diagnóstico, presumiblemente fatal, da súa enfermidade. O final decide ráchalo e queimalo sen mirar ou seu contido e emprender unha viaxe en "aeroplano" recorrendo Europa, ata onde os cartos cheguen, xunto co seu amigo Cristo (eu), amigo de toda a vida e da alma. Pois iso, eu creo que Pico non nos deixou, que anda por aí arriba dando voltas en aeroplano ata que canse, se maree ou teña ganas de volver ao Salón Teatro, ou a un plató, ou se lle acabe o diñeiro. Pero mentres tanto eu, por se acaso, cando vexo pasar por riba da miña casa de Ponteulla os avións que van e veñen de Lavacolla, miro para o ceo e digo: PICO, CÓIDATE!

Isa e Pablo, estou aquí.
Quérovos.

Ernesto Chao
Actor





PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

XOSÉ MANUEL OLVEIRA "PICO"
CARLOS TERUEL
PEPE ESTELLER
TUCHO LAGARES

Carlos Teruel Aragonés

Servizo de Emisión de TVG

1947 (Barcelona) – 2012 (Santiago)

O pasado 15 de novembro falecía Carlos Teruel Aragonés, profesional da Televisión de Galicia, e vinculado desde os primeiros pasos a esta televisión, e as distintas épocas e etapas do ente público galego.

Carlos Teruel exerceu como Director Comercial na CRTVG, buscando sempre o equilibrio perfecto entre as necesidades e intereses do cliente e as de TVG.

Durante un tempo Carlos Teruel decidiu sumarse á creación en Galicia da rede de emisoras galegas da cadea Radio España, poñendo en marcha o departamento comercial e publicitario dunha cadea que, malia contar cuns recursos moi limitados, en poucos meses conseguiu facerse un oco en Galicia entre as grandes firmas de anunciantes dos sectores máis dinámicos da sociedade.

Xa na súa última etapa profesional, antes da súa xubilación, regresou á TVG para incorporarse ao Servizo de Emisións, onde afrontou o seu último reto profesional.

A súa calidade humana, don de xentes, afabilidade e capacidade de negociación, foron unha constante persoal que transmitía de xeito permanente.

Moncho Lemos
Comentarista de TVG e RG



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

XOSÉ MANUEL OLVEIRA "PICO"
CARLOS TERUEL
PEPE ESTELLER
TUCHO LAGARES

José Luis Fernández Esteller

1949 (A Coruña) – 2013 (Santiago)

Cámara de TVG, fotógrafo, viaxeiro incansable e solidario
Premio Galicia de Comunicación 2002

Hay personas a las que enterramos en la tierra,
pero las hay especialmente queridas que tienen nuestro corazón como mortaja.
Su recuerdo se mezcla cada día con nuestras palpitaciones;
pensamos en ellas lo mismo que respiramos,
están dentro de nosotros por una dulce ley de la trasmigración
de las almas propia del amor. Un alma mora en mi alma.
Balzac, *El lirio en el Valle*

Pepe Esteller, viaxeiro, bo e xeneroso


Hai días que tocan risas e días que tocan penas. Apenas mediado este ano 2013, xa son demasiados os días negros que imos sumando: as ausencias de Pepe Posada, *Geluco*, a traxedia do tren en Santiago, e outras mortes achegadas que nos recordan a cada momento que estamos aquí de paso para irnos sen cita previa. Durante algunhas semanas de marzo, un compañeiro de traballo desgarrábase na UCI loitando a morte pola vida. Os amigos contivemos a respiración agarrados, coma el, á esperanza; pero perdemos xuntos a derradeira batalla. O 29 de marzo de 2013 faleceu en Compostela o noso amigo Esteller.

Pepe Esteller: magnífico fotógrafo e cámara de Televisión de Galicia; tras curtirse no Arquivo da Imaxe, con Enrique Banet, foi dos operadores pioneiros en San Marcos e contribuíu a "inventar" unha TVG chea de posibilidades e ilusións. En 1990, o entón director xeral Ramón Villot propúxoo, xunto con Pepe Fortuny, para a serie *Os Viaxeiros da Luz*. Foi un mes intenso de rodaxe por toda Galicia, no que cada día aprendemos algo-moito de Esteller, da súa serenidade, da súa paciencia, do seu consello, do seu exquisito gusto profesional, da súa dignidade e orgullo polo plano ben feito, polo detalle coidado, sempre minucioso na técnica, que dominaba; sempre inesgotable a súa vocación e o seu sorriso.

Un mes traballando xuntos e trinta anos de amizade compartida que foi crecendo, cada día máis próxima, entrañable. *Os Viaxeiros da luz* reunímonos un par de veces ó ano, formamos unha pequena familia, moi unida: este outono será a primeira vez sen Esteller, pero estará presente en cada momento. O último encontro, apenas quince días antes de entrar no hospital, reunirámonos na súa casa de Touro: vital e feliz, moi abrigado, iso si, demos un longo paseo polo campo, compartimos un "botillo" do Bierzo, revisamos fotos e gozamos da súa compaña e a de Paz, ata que o solpor debuxou en negro a silueta do Pico Sacro.

Traballo solidario

Corazón sensible e solidario, Esteller colaborou intensamente con ONGs envorcadas na loita contra a fame ou a guerra.



PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

XOSÉ MANUEL OLVEIRA "PICO"
CARLOS TERUEL
PEPE ESTELLER
TUCHO LAGARES

Pepe Esteller, viaxeiro, bo e xeneroso

Viaxou por África, onde coñeceu a gran fame etíope, os conflitos xerados polos diamantes de sangue en Serra Leona, os mutilados de Somalia a causa das minas anti persoa; durmiu no deserto do Teneré ó abeiro dun ceo estrelado, fin de etapa e descanso obrigatorio para chegar ó oasis de Bilma (Níxer).

Coñeceu en Latinoamérica o illamento dos Andes peruanos e bolivianos, as necesidades dos indíxenas da Selva Amazónica de Ecuador, unha Nicaragua empobrecida e masacrada pola guerra, as consecuencias do furacán *Mitch* en Guatemala, o conflito armado de Colombia, país no que as pobres pero amables xentes de Cantaclaro (Montería) lle puxeron o seu nome a unha pasarela de madeira. E alí permanece incólume, a *puente Pepe Esteller*, despois de que estivera moito tempo a carón da *puente de Santiago*, da *puente A Coruña* e, incluso, da *puente Fraga,* que presidía a Xunta cando este proxecto de saneamento de Acción Contra a Fame se levou a cabo en Colombia con financiamento galego.

Tamén viaxou á pobreza europea do ano 1998 en Armenia e Xeorxia. E, a pesar da acritude e dureza destas experiencias, non puido soportar a crueldade da guerra entre israelís e palestinos. O seu traballo aquí foille recoñecido co *Premio Galicia de Comunicación 2002* (compartido co equipo de enviados especiais de TVG: Xosé Antón García Ferreiro, Ana Expósito, Laureano Martínez Cancelo e José Carlos Purriños Varela).

No entanto, froito da casualidade ou do destino, despois desta viaxe a súa saúde xa nunca sería a mesma. Esta foi unha das últimas viaxes nas que utilizou a súa cámara como reporteiro gráfico para facer unha das tarefas que máis o reconfortaban: denunciar a inxustiza. Sempre buscaba a oportunidade para iso e sempre pensou que así contribuía a crear un mundo mellor, mantendo a esperanza de que algún día cambiaría. Marchou sen conseguilo, pero o seu traballo, a súa forza e a súa alegría deixan unha pegada imborrable en nós.

Pepe Esteller levaba unha década loitando contra a enfermidade, desafiuzado polos médicos: "Tempo de regalo", dicía el. Nunca lle oímos queixarse: desbordaba bo humor e alegría, ganas de vivir. Era admirable a intensidade coa que apreciaba cada momento, un atardecer, unha estrela, unha cuncha na praia. A súa compañeira, Paz Gutiérrez Abella, tamén *viaxeira,* transmitiunos a súa derradeira mensaxe: "-Non choredes, despedídeme cun sorriso".

Será difícil, pero intentarémolo. Querido Pepe Esteller, onde queira que esteas: grazas pola túa lección vital, polo teu exemplo sinxelo e humano, pola túa bondade e alegría; pola túa confianza desde o primeiro día que nos coñecemos, embarcándote sen dubidalo na rodaxe de *Viaxeiros*; grazas por ser o profesor de fotografía de Sandra e o cómplice de Alicia; a testemuña gráfica de todos estes anos en común.

Déixasnos o exemplo das túas ganas de vivir e milleiros de imaxes inesquecibles en fotos e vídeo, e en cada unha a túa inmensa humanidade e o teu sorriso xeneroso. Botarémoste de menos. Ah, esperamos que non te esqueceras o limpador de obxectivos, pois valo necesitar para enviarnos as túas fotos desde o outro lado do espello.

Valentín Carrera, **Anxo Cabada**, **Paulino Novo**, **Xosé Carlos López Corral** e toda a súa familia de *Os Viaxeiros da Luz*





PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL


XULLO 2012 / XUÑO 2013

A ACADEMIA
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCIÓNS
FESTIVAIS
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
OBITUARIO

XOSÉ MANUEL OLVEIRA "PICO"
CARLOS TERUEL
PEPE ESTELLER
TUCHO LAGARES

Tucho Lagares
Actor

Paróuseme o motor
1949 (A Coruña) – 2013 (A Coruña)



>

Paróuseme o motor. Ata aquí cheguei José Antonio. As palabras que me dixera Tucho, aínda resoan na miña cabeza. Antonio Lagares, Tucho para todos os amigos, sabía cando un automóbil xa non daba máis de si. Porque levaba toda unha vida dedicado a viaxante de alta reloxería por todas as estradas de Galicia.

Amante do cine, que agora chamamos clásico, gustáballe a bonhomía que transmitía Spencer Tracy, pero, polo seu característico rostro, quedaba condicionado aos personaxes que lle daban a interpretar. O seu contacto sobre un escenario foi na primeira zarzuela escrita e cantada en galego, "A represa e o río", onde interpretaba a un típico taberneiro de aldea. Os seguintes traballos teatrais foron "O medico a paos", "Casamento á forza" e "O autentico oeste", onde nos amosaba a súa incontestable comicidade.

Non procedía Tucho de ningunha escola de interpretación nin, moito menos, era actor do método, o seu coñecemento interpretativo procedía da vida. Da xente que coñecía e xiraba ao seu redor. Precisaba falar con todos eles para chegar a recoñecer e interiorizar os personaxes a interpretar. Só falando e escoitando coñeceremos as persoas, dicía. E falaba, falaba moito, para coñecer e tamén para que o coñeceran.

E, de feito, foi moi recoñecido pola Galicia rural cando fixo a publicidade do insecticida para eliminar as ratas no agro. As casas de comida das aldeas e vilas rifábanse por ofrecerlle os mellores pratos. Ves?, dicíalle á súa dona, a tamén actriz Fely Manzano, moito mellor comer estes guisotes que os teus pratos combinados. Fely era, daquela, actriz da lonxeva serie galega "Pratos combinados", e replicáballe ao seu home que tivese coidado que ao mellor o "nin rata nin rato" que el dicía no spot publicitario, podía estar dentro do guiso que comía. Os piques dunha parella artística e matrimonial que xa non se poderán repetir.

Creo que Tucho foi dos últimos homes que, polo seu traballo de viaxante, presumían de coñecer onde daban unha boa comida caseira, e en que local se podía cantar cunha cunca de viño na man. Era un entendido en viños e recordo unha anécdota que transcorreu durante unha comida na rodaxe de "A lingua das bolboretas". Falaba Tucho, vehemente, con Fernando Fernán Gomez, sobre viños, achegando cada un os seus coñecementos sobre o caldo que bebían. Tucho en contra e Fernando a favor. Tan diferentes eran as súas conclusións que decidiron probar o viño de cada un. E, unha vez catado, comprobaron que os actores secundarios non bebían do mesmo viño que o actor principal, entón, ergueuse da cadeira Fernán Gomez e, coa súa voz característica, ordenou que lle servisen ao seu amigo Tucho o mesmo viño do que lle deran a el.

Tucho Lagares
Paróuseme o motor

Durante a rodaxe por terras de Silleda de "A lei da fronteira", os bodegueiros, coñecedores dos seus gustos, regaláranlle unha botella especial de augardente de herbas que el levou coma un trofeo á súa dona. Sempre tiña presente, e ao seu carón, á súa querida Fely.

Participou en longametraxes moi dispares como "Nena" ou "Lolita`s Club" e tamén no nacemento do novo cine galego con "Urxa".

Pero en todos indagaba, preguntaba, falaba para reflectir o mellor que podía a verdade do personaxe a interpretar. No documental de ficción "Causa 1021" levou ao guionista a tomar un viño para que lle achegase datos sobre o alcalde que tiña que interpretar. Quería saber como fora aquel home, para reflectir o seu estado de ánimo ao recibir a sentencia de morte ante o xurado militar que o condenaba, aínda que só sería unha toma de segundos.

"Mareas vivas", "Terra de Miranda", "As leis de Celavella", "Rias baixas", foron series da televisión autonómica galega que tiveron a súa presenza.

A súa gran inquietude cultural levouno a ser elixido, durante cinco anos, presidente do Liceo de Monelos; dinamizando así a cultura no populoso barrio coruñés, onde residía, nos duros anos do noso pasado recente. Por todas aquelas loitas que tivo que padecer, co sistema imperante, para as distintas actividades a desenvolver no Liceo, agradoulle traballar no "Lapis do carpinteiro". Pagaría por participar nesa peli, dicíame.

Gustáballe moito cantar, a ópera era a súa debilidade, e formaba parte de distintos coros da cidade coruñesa, por iso non dubidou en traballar no elenco da zarzuela "La corte del Faraón". O seu carácter bondadoso tivo recompensa cando o equipo técnico e artístico ao completo, incluída a orquestra, entregáronlle, sorpresivamente, un obsequio por ser o Faraon máis entrañable. El, chiscando o ollo, dicíame con picardía, Encántame que as odaliscas me leven en andas.

Mentres, proseguía a traballar no seu medio favorito, o audiovisual. "O trasto", "Rosas", "Jalisco", formaron parte da súa natural interpretación.

Ao igual que "La sangre del enemigo", rodada no Castelo de San Antón, na cidade da Coruña, onde compartía secuencias con varios rapaciños aos que lle gustaba asustar, acochado, polos recunchos do antigo penal, para logo rematar xogando con eles á pelota.

Unha das causas da avaría do seu motor, foi o seu tabaco preferido, Camel sen filtro, que fumaba a esgalla. Non quero deixalo, dicía, agora xa non quero. Polos anos que levaba conducindo polas estradas de Galicia tiña fobia a viaxar por outros medios, pero non tivo máis remedio que subir a un avión para a rodaxe de "Os lobos de Arga". Os nervios non o deixaban tranquilo, e non pasaban minutos sen que lle preguntase á azafata se faltaba moito para a chegada ao destino. Nunha desas, inquiriulle que precisaba fumar, que a azafata tiña que deixalo, si ou si, aínda que só fose no escusado, que non se notaría o fume, que el abriría un pouco a ventá para que ventilase. As cousas de Tucho.

De todas as interpretacións que realizou, Tucho só destacaba unha, "As muxícas". Sabes o porque, preguntábame. Eu respondíalle, si Tucho, sei o porque. Porque traballaba coa súa idolatrada dona. Por esas cousas estrañas que se teñen dado, foran contratados por separado, sen que ningún deles soubera do contrato do outro. Nin sequera a produtora coñecía que estaban casados. A sorpresa foi maiúscula cando todos o descubriron. Formaron



un dúo interpretativo cunha alta intensidade dramática, que foi recoñecida con varios premios.

É o de menos, o caso é que traballo con Fely.

José Antonio, ata aquí cheguei. Paróuseme o motor.

José Antonio Jiménez
Director e Actor

PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

25 de setembro de 1921,
inaugúrase o cine
"La Torre" de Padrón

ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL